PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 210
14 de novembro de 2017

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa
1.1.2. Propostas de normas
1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei
1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018

Grupo I. Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1 (núm. de rexistro 19892) do G. P. de En Marea. 62111
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19918) do G. P. dos Socialistas. 62142
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19938) do G. P. do BNG. 62148

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19937) 62154
—Núm. 20 (núm. de rexistro 19984) 62156
—Núm. 19 (núm. de rexistro 19983) 62158

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19920) 62162

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19940) 62165
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19939) 62167

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19941) 62169
—Núm. 15 (núm. de rexistro 19979) 62174
—Núm. 13 (núm. de rexistro 19977) 62176
—Núm. 28 (núm. de rexistro 19992) 62178

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19921) 62180

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19942) 62183

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda.

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19944) 62186
—Núm. 21 (núm. de rexistro 19985) 62188

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19922) 62191

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19943) 62193

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19948) 62199
—Núm. 18 (núm. de rexistro 19982) 62201

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19923) 62203

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 19945) 62206

SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 19951) 62208
—Núm. 12 (núm. de rexistro 19976) 62211

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 19924) 62213

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19946) 62216

SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19954) 62218
—Núm. 14 (núm. de rexistro 19978) 62226

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19925) 62228

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19947) 62232

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19956) 62237
—Núm. 30 (núm. de rexistro 19994 e corrección de erros no doc. núm. 20004) 62240
—Núm. 16 (núm. de rexistro 19980) 62245
—Núm. 31 (núm. de rexistro 19995) 62248

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19926) 62251

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19949) 62255

SECCIÓN 11 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19957) 62258
—Núm. 25 (núm. de rexistro 19989) 62261
—Núm. 24 (núm. de rexistro 19988) 62265
—Núm. 23 (núm. de rexistro 19987) 62267
—Núm. 26 (núm. de rexistro 19990) 62269

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19927) 62271

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19950) 62274

SECCIÓN 12 Consellería de Política Social

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19958) 62277
—Núm. 22 (núm. de rexistro 19986) 62281

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19928) 62284

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19952) 62287

SECCIÓN 13 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19959) 62290
—Núm. 17 (núm. de rexistro 19981) 62293
—Núm. 29 (núm. de rexistro 19993) 62295

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19929) 62297

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19953) 62299

SECCIÓN 14 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19961) 62304
—Núm. 27 (núm. de rexistro 19991) 62307
—Núm. 33 (núm. de rexistro 19997) 62310

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19930) 62312

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 12 (núm. de rexistro 19955) 62314

SECCIÓN 20 Consello Consultivo de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 32 (núm. de rexistro 19996) 62317

Grupo II. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. de En Marea
—Número 1 (núm. de rexistro 19936, primeira parte do documento) 62319

B) Emendas do G. P. dos Socialistas
—Número 1 (núm. de rexistro 19919 e corrección de erros no doc. núm. 20082). 62358

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
—Números 37 e 38 (núm. de rexistro 20000) 62385

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións
2.1. Observacións

2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios

A) Emendas do G. P. de En Marea
A1) Número 1 (núm. de rexistro 19936, segunda parte do documento) 62319
A2) Observacións

B) Emendas do G. P. dos Socialistas
B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 19919) 62358
B2) Observacións

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
C.1) Números 1 a 36 (núm. de rexistro 20000) 62385
C.2) Observacións

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 13 de novembro de 2017, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018, que rematou ás 18.30 horas do 8 de novembro de 2017 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. de En Marea

Documentos cos números de rexistro: 19892, 19937, 19941, 19944 (corrección de erros no doc. núm. 20004), 19948, 19951, 19954, 19956, 19957, 19958, 19959, 19961, 19976, 19977, 19978, 19979, 19980, 19981, 19982, 19983, 19984, 19985, 19986, 19987, 19988, 19989, 19990, 19991, 19992, 19993, 19994, 19995, 19996, 19997 e 19936.

b) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia

Documentos cos números de rexistro: 19918, 19920, 19921, 19922, 19923, 19924, 19925, 19926, 19927, 19928, 19929, 19930 e 19919 (corrección de erros no doc. núm. 20082).

c) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Documentos cos números de rexistro: 19938, 19939, 19940, 19942, 19943, 19945, 19946, 19947, 19949, 19950, 19952, 19953, 19955 e 20000.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018.

2º. Clasificalas nos grupos que a seguir se indican e ordenalas mediante a asignación dunha numeración correlativa para cada tipo de emenda para facilitar a súa identificación, sen que esa numeración cuantifique necesariamente o número de emendas presentadas.

3º. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

—Núm. 1 (núm. de rexistro 19892) do G. P. de En Marea.
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19918) do G. P. dos Socialistas.
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19938) do G. P. do BNG.

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

SECCIÓN 04 Presidencia da Xunta de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19937) do G. P. En Marea á sección,
—Núm. 20 (núm. de rexistro 19984) do G. P. En Marea á CRTVG.
—Núm. 19 (núm. de rexistro 19983) do G. P. En Marea á Fundación Deporte Galego.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19920) do G. P. dos Socialistas á sección, á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, á Axencia de Turismo de Galicia e a CRTVG.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19940) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
—Núm. 1 (núm. de rexistro 19939) do G. P. do BNG á CRTVG.

SECCIÓN 05 Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19941) do G. P. En Marea á sección.
—Núm. 15 (núm. de rexistro 19979) do G. P. En Marea á Fundación Galicia Europa.
—Núm. 13 (núm. de rexistro 19977) do G. P. En Marea á Escola Galega de Administración Pública.
—Núm. 28 (núm. de rexistro 19992) do G. P. En Marea á Axencia Galega de Emerxencias.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 2 (núm. de rexistro 19921) do G. P. dos Socialistas á sección e á Axencia Galega de Emerxencias.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19942) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 06 Consellería de Facenda.

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19944) do G. P. En Marea á sección e ás axencias públicas e aos organismos autónomos dependentes dela.
—Núm. 21 (núm. de rexistro 19985) do G. P. En Marea ao Consello Económico e Social de Galicia.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 3 (núm. de rexistro 19922) do G. P. dos Socialistas á sección, á Axencia Tributaria de Galicia e ao CIXTEC.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19943) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 07 Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19948) do G. P. En Marea á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
—Núm. 18 (núm. de rexistro 19982) do G. P. En Marea a Augas de Galicia.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 4 (núm. de rexistro 19923) do G. P. dos Socialistas á sección, a Augas de Galicia e á SOGAMA, S.A.
C) Emendas do G. P. do BNG:

—Núm. 5 (núm. de rexistro 19945) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 19951) do G. P. En Marea á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.
—Núm. 12 (núm. de rexistro 19976) do G. P. En Marea ao Instituto Galego da Vivenda e Solo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 5 (núm. de rexistro 19924) do G. P. dos Socialistas á sección, a XESTUR, S.A. e á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19946) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 09 Consellería de Economía, Emprego e Industria

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19954) do G. P. En Marea á sección,
—Núm. 14 (núm. de rexistro 19978) do G. P. En Marea ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 6 (núm. de rexistro 19925) do G. P. dos Socialistas á sección, ao Instituto Galego de Promoción Económica, ao Instituto Enerxético de Galicia e á Axencia Galega de Innovación.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19947) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 10 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19956) do G. P. En Marea á sección,
—Núm. 30 (núm. de rexistro 19994 e corrección de erros no doc. núm. 20004) do G. P. En Marea á Fundación Pública Cidade da Cultura.
—Núm. 16 (núm. de rexistro 19980) do G. P. En Marea á Fundación Camilo José Cela.
—Núm. 31 (núm. de rexistro 19995) do G. P. En Marea á Axencia Galega de Industrias Culturais. A referencia ao rexeitamento do orzamento da Sección 10, debe entenderse ao orzamento dá Axencia Galega de Industrias Culturais.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 7 (núm. de rexistro 19926) do G. P. dos Socialistas á sección.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19949) do G. P. do BNG á sección.

SECCIÓN 11 Consellería de Sanidade

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19957) do G. P. En Marea á sección, ao Servizo Galego de Saúde e a Galaria, S.A.
—Núm. 25 (núm. de rexistro 19989) do G. P. En Marea ao Servizo Galego de Saúde.
—Núm. 24 (núm. de rexistro 19988) do G. P. En Marea a Galaria, S.A.
—Núm. 23 (núm. de rexistro 19987) do G. P. En Marea á Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento.
—Núm. 26 (núm. de rexistro 19990) do G. P. En Marea á Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 8 (núm. de rexistro 19927) do G. P. dos Socialistas á sección e ao SERGAS.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19950) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 12 Consellería de Política Social

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19958) do G. P. En Marea á sección
—Núm. 22 (núm. de rexistro 19986) do G. P. En Marea ao Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 9 (núm. de rexistro 19928) do G. P. dos Socialistas á sección, á Axencia Galega de Servizos Sociais e ao Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19952) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 13 Consellería do Medio Rural

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19959) do G. P. En Marea á sección,
—Núm. 17 (núm. de rexistro 19981) do G. P. En Marea ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria.
—Núm. 29 (núm. de rexistro 19993) do G. P. En Marea á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 10 (núm. de rexistro 19929) do G. P. dos Socialistas á sección, ao Fondo Galego de Garantía Agraria e á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19953) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 14 Consellería do Mar

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19961) do G. P. de En Marea á sección.
—Núm. 27 (núm. de rexistro 19991) do G. P. de En Marea a Portos de Galicia.
—Núm. 33 (núm. de rexistro 19997) do G. P. de En Marea ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas:
—Núm. 11 (núm. de rexistro 19930) do G. P. dos Socialistas á sección e a Portos de Galicia.

C) Emendas do G. P. do BNG:
—Núm. 12 (núm. de rexistro 19955) do G. P. do BNG á sección e ás entidades públicas instrumentais dependentes dela.

SECCIÓN 20 Consello Consultivo de Galicia

A) Emendas do G. P. de En Marea:
—Núm. 32 (núm. de rexistro 19996) do G. P. de En Marea ao Consello Consultivo de Galicia.

Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. de En Marea

—Número 1 (núm. de rexistro 19936, primeira parte do documento) do G. P. de En Marea, que incrementa os gastos por operacións non financeiras en 500 millóns de euros nas actuacións identificadas nas aplicacións sinaladas nela. O maior gasto finánciase cun incremento dos recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e coa minoración selectiva de determinados beneficios fiscais. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

—Número 1 (núm. de rexistro 19919 e corrección de erros no doc. núm. 20082) do G. P. dos Socialistas, que prevé un incremento dos orzamentos consolidados ata a cantidade de 11.053.053.161 euros.

O maior gasto finánciase cunha redución de determinados gastos, coa modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, co reforzamento da inspección fiscal e cunha mellora na xestión tributaria. De aceptarse, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

—Números 37 e 38 (núm. de rexistro 20000) do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, que incrementan os gastos en 135 millóns de euros.

O aumento do gastos nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos e coa supresión de beneficios fiscais. De aceptárense, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións
2.1. Observacións

Hai emendas que reducen o importe dos créditos destinados a ser transferidos para financiar, con cargo aos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» do orzamento de gastos da sección correspondente ou do orzamento de gastos dunha entidade pública instrumental con orzamento administrativo (organismos autónomos e axencias públicas autonómicas), operacións correntes e de capital doutras entidades instrumentais que dependen da sección ou reciben fondos da entidade pública instrumental, concretamente entidades públicas instrumentais con orzamentos de explotación e de capital (entidades públicas empresariais, sociedades públicas mercantís e fundacións do sector público autonómico). Pero esas emendas non rebaixan os orzamentos de gastos das entidades instrumentais con orzamento limitativo nin os importes das contas correspondentes dos estados financeiros das que teñen orzamentos estimativos, afectados pola redución. Malia que estas operacións contables deberían facerse na propia emenda ou, no seu defecto, a través dunha emenda complementaria á principal, tendo en conta os precedentes, non existe atranco formal para admitilas a trámite, aínda que no caso de seren aceptadas sería necesario facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das seccións e das entidades instrumentais con orzamento administrativo (concreción das aplicacións cuxos créditos habería que reducir) e tamén na contabilidade financeira (previsión de balance, previsión de conta de perdas e ganancias ou da conta do resultado económico-patrimonial e previsión de fluxos de efectivo) das entidades instrumentais con orzamentos de explotación e de capital para posibilitar o desenvolvemento da actividade da entidade afectada e evitar un resultado do exercicio que podería incidir negativamente no seu patrimonio neto coas consecuencias que a lexislación establece.

2.2. Relación de emendas transversais presentadas polos grupos parlamentarios

A) Emendas do G. P. de En Marea

A1) Número 1 (núm. de rexistro 19936, segunda parte do documento) que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

A2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: 04.10.571A.73200, 04.A2.761A.44111, 10.20.432B.4315, 10.20.432B.4321 e 10.20.432B.74315.

B) Emendas do G. P. dos Socialistas

B1) Núm. 1 (núm. de rexistro 19919) do G. P. dos Socialistas, que transfire crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II.

B2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes, que figuran na alínea 5, «Movementos concretos de partidas orzamentarias» 11.80.412A.44115,

13.03.713C.44113, 04.20.461B.74119, 10.20.432B.44321, 14.01.513A.74002, 05.26.111E.44302, 07.01.542A.74001 e 10.20.432B.44315.

C) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

C.1) Números 1 a 36 (núm. de rexistro 20000) que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

C.2) As observacións efectuadas no punto 2.1. poderían afectar as aplicacións seguintes: na emenda 1, as partidas 04.A1.571A.73200, 07.01.542A.74001, 08.01.451A.73005, 09.20.732A.43216, 09.20.732A.73216, 09.20.733A.74315, na emenda 4, a partida 14.01.513A.74002 e na emenda 33, a partida 08.01.512B.73204.

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2017
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

en marea
enmarea.gal

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, coa expresa petición de Devolución, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** en virtude das seguintes consideracións:

1.- O Contexto económico e social dos orzamentos 2018

A economía crece a pesar da política económica da Xunta

O discurso do goberno gabase de que a actual fase alcista do ciclo económico é grazas á súa política é radicalmente falso. Non é certo que a volta a taxas positivas de variación do PIB se deba á política económica aplicada polo PP. É todo o contrario: do que si é responsable a política neoliberal de recortes no gasto público e devaluación salarial é de que a crise fora tan longa e tivera efectos tan duros.

Que a economía medre é o comportamento habitual: é o que sucedeu en 45 dos 48 anos que van dende 1961 a 2008, período no que Galicia tivo un crecemento medio anual do 3%. Porén, a economía galega estivo en recesión en cinco dos sete anos do Goberno Feijóo: é o período recesivo máis longo dende que existen estatísticas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Nos últimos 50 anos da economía galega nunca se dera tal situación. Nos tres ciclos recesivos que sucederon neste tempo (en 1976, en 1981 e 1993), ningún chegou a durar dous anos: non existen nas estatísticas dous exercicios seguidos con caídas do PIB.

Como aconteceu nos últimos 60 anos das economías española e galega ou como demostra o que sucedeu nos EUA ou no Reino Unido, a recesión non debería estenderse máis alá dos 18 meses. Foi a política económica imposta pola Troika e aplicada con especial dureza pola dereita en España e en Galicia a que prolongou innecesariamente o sufrimento da maioría social.

Polo tanto, o que precisa dunha explicación non e a saída da recesión, que esta na lóxica do ciclo económico do capitalismo, senón porque durou tanto, ata converterse no ciclo recesivo máis longo dende que existen estatísticas, especialmente se temos en conta que en outros lugares a "gran recesión" de 2009 rematou en 2010, catro anos antes que aquí.

A explicación está na política económica que se aplicou na UE, en especial nos países do sur de Europa: unha política monetaria e fiscal contractivas acompañadas dunha devaluación salarial que deprimiron a demanda interna levando a economía a recaer na segunda recesión, a de 2011.

A xestión da Troika, do Goberno central e da Xunta de Feijóo prolongou de xeito innecesario a crise e inflixiu unha enorme dor e un retroceso de décadas nas condicións de vida e traballo da maioría social. Foi algo premeditado: só cunha crise suficientemente dura era posible impoñer un retroceso no estado do benestar como o que se produciu.

Xa temos o mesmo nivel de PIB pero a maioría social vive peor

A economía galega iniciou en 2014 unha fase alcista do ciclo que se expresa en incrementos do PIB do 3%, o que supón volver a taxa de crecemento habitual dos últimos 50 anos da nosa historia. Levounos case dez anos recuperar a normalidade por culpa da política económica e laboral aplicada polos diferentes gobernos.

Esta fase alcista do ciclo iniciada en 2014, que non é exclusiva nosa senón que a compartimos co resto do estado e mesmo da Unión Europea, vai levar a que case dez anos despois o PIB supere o valor previo a recesión. De esa forma Galicia acadará en 2018 o nivel de produción de bens e servizos mais alto da súa historia.

Por iso, o debate sobre os orzamentos que presenta a Xunta de Galicia para o exercicio 2018 debería servir para respostar a unha cuestión fundamental: por que si xa temos o mesmo nivel de riqueza que antes de caer na recesión temos que vivir peor?

Máis en concreto, por que se o nivel de PIB de 2018 vai ser o máis alto da nosa historia, as condicións de vida e de traballo da inmensa maioría social son significativamente peores que en 2008?

E máis concreto aínda, porque co mesmo nivel de PIB o orzamento de 2018 é un 23% inferior en termos reais ao que había antes da recesión?

No discurso oficial fálase de variables macroeconómicas, como o PIB ou as exportacións, pero de forma premeditada elúdese falar da realidade laboral e social na que vive a inmensa maioría da sociedade. O resultado é a descrición dunha Arcadia feliz na que non se senten representadas a maioría das mulleres e dos homes do noso país.

Segundo os últimos datos do CIS o 93% dos cidadáns opina que a situación da economía é regular, mala ou moi mala, unha opinión que aínda era mais negativa no noso pais. En setembro de 2016 só o 2,5% dos galegos pensaba que a situación económica de Galicia era boa.

E teñen razón. Porque saír da recesión non é saír da crise. Porque o crecemento económico non se está trasladando a maior benestar social. Porque hai crecemento pero non recuperación. Porque non damos pasado do macro ao micro, das estatísticas á realidade da xente.

Hai un dato que pón de evidencia unha parte relevante do problema: en 2017 temos o mesmo nivel de PIB que en 2008 pero a parte destinada á retribución salarial aínda está 2.200 millóns de euros por debaixo.

Temos o mesmo nivel de riqueza pero está peor distribuída: perden os que cobran salarios –a inmensa maioría social- e gañan as rendas empresariais. Así de simple. Así de inaceptable.

Temos o mesmo nivel de riqueza pero con menos emprego, máis precariedade laboral e peores salarios.

A economía galega fai por saír da recesión, pero a sociedade galega aínda está en crise

Medra o PIB, pero iso en absoluto significa que a crise quede atrás. Só se poderá dicir que saímos da crise cando recuperemos as condicións de vida e de traballo que tiñamos antes de caer no pozo da gran recesión.

E para iso falta moito, porque o poder utilizou a crise para causar un enorme estrago no modelo social, e recuperar o benestar perdido non é un camiño nin fácil nin automático. Cos niveis de precariedade, desemprego e desigualdade actuais teimar en que saímos da crise é unha fraude. Unha estafa. Unha irresponsabilidade.

Nin se pode nin se debe aceptar o retroceso de décadas que está provocando na vida da maioría social a nefasta xestión neoliberal da recesión. Non podemos aceptar que os durísimos recortes na sanidade ou na educación pública, a deterioración das prestacións sociais e a precariedade laboral estrema non teñan volta atrás. Todo o contrario: a volta ao crecemento económico debe servir para recuperar o perdido. Só cando isto suceda poderemos falar de recuperación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

O PIB medra, pero tamén o fan a desigualdade e o malestar social

O goberno galego quere contrapoñer as taxas de variación do PIB coa situación real na que vive a maioría social do noso país, coma se saír da recesión fora o mesmo que saír da crise na que vive a sociedade galega dende hai unha década.

Pois non. Non só porque aínda faltan moitos dereitos que recuperar. Tamén porque a saída da recesión está agravando a desigualdade social, a precariedade e o deterioro dos servizos e das prestacións públicas.

O PIB ou as exportacións son unha parte da realidade do país, pero hai outra, a que sofre a maioría da cidadanía, que apenas ten mellorado. O que segue son os puntos sobre os que se debulla a cartografía social de Galicia nos aspectos máis relevantes da vida das persoas e polo tanto teñen que ter un papel central na caracterización da situación económica e social de Galicia:

- ✓ En Galicia hai 144.000 empregos menos que en 2008.
- ✓ A metade da clase traballadora xa é precaria: o 28% ten un contrato temporal, o 15% traballa a tempo parcial e o 15% rota entre o paro e o traballo precario.
- ✓ Hai 71.400 persoas desempregadas máis que antes da recesión, son 181.700 persoas buscando emprego, a maioría delas dende hai máis dun ano.
- ✓ Hai 62.000 fogares con todos os seus membros en paro e 34.000 que non teñen ningún ingreso laboral: nin salario, nin pensión, nin prestación por desemprego.
- ✓ Todos os asalariados perderon poder adquisitivo, un 8% de media, pero os máis precarios perderon o 25% do seu salario real.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

- ✓ Hai 450.000 persoas asalariadas con ingresos por debaixo dos 1.000 euros, e dentro deles están as 310.000 persoas que ingresan menos do salario mínimo: un de cada tres asalariados galegos é un traballador pobre.

- ✓ A pobreza afecta tamén aos traballadores autónomos, porque o 55% declaran ingresos por debaixo de 500 euros ao mes.

- ✓ As familias perderon o 20% do seu poder adquisitivo na recesión: son un 20% máis pobres agora que fai nove anos.

- ✓ No 44% dos fogares galegos a suma dos ingresos de todos os seus membros non chega a 1.500 euros.

- ✓ Os fogares galegos gastan de media 3.600 euros ao ano menos que en 2008: unha caída do gasto real do 25%.

- ✓ En Galicia hai 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, temos unha taxa AROPE do 25% o que implica que 1 de cada 4 persoas está nesta situación.

- ✓ O 63% das pensións están por baixo do limiar da pobreza: pensionistas pobres que no caso das pensións de viudedade chega ata o 81%.

- ✓ Pensións moi baixas —756 euros/mes a media xeral, 556 a media dos autónomos e 549 as de viuvedade— que ademais perderon o 3% do seu poder adquisitivo nos dous últimos anos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

De que fala a Xunta de Galicia cando fala de crecemento san?

Un modelo de crecemento que deixa atrás unha parte moi importante da poboación non é un crecemento san. É todo o contrario, un modelo insán, excluínte, inxusto, insolidario e antisocial.

O mesmo PIB pero moito peor distribuído e por iso temos unha sociedade máis inxusta, máis desigual, con máis pobreza, con menos dereitos laborais, menos emprego, máis paro, con salarios devaluados e maior precariedade laboral.

Unha situación inaceptable que ten responsables. O primeiro, os gobernos que impuxeron reformas laborais regresivas e antisociais que recortaron dereitos laborais para impoñer a devaluación salarial e a precariedade extrema. Reformas que debilitaron a capacidade da clase traballadora para negociar os salarios e as súas condicións laborais provocando un desequilibrio evidente no reparto da riqueza entre o capital e o traballo.

Pero esta redistribución inxusta no reparto primario da renda foi agravada por decisións que son responsabilidade absoluta dos gobernos do PP, o central e o da Xunta: as políticas de austeridade compulsiva e de recortes que reduciron a capacidade do público para facer políticas de igualdade —o que se coñece como reparto secundario— isto é, a política de ingresos e de gastos públicos.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Unha sociedade cada vez máis desigual e inxusta

A saída da recesión estase realizando pola senda da desigualdade e a precariedade. O aumento do emprego temporal, dos traballos a tempo parcial, dos traballos de moi baixos salarios en actividades de baixo valor engadido, o empeoramento das condicións de traballo, o alongamento das xornadas moitas veces non retribuídas, o grave deterioro da protección ao desemprego e doutros sistemas da protección social…son as notas que caracterizan un modelo desigual e inxusto de saída da recesión que se está impoñendo a pesar do rexeitamento da maioría social a este modelo.

- ✓ Nos últimos anos deuse un grave incremento da desigualdade, porque unha minoría quédase cunha maior porcentaxe da riqueza, porque aumentan os beneficios empresarias e caen as rendas salariais e porque mesmo se incrementan as diferenzas entre os salarios máis altos e os máis baixos.

- ✓ Estamos sufrindo unha redistribución inxusta da riqueza que aumenta a desigualdade: en 2008 o 48% do PIB destinábase a retribuír os asalariados e agora tan só o 43%.

- ✓ Dende 2008 as rendas salariais perderon cinco puntos de PIB en favor dos beneficios empresariais: a riqueza concéntrase cada vez en menos mans.

- ✓ En 2017 volvemos a ter un volume de PIB similar ao de 2008 pero as rendas salariais aínda están 2.200 millóns de euros por debaixo: temos a mesma riqueza pero mais desigualmente repartida.

- ✓ Os salarios do 10% que mais gana multiplica por once veces o do 10% que menos gana, unha enorme diferenza que en 2008 era de 8 veces: a desigualdade salarial incrementouse case o 40% nos anos da crise.

- ✓ O índice de GINI, o mais utilizado para medir a desigualdade na distribución da renda, pasou do 27,2% en 2008 ao 28,7% na actualidade

A crise foi unha estafa: causouna un sistema globalizado sen normas, e logo utilizouse para degradar o modelo social. Unha estafa que ten a confirmación en que nos tres anos do que o goberno chama recuperación non se ten avanzado nin un paso en resolver os problemas de fondo:

- ✓ recuperar o nivel de ingresos públicos que permitan financiar un estado do benestar digno deste nome,
- ✓ recuperar os dereitos laborais e sociais perdidos,
- ✓ abordar o cambio na estrutura produtiva do país, que cada vez é máis dependente de actividades estacionais e dos servizos nas áreas de baixo valor engadido

Galicia na cola do crecemento

O balance das Administracións do presidente Feijóo é o peor de toda a historia do noso autogoberno. Demoledor en termos económicos, de emprego, benestar e protección social Galicia nunca recuara tanto como desde 2009. O Goberno de Feijóo é o peor goberno de toda a historia de Galicia dende que recuperamos a democracia, tamén na economía.

De oito anos de goberno de Feijóo, a economía galega estivo catro en recesión e dous en estancamento, algo que non acontecera nunca dende que existen estatísticas.

A recesión afectou a todas as comunidades autónomas, pero á nosa máis do que á media. En España, de 2009 a 2013 o PIB caeu o 8,6 % e en Galicia o 9,5 %, un punto máis. E agora está sucedendo exactamente o contrario: no período 2014/2016 o PIB medrou en España o 8% mentres que en Galicia o fixo tan só o 7,4%.

A recesión foi máis intensa aquí e a recuperación, pola contra, está sendo máis feble: caemos máis e agora medramos menos. En conxunto, dende o ano 2009 a economía galega perdeu un punto e medio en comparación coa media española.

Utilizando o dato da denominada "contabilidad regional" do INE a variación media anual da economía española no período 2010/2016 é do 0,3% mentres que en Galicia é do 0,1%, a terceira parte.

Galicia ten a peor evolución do mercado de traballo dende 2008

Dende 2008 Galicia é a Comunidade Autónoma que ten a peor evolución laboral entre as 17 que conforman o Estado español. Non entre as peores, a peor. Non nalgunha das variables, en todas. Porque Galicia é a Comunidade Autónoma que máis emprego perde, na que máis aumenta o paro e na que máis se reduce a poboación activa, as tres variables claves para medir a dinámica do mercado de traballo. Por iso nós falamos da anomalía laboral galega.

Nestes 9 anos, en Galicia o número de persoas con emprego retrocedeu en 144.000, unha cifra que equivale ao 12% do emprego que había en 2008. Nese mesmo tempo, no conxunto de España a perda de emprego é do 7%: a destrución de emprego no noso duplica a media estatal.

Menos emprego trasládase a máis paro, aínda que a caída da poboación activa agocha unha parte do drama do desemprego.

Galicia é a segunda Comunidade Autónoma na que máis se incrementou o número de persoas en paro: hai 71.400 máis agora que en 2008, un incremento do 64% mentres que no conxunto do Estado o número de parados aumentou o 44%, vinte puntos menos.

Unha situación que en realidade é máis grave porque está agochada pola caída da poboación activa. Dende 2008 perdéronse 144.000 empregos pero o paro "só" se incrementou en 71.400: onde están os 72.600 que faltan? Pois na inactividade.

Galicia é a terceira Comunidade Autónoma que máis activos perdeu dende 2008, unha cifra equivalente ao 5,5% que multiplica por tres veces e media o 1,6% do retroceso no conxunto do Estado.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

en marea
enmarea.gal

Unha evolución do emprego decepcionante

A estimación de xeración de emprego incluída no cadro macroeconómico do orzamento 2018 é tan decepcionante que por si mesmo cuestiona a estratexia económica da Xunta.

No que vai ser o quinto ano da fase alcista do ciclo a estimación é de tan só 17.500 novos empregos, apenas o 1,6% de incremento. Unha cifra claramente insuficiente para os retos do emprego aos que nos enfrontamos: dar unha oportunidade de emprego as 181.700 persoas desempregadas e recuperar polo menos o nivel de ocupación previo á recesión.

A día de hoxe aínda faltan 144.000 empregos para volver a onde estabamos en 2008, e co ritmo actual necesitaríamos 9 anos para acadalo: ata o 2027 non teriamos o nivel de emprego de 2008, dúas décadas perdidas para o emprego.

Pero hai máis. A estimación para 2018 é tan baixa que pon en cuestión os obxectivos e o compromiso da Xunta de xerar 100.000 empregos na lexislatura: ao ritmo de 17.500 farían falta case 6 anos; o que supón empezar a recoñecer o fracaso da lexislatura en materia de emprego.

Un fracaso que anticipa e confirma os datos da ultima EPA: nos últimos doce meses, coa economía medrando por riba do 3%, o emprego en Galicia só aumentou en 14.500 persoas, unha cifra equivalente ao 1,4% fronte ao 2,8% de media do estado.

Con este dato e as previsións da Xunta para 2018 parece imposible que cumpra cos compromisos para a lexislatura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Galicia a cabeza da precariedade laboral

Se a evolución do emprego en termos cuantitativos é mala para Galicia é aínda peor en termos cualitativos, isto é, o que ten que ver coa calidade do mesmo.

Sucede dende que en 2014 a fase alcista do ciclo económico se traslada a un aumento da ocupación, e volveu a suceder no ultimo ano. No terceiro trimestre de 2017 hai 10.000 persoas asalariadas mais en Galicia que en 2016 pero só un 11% ten un contrato indefinido mentres que o 89% restante ten un contrato temporal.

En Galicia practicamente todo o emprego asalariado xerado é temporal, nove de cada dez, un dato moito peor que a media española. No Estado, o emprego asalariado incrementouse en 502.000 persoas, das cales 300.000 son indefinidos e 202.000 temporais, polo tanto o 40% do emprego xerado é temporal.

Unha cifra moi negativa pero que palidece perante o dato de Galicia. No noso país o número de asalariados aumentou en 10.000 pero o de asalariados indefinidos aumentou en 1.100 mentres que os temporais son 8.900 mais, isto é, o 89% do emprego xerado é temporal, máis do dobre da media do Estado. Velaí outra variante da anomalía laboral galega.

A calidade do emprego xerado en Galicia é moito peor que na media do Estado, precariedade que se reflicte nun dato moi preocupante: no ano 2014 a taxa de temporalidade de Galicia era do 21,3% e agora xa está no 28,1%, e subindo cada trimestre. En 2014 estaba por baixo da media do Estado, pero como aquí se incrementou case o dobre, agora Galicia xa ten máis taxa de temporalidade que o valor medio de España, que esta no 27,1%.

A evolución é moi preocupante porque dende 2014 a taxa de temporalidade subiu en Galicia case sete puntos mentres que no estado o fixo en catro puntos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

A metade da poboación asalariada xa é precaria

Pero a temporalidade non é a única forma da precariedade. A precariedade laboral xa é unha variable estrutural do mercado de traballo en Galicia porque é a situación habitual na que vive a metade das persoas asalariadas de Galicia, con formas diferentes que nalgúns casos se superpoñen e noutros se suceden no tempo.

Entre as persoas que teñen emprego, a fórmula de precariedade máis común é a contratación temporal: estar sometido a un contrato con data de finalización que xera incertidume, medo e falta de estabilidade, sempre baixo a ameaza da non renovación.

En Galicia son 238.500 as persoas asalariadas sometidas as diferentes formulas contractuais de duración determinada, o que supón unha taxa de temporalidade do 28%, que non deixa de crecer dende 2014 porque case todo o emprego asalariado xerado dende entón é temporal.

Son precarias as 122.300 persoas que traballan a tempo parcial, un número limitado de horas, en especial porque a inmensa maioría delas queren traballar a tempo completo pero como non poden téñense que resignar a empregos reducidos con salarios reducidos.

Tamén son precarios as 12.100 persoas que traballan como fixas/descontinuas, porque teñen un contrato indefinido pero só traballan unha parte do ano, fundamentalmente en actividades da conserva e da hostalaría.

Pero a peor precariedade é a que sofren as persoas que están en desemprego, porque a maioría delas rota entre o empresa e o INEM, combinando ao longo do ano desemprego e contratos precarios. En Galicia, a pesares dos discursos trunfalistas, segue habendo 181.700 persoas desempregadas.

Esta é a cartografía da precariedade: as persoas que teñen un contrato temporal, as que traballan a tempo parcial, as fixas descontinuas, as que rotan entre o paro e o traballo precario.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Cando se suman o resultado é demoledor: a metade dos asalariados galegos —máis se son mulleres— son precarios, sometidos ben a unha taxa de temporalidade do 28%, a unha taxa de parcialidade do 16% ou a unha taxa de paro do 15%.

A precariedade no traballo é un mal con moitas caras: as persoas que buscan traballo e non o atopan, as que rotan entre o desemprego e o traballo temporal de baixo salario, as que traballan a tempo parcial non desexado, as persoas que se converten en autónomos á forza, os falsos autónomos, as persoas novas que traballan como bolseiros, as que fan falsas prácticas e mesmo chegan a pagar por traballar, as que traballan uns meses ao ano, as que sofren o deterioro das súas condicións laborais por culpa da subcontratación en escalada e a denominada descentralización, as que acceden ao emprego a través de empresas multiservizos, as que tiveron que rebaixarse o salario para non perder o emprego, as que teñen formación superior e traballan en empregos sen cualificación, as que tiveron que emigrar para atopar traballo ou as que tendo un traballo non poden vivir do seu salario.

O peor é que esta non é unha situación transitoria, unha fase breve na vida das persoas, porque o contrato temporal, o tempo parcial e o desemprego están cronificados na sociedade galega dende hai décadas. Son unha pandemia social.

Dende 2009 sufrimos un intenso proceso de endebedamento

Galicia non foi unha excepción no proceso que endebedamento que sufriron a práctica totalidade das Administracións Públicas do sur de Europa. Tamén aquí a débeda privada se transformou en débeda pública como consecuencia da crise financeira e a xestión neoliberal da mesma.

En 2008, a débeda pública galega era de 3.954 millóns de euros. Agora,no segundo trimestre de 2017, é de 11.363 millóns de euros: multiplicouse por tres veces, un 290%.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

En nove anos endebedámonos en 7.409 millóns de euros, o dobre que nos 28 anos anteriores un agudo proceso de endebedamento con graves repercusións sobre as contas publicas. No ano 2009 o pago de xuros foi de 111 millóns de euros e foron necesarios 246 millóns máis para pagar os vencementos de débeda. En total, o custe do servizo da débeda foi de 357 millóns de euros.

O orzamento de 2018 destina 169 millóns euros para pagar xuros e outros 1.076 millóns de euros para amortizar os préstamos que vencen neste ano, en total 1.245 millóns.

De 357 a 1.245 millóns de euros: o servizo da débeda multiplícase por mais de tres veces dende 2009, o que ten consecuencias moi negativas sobre os orzamentos.

En 2018 a Xunta vaise endebedar en 1.387 millóns de euros. Unha parte para pagar os 1.075 millóns de débeda de anos anteriores que vencen no exercicio. A outra, por un importe de 312 millóns de euros, é para financiar un maior endebedamento neto.

Nos endebedamos para pagar gasto corrente

Estes datos demostran de forma irrefutable o falso discurso económico do PP sobre o déficit e a débeda pública: que non se pode gastar máis do que se ten, de ter solvencia financeira, de levar a cabo unha xestión eficiente, de ter baixo control as contas públicas.

Un discurso radicalmente falso: durante oito anos a Xunta endebedounos en case 8.000 millóns de euros, cerca de 1.000 millóns cada ano, algo que non sucedera nunca na nosa historia. Unha xestión dos recursos públicos pouco ortodoxa, en especial porque nas dúas últimas lexislaturas nos endebedou exclusivamente para financiar gasto corrente.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Dende o ano 2009 a débeda aumentou en 7.409 millóns de euros mentres que o investimento se reduciu en 1.300 millóns de euros en media anual, o que equivale a unha cifra acumulada de 7.000 millóns de euros no conxunto do periodo.

A conclusión é evidente: endebedámonos para pagar gasto corrente e non para investir na capitalización do país

A débeda medra polas decisións dos gobernos

Dende o ano 2010 o gasto público cae vítima da austeridade, pero a pesar diso aumenta, e moito, a débeda pública. ¿Como se explica isto? Polo devalo dos ingresos.

En España produciuse unha brutal caída dos ingresos fiscais como non sucedeu en ningún outro país da UE. Expresado en porcentaxe de PIB, os ingresos fiscais en España pasaron do 38% do PIB en 2009 ao 32% en 2014, mentres que de media na UE apenas varían do 41% ao 40% do PIB.

A recesión, o afundimento da construción e a perda de 3,8 millóns de empregos provocaron unha crise fiscal agravada polo mal funcionamento do sistema tributario en España. Neste escenario negativo os gobernos empeoraron a situación tomando decisións que desfiscalizaron as rendas máis altas, as rendas do capital e os beneficios empresariais, unha contrarreforma fiscal en favor dos máis ricos que provocou unha caída na recadación de ata 40.000 millóns de euros en 2012 en comparación con 2008.

Menos recursos e mal distribuídos entre os diferentes niveis de goberno, porque a redución dos ingresos e dos gastos concentraronse nas comunidades autónomas, en gran parte polas carencias do modelo de financiamento autonómico —por exemplo a súa enorme dependencia do ciclo económico— que se trasladou primeiro a duros recortes do gasto en sanidade, educación e investimento e despois a un incremento descontrolado da débeda.

En 2009 a Xunta recibiu 7.439 millóns de euros do sistema de finanzamento autonómico, cifra que caeu a un mínimo de 6.000 millóns en 2014 recuperándose parcialmente a partires dese ano. De media os ingresos caeron en algo máis de 1.200 millóns cada un dos últimos seis anos de forma que acumula unha cifra total de 8.483 millóns de euros, unha cifra que non por casualidade aproxímase moito ao incremento da débeda.

Irresponsabilidade fiscal á que se sumou a Xunta de Galicia, que presume das rebaixas fiscais que aplica pero ao tempo non se responsabiliza da caída dos ingresos co conseguinte incremento da débeda. Dende 2009 estes beneficios fiscais supuxeron unha caída acumulada na recadación próxima a 2.000 millóns de euros.

Velaí a razón fundamental do endebedamento, porque o que non se financia con ingresos se paga con débeda pública. Unha parte non menor da caída dos ingresos foi responsabilidade do Goberno central e da Xunta de Galicia, pola ineficacia do sistema tributario, polas rebaixas fiscais en favor dos que máis teñen e por manter un modelo de financiamento que se demostrou incapaz de reaccionar ante a crise. En consecuencia, unha gran parte da débeda tamén é responsabilidade directa das decisións dos gobernos.

A débeda pública en Galicia multiplícase por 3 en apenas 8 anos, un proceso de endebedamento descoñecido no noso pasado. A Xunta non lle queda mais remedio que recoñecer esta realidade e o seu único argumento é decir que en outras CCAA a evolución aínda foi peor. Pero isto é certo só formalmente: isto é, utilizando a cifra de débeda financeira que figura nas estatísticas do Banco de España.

Pero na realidade a situación é ben diferente: aos 11.363 millóns de débeda rexistrada haille que engadir os 3.058 millóns de euros en compromisos de pago derivados dos contratos de colaboración público-privados para a construción de infraestruturas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Sumados ambas cifras temos a débeda pública real de Galicia: 14.421 millóns de euros. E con esta cifra, todas as comparacións co resto de CCAA cambiarían, porque pasamos dunha débeda equivalente ao 19,1% do PIB a outra do 24,2% do PIB. Por dicilo de forma clara; a Xunta non foi eficiente na xestión da débeda senón en buscar fórmulas para ocultala.

2. O cadro macroeconómico do orzamento 2018

Ameaza de desaceleración

O cadro macroeconómico no que se basea o orzamento contén unha previsión tan preocupante como sorprendente. Preocupante, porque o Goberno anúncianos que no ano 2018 a economía galega sufrirá unha profunda desaceleración no seu ritmo de actividade. Segundo a Xunta imos caer dende a taxa actual de variación do PIB do 3,2% a tan só o 2,5%: unha caída de sete décimas equivalente a un retroceso do 22% na actividade económica. Sorprendente, porque o goberno presenta como un éxito de xestión esta profunda desaceleración.

Aínda máis, coa previsión de goberno, a economía de Galicia estaría crecendo no entorno do 1,5% no último trimestre de 2018, menos da metade que en 2016. A fase expansiva acabaríase apenas empezada e volveriamos o crecemento débil.

Esta previsión do goberno supón o recoñecemento explícito da falta de consistencia da actual fase alcista do ciclo, porque unha vez que se esgotou o impulso dos factores externos e do gasto público polo ciclo electoral, a economía galega volve a unha fase de crecemento débil, o que demostra que non se corrixiu ningún dos desequilibrios de fondo da economía, en especial os vinculados a debilidade da demanda interna por culpa tanto dos baixos salarios como do deterioro das prestacións públicas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

No é unha opinión de En Marea. O informe anual de 2016 do Banco de España cuantifica os efectos dos denominados factores transitorios na evolución recente da economía española. Estes factores, que se coñecen coloquialmente como o vento de cola, son a baixada do prezo do petróleo, a política monetaria expansiva do BCE e a relaxación da política fiscal, que en conxunto tiveron un efecto positivo de 2,2 puntos: isto é, estes factores externos son os responsables do 70% do incremento do PIB de 2016.

Crecemento desequilibrado

No segundo trimestre de 2017 o PIB está medrando de forma desequilibrada, porque a demanda interna aporta tan só 0,8 puntos ao crecemento e o saldo exterior 2,4 puntos.

E moi preocupante que o gasto en consumo dos fogares, que nos aproxima á situación económica das persoas, pasou de crecer o 2,9% en 2016 a tan só o 0,9% en 2017: unha intensa caída que reflicte os problemas de calidade de emprego, de salarios e de pensións que estamos sufrindo.

Unha debilidade da demanda interna e do consumo que explica tamén a aportación do sector exterior ao crecemento; porque a razón fundamental da mellora do saldo externo non é un aumento das exportacións, que medran igual que en 2016, senón o devalo das importacións. En 2016 crecían o 5% e agora fano no 1,1% o que supón un devalo provocado pola debilidade do consumo en Galicia.

Un devalo que atenuado se estende ao ano 2018 porque segundo as previsións da Xunta o consumo das familias é a compoñente máis débil do cadro macroeconómico.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

3. O orzamento 2018

Un orzamento restritivo e minguante

Os recursos dos que vai dispoñer os orzamentos de 2018 son unha clara demostración desta estratexia neoliberal de redución do peso do público na economía. E certo que crecen o 2,9% e que a Xunta vai dispoñer de 266 millóns de euros máis que en 2017, pero só en termos nominais. O IPC está hoxe no 2,3% e con grande probabilidade en 2018 estará na contorna do 2%. Polo tanto, en termos reais o orzamento vai medrar menos do 1%.

Un limitado e decepciónante incremento que apenas serve para corrixir a brutal caída que sufriu o gasto público dende que se empezou a aplicar a austeridade compulsiva.

En termos reais, o gasto homoxeneizado en 2018 será apenas 100 millóns máis alto que en 2017 pero aínda estará 2.324 millóns de euros por debaixo do realmente executado en 2009.Para que se entenda ben, en 2018 os recursos dispoñibles serán un 23% inferiores aos que a Xunta tivo en 2009.

E aquí hai que volver a formular a pregunta inicial con outro contido: por que si o nivel de PIB é superior ao de 2008 o gasto público é un 23% máis baixo?

Co ritmo actual de aumento do orzamento é máis que posible que ata 2030 non cheguemos a recuperar o nivel de gasto real previo a recesión en cifras absolutas.

Aínda máis, se segue gobernando o Partido Popular é posible que nunca se recupere en termos comparados co PIB, porque redución do gasto público non é unha casualidade, nin un efecto secundario da crise nin un dano colateral: é un obxectivo explicitado polo goberno.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Por exemplo, no recente Programa Presupuestario para 2018, que vén de presentar Montoro á Comisión Europea, o goberno comprométese a baixar o peso do gasto público en España do 41,2% do PIB ao 40,6%. Pode parecer pouco, pero en cifras absolutas é un recorte de 7.278 millóns de euros, a metade deles, non por casualidade, na sanidade e o ensino que son fundamentalmente competencia das CCAA.

A crise foi aproveitada para impoñer un profundo cambio no modelo social, dominado pola desigualdade, a precariedade e o deterioro do estado de benestar. Para recortar o peso do público na economía e na sociedade.

Por iso, a fase alcista do ciclo económico iniciada en 2014 non está servindo para recuperarnos dos recortes de 2009 a 2013. Esta é a lóxica que está detrás da estratexia orzamentaria da Xunta: dar continuidade ao recorte do gasto baixo unha nova forma, xa non con recortes nominais no gasto senón reducindo o peso do gasto público.

Dous datos demóstrano. No ano 2018 o orzamento increméntase no 2,9%, pero o PIB nominal —real mais inflación— está crecendo agora no 4,3% e no cadro macroeconómico para 2018 a Xunta estima un incremento do 4%. Esta é a lóxica da nova etapa dos recortes: que o gasto medre menos que o PIB e así ano tras ano se vai acumulando un recorte gradual pero sostido no tempo, menos visible pero igual de perverso.

É o que sucede, por exemplo, coas pensións: formalmente increméntanse un 0,25% pero cada ano son realmente máis baixas porque a inflación está no 2% e perden 1,75 puntos de poder adquisitivo.

Isto é o que vai suceder en 2018: o gasto público non financeiro apenas vai chegar ao 15% do PIB, catro décimas menos que en 2017 pero case catro puntos menos que en 2009, exercicio no que chegou ao 18,6%.

Esta é a súa estratexia para ir reducindo o peso do público, porque para manter o peso de 2009 farían falta 2.268 millóns de euros máis. Só para estar onde estabamos. Non para mellorar.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

en marea

enmarea.gal

O orzamento de 2018 consolida os recortes

O orzamento de 2018 vén a consolidar os recortes aplicados no período 2009/2014, a etapa da austeridade dura, con caídas nominais do gasto que non se recuperan na fase de crecemento da economía. Comparar en termos reais os orzamentos de 2009 e os de 2018 permite elaborar unha cartografía dos recortes aplicados polo goberno.

As partidas orzamentarias con maiores recortes en termos relativos son as de vivenda que retroceden o 71% dende 2009, a normalización lingüística cun 69% menos de recursos e as actuacións medioambientaís que perderon o 67% dos fondos de 2009.

Pero todas, agás o servizo da débeda, caeron en termos reais, especialmente as que máis relevancia teñen no orzamento: a sanidade e a educación. O gasto en sanidade sube en 129 millóns de euros en comparación co 2017 pero aínda así estará 397 millóns de euros por debaixo do gasto real de 2009, un 9,3% menos.

O gasto en educación, a pesar de subir en 44 millóns de euros aínda é inferior ao de 2009 no 16%, equivalente a 436 millóns de euros. Pola súa vez, o gasto en cultura redúcese en case 91 millóns de euros, o que equivale a perder o 57% dos recursos de 2009.

O gasto en políticas de emprego é inferior no 48%, isto é, 230 millóns de euros menos. A inversión en infraestruturas, a pesares da leve recuperación deste ano, aínda está 333 millóns por baixo de 2009, un enorme devalo do 49%.

A dinamización económica do rural sofre un retroceso de mais de 150 millóns de euros que supón deixar de dispor de 1 de cada 3 euros que tiña en 2009. Pero este enorme retroceso nos recursos para atender un dos principais retos que ten o noso país vese agravado polo devalo da función de actuacións e valorización do medio rural que perde 67 millóns de euros dende 2009.

Sumadas ambas funcións, a 55 e a 71, os recursos destinados a dinamizar e desenvolver o medio rural galego retroceden en 217 millóns de euros entre 2009 e 2018 en termos reais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

en marea
enmarea.gal

VARIACIÓN ORZAMENTOS 2009/2018

	Valores absolutos	% variación
42-Educación	-436.349.631	-16,06
41-Sanidade	-397.632.729	-9,34
51-Infraestruturas	-332.929.676	-49,42
32-Promoción do emprego	-229.842.900	-48,32
54-Actuacións ambientais	-208.609.940	-62,56
45-Vivenda	-169.392.778	-71,06
71-Dinamización económica do medio rural	-150.445.687	-32,57
72-Pesca	-97.088.701	-49,43
43-Cultura	-90.801.264	-56,76
74-Desenvolvemento empresarial	-82.155.760	-35,5
55- Valorización do medio rural	-67.395.390	-32,91
46-Outros servizos comunitarios e sociais	-55.535.906	-34,54
62-Actividades financeira	-46.115.790	-45,47
52-Ordenación do territorio	-38.638.744	-66,82
76-Turismo	-30.466.653	-34,39
44-Deportes	-24.672.850	-52,92
73-Industria, enerxía e minaría	-22.821.115	-32,9
75-Comercio	-21.562.208	-54,17
15-Normalización lingüística	-16.977.077	-69,01
11-Alta dirección da Comunidade Autónoma	-14.806.543	-28,48
61-Actuacións económicas xerais	-13.458.860	-29,99
16-Procesos electorais	-12.520.090	-86,23
12-Administración xeral	**-9.335.641**	**-11,03**

33-Cooperación exterior	-8.152.955	-61,86
21-Protección civil e seguridade	-5.269.832	-17,43
56-I+D+i	-3.167.912	-1,96
58-Información estatística básica	-2.379.614	-35,02
14-Administración local	-291.868	-2,07
53-Promoción de solo para	515.552	2,2
13-Xustiza	27.315.779	22,99
57-Sociedade da información e do coñecemento	65.722.920	178,15
31-Acción social e promoción social	83.092.115	12,9

Os recursos destinados a pesca sofren un devalo do 50% porque perden algo máis de 97 millóns de euros en relación a 2009, sempre en termos reais.

A política industrial, que xa partía dun nivel moi baixo en 2009, retrocede un 33% perdendo 23 millóns de euros, un retroceso que tamén sofre o desenvolvemento empresarial que ve reducida a súa dotación en 82 millóns de euros.

A dotación orzamentaria para o comercio retrocede en máis de 21 millóns de euros o que supón perder algo mais da metade dos que dispuxo en 2009.

E o mesmo sucede no turismo que sofre un recorte de 30 millóns de euros equivalente ao 34% do orzamento de 2009 en termos reais.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

O investimento e os empregados públicos os que máis recortes sufriron

O reducido incremento do gasto de 2018 resulta practicamente irrelevante para a recuperación dos recortes de anos anteriores, algo que se fai evidente na análise do orzamento por capítulos de gasto.

Por exemplo, o Capítulo I, o de persoal, incrementouse este ano o 2,8%, pero aínda así é un 10% inferior ao de 2009.

O capítulo IV, as Transferencias correntes, que financian unha boa parte do gasto social, especialmente o sanitario, increméntase en 2018 no 2,8% pero son un 20% máis baixos que en 2009.

Pero onde a irrelevancia do incremento do orzamento de 2018 ten a súa máxima expresión é no investimento. A Xunta vén de presumir que este ano a suma dos capítulos VI e VII aumenta en 97 millóns de euros, o 6,6% sobre 2017.

Pois ben, como os gastos de capital foron o principal capítulo dos recortes o que a Xunta vai investir en 2018 é menos da metade do realmente investido en 2009.

Para que se entenda ben, a este ritmo necesitaríamos 16 anos para volver ao nivel no estabamos en 2009.

Pero non en todos os capítulos se gasta menos que en 2009 en termos reais, porque hai dous nos que o gasto é maior: o capítulo II de gasto corrente, que se incrementa o 7,7% e tamén o III o de gastos financeiros, porque a pesares do discurso da Xunta en 2018 pagamos máis xuros que en 2009.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Un orzamento con recortes que cuestionan o discurso do Goberno

O conxunto do orzamento medra o 2,9% nominal, unha cifra decepcionante porque a inflación está no 2,3% e o incremento nominal do PIB e do 4,3 %.

Este escenario abre un novo modelo de axuste e de austeridade, no que a vía principal e a perda do peso do gasto público e xa non os recortes nominais das partidas de gasto.

Aínda así, en 2018 hai catro funcións que se reducen en termos nominais en comparación con 2017. Como son 4 de 33 podería parecer anecdótico; pero non o é, porque as 4 funcións son de enorme relevancia:

- ✓ a 32, Promoción do emprego redúcese en 1,5 millóns de euros;
- ✓ a 53, Promoción de solo para actividades económicas redúcese en 11,4 millóns;
- ✓ a 55, Actuacións e valoración do medio rural redúcese en 2,8 millóns de euros
- ✓ e sobre todo a 73, Industria, enerxía e minería redúcese en 13 millóns de euros, un devalo do 22% sobre a cifra de 2017.

Cales son as prioridades da Xunta? Como é posible que se reduzan os orzamentos para as políticas de emprego, para as políticas de industria ou de medio rural? Non eran estas as liñas estratéxicas da lexislatura: emprego, industria e rural?

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Un orzamento que conxela os salarios públicos

O incremento do 2% dos salarios dos empregados públicos, que a Xunta di que vai aplicar si dentro de non se sabe canto tempo o Goberno central o fai, e claramente insuficiente para que empecen a recuperar o poder adquisitivo que perderon.

En 2017 a Xunta subiulles a táboa salarial no 1%, pero como a inflación está no 2,3% en media interanual entre xaneiro e setembro, na realidade non houbo incremento salarial senón unha nova perda de poder adquisitivo. Sobe a táboa salarial pero baixan os salarios.

E para 2018 as expectativas non son moito mellores, porque é máis que probable que o IPC estea máis cerca do 2% que do 1%, de tal forma que, no mellor dos casos, os empregados públicos manterán os seus salarios estancados sen empezar a recuperar o 15% de poder adquisitivo perdido dende 2010.

Continúa a contrarreforma fiscal en contra da maioría

O orzamento de 2018 e outro chanzo máis na contrarreforma fiscal que esta levando a cabo tanto a Xunta como o Goberno central. Baixa a aportación dos impostos directos, que gravan segundo o nivel de riqueza das persoas, e soben os indirectos, fundamentalmente o IVE que penalizan máis os que menos teñen.

Estase redistribuíndo a carga fiscal en contra da maioría porque as rebaixas e os beneficios fiscais favorecen os que máis teñen, en especial porque as figuras tributarias que perden peso son as que gravan a riqueza e o patrimonio.

Isto é o que ocorre co orzamento de 2018. Cun crecemento nominal do 4% as bases impoñibles deberían incrementarse de forma similar e polo tanto aumentar a recadación fiscal, pero non. A Xunta estima que en 2018 vai baixar a recadación do IRPF, do Imposto de Sucesións e do patrimonio, de todos os impostos directos.

Pola contra, soben todas as figuras da tributación indirecta, en especial o IVE.

Os xuros baixan grazas ao FLA, porque a débeda aumenta

A redución dos gastos financeiros en 65 millóns de euros é un dos éxitos que se atribúe á Xunta, porque di que e grazas a súa xestión da débeda pública, pagamos menos porque debemos menos. Pero iso é falso: en 2018 a débeda incrementarase en 275 millóns máis ata chegar a un máximo histórico de 11.515 millóns de euros. Nunca Galicia estivo tan endebedada.

A Xunta oculta que a redución da carga financeira é grazas ao denostado FLA, na formula de Facilidade Financeira. A Xunta de Galicia, que rexeitou ata o 2014 acceder ao FLA, agora está entre as CCAA que máis acudiu aos mecanismos extraordinarios de financiamento en 2016 e 2017, de tal forma que a día de hoxe máis da metade da débeda pública galega está en mans do Estado a través do Fondo de Financiamento das CCAA.

Os tipos case cero do BCE primeiro e o endebedamento co FLA, a tipos próximos a cero, son as razóns da redución da carga financeira da Xunta.

A cuantificación do aforro en xuros dende que estamos no FLA reabre a cuestión plantexada por En Marea e nunca respondida pola Xunta: canto nos custou a operación de propaganda de Feijóo de non entrar no FLA ata 2015?

4. A alternativa de En Marea

Un modelo alternativo

Os orzamentos para 2018 que presenta a Xunta, son decepcionantes, restritivos, mediocres, antisociais, continuistas e neoliberais, non serven para mellorar a vida da cidadanía, para empezar a darlle a volta aos recortes, nin para impulsar a actividade económica e recuperar o emprego.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

Fronte este modelo neoliberal nós propoñemos avanzar por una vía diferente, baseada nun modelo de crecemento inclusivo, que non deixe a ninguén á marxe, e por lo tanto máis xusto e sólido, que aposte pola mellora da actividade en sectores de máis valor engadido, en especial cun peso importante das ramas industriais, que faga da produtividade do conxunto dos factores —a do traballo incluída– o instrumento da competitividade das empresas e do país, o que permitirá recuperar o traballo estable e con dereitos como a norma e non a excepción, con salarios decentes sobre os que se poida soster o estado do benestar grazas aos impostos e as cotizacións.

Fronte ao modelo da devaluación salarial como factor de competencia a nosa proposta é o impulso da demanda interna (con máis e mellor emprego, con salarios decentes e mellores prestacións sociais) como factor de crecemento e pola produtividade como la vía sostible a medio e largo prazo de la competitividade exterior do noso país.

O crecemento da actividade económica esta na lóxica do sistema, o papel das administración públicas ten que ser trasladar os incrementos do PIB a recuperación dos dereitos da xente: temos dereito a vivir mellor, a ter empregos estables con salarios decentes como a norma e non a excepción, a recuperar os niveis de calidade dos servizos públicos, a ter unha mellor protección social para pensionistas, persoas desempregadas ou dependentes, a reducir a pobreza e a desigualdade, a dispor dunha rede de protección publica que acabe cos desafiuzamentos ou a pobreza enerxética. Temos dereito a un pais xusto.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 11:04
Nº Rexistro: 19892
Data envio: 08/11/2017 11:04:56.892

en marea
enmarea.gal

Conclusión final

O proxecto de orzamentos para 2018 e restritivo e, polo tanto, continúa a senda do axuste e os recortes o que unido o esgotamento dos factores externos vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, segundo as previsións da Xunta, porque estima que a finais de 2018 estará por baixo da metade do de 2017.

Un orzamento que se incrementa menos do que medra o PIB nominal e polo tanto reduce en termos reais os recursos dedicados os servizos públicos, as prestacións, a protección social e a capitalización do pais. Fronte a resignación, os recortes e o axuste permanente nós demandamos e comprometemonos cunha posición ambiciosa da Xunta de Galicia co obxectivo de incrementar o orzamento en 500 millóns de euros, mellorando os ingresos co obxectivo de financiar unha política económica que impulse o crecemento, o transforme en desenvolvemento económico e social, baseado na economía produtiva, que traslade a maior riqueza o benestar da cidadanía combatindo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

A resultas do devandito, o Grupo Parlamentar de En Marea considera que hai razóns máis que dabondo **para rexeitarmos o Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para 2018 na súa totalidade e solicitamos a súa devolución ao Goberno.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

en marea

enmarea.gal

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 11:04:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19918
Data envio: 08/11/2017 16:19:44.767

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018,** con expresa petición **de devolución,** en virtude das seguintes consideracións:

Primeiro: Ante os cambios no contexto económico global, que apuntan a unha notable desaceleración do crecemento e do ritmo de creación de emprego, a Xunta de Galicia aposta por modificacións de baixa intensidade na estrutura orzamentaria.

As previsións macroeconómicas indican unha notable desaceleración do crecemento previsto para 2018 sobre os anos anteriores para o conxunto de España. Como sabemos, a expansión do PIB en Galicia vaise situar ao redor da cifra media da economía española, polo que non resulta en absoluto sorprendente que a previsión manexada pola Xunta de Galicia indique unha caída dun 20 % no dinamismo da economía.

Como se sinala no Informe Económico-Financeiro (páxina 21), nun ataque de sinceridade, "estas menores taxas de crecemento potencial son problemáticas por diversos motivos, dificultan a mellora dos niveis de vida dos máis pobres, fan máis dolorosa a redistribución da renda e da riqueza, desincentivan investimentos que favorezan a produtividade, afectan á sostibilidade das redes de protección social con financiamento público e avivan o resentimento político ao truncar as esperanzas no futuro e socavar a confianza na equidade dos resultados económicos".

A primeira pregunta que nos facemos e se esas cuestións teña a resposta acaída no orzamento presentado. A nosa resposta é negativa.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19918
Data envio: 08/11/2017 16:19:44.767

O crecemento do PIB en Galicia seguirá dependendo basicamente da demanda externa. Tanto pola exportación de bens e servizos, cunha variación en termos reais moi superior aos restantes compoñentes do gasto, o cal tira polo investimento en bens de equipamento (que é o factor máis dinámico da demanda interna pero estará por baixo dos niveis da economía española); como porque da banda da oferta o sector máis expansivo é o turismo. Mentres, o documento recoñece que "a renda dos fogares en termos reais moderará o seu crecemento" (páxina 46) –e estará moi por baixo da expansión prevista para a economía española-. A distribución funcional da renda continuará desequilibrándose en contra do factor traballo, o mercado agravará as condicións desiguais de vida das persoas.

E a Xunta de Galicia renuncia a unha parte das posibilidades de actuación, como veremos no apartado 2 e 3, instalada nunha política de continuidade, obsesionada por situarse nunha senda de consolidación fiscal aínda máis esixente que a da economía española.

En termos de emprego a expansión segue a ser moi insuficiente. As previsións (páxina 46 do Informe Económico Financeiro) marcan unha desaceleración. O obxectivo sitúase en 17.500 empregos adicionais a tempo completo. A ese ritmo precisaríamos esgotar a seguinte lexislatura para acada o nivel de emprego de 2008. A taxa de paro continúa reducíndose polo axuste na poboación activa –resultado da persistencia da crise demográfica e por tanto dos efectos mecánicos dunha pirámide invertida nos tramos de idade relevantes-. Pero nun contexto de singular expansión económica apenas conseguimos modificar en positivo a ratio entre ocupados e dependentes, que indica a profundidade dos problemas estruturais de Galicia.

E se continuamos a manter unha senda de lentísima converxencia en termos de PIBpc con España é pola caída do volume de poboación e non porque a dimensión da nosa economía evolucione máis positivamente. Resulta chocante, e precisa clarificación, que ao tempo que se presenta a demografía como un enorme problema estrutural (o que compartimos), os seus efectos sobre algunhas variábeis relevantes (taxa de desemprego e singularmente o xuvenil; PIBpc) sexan difundidas como un éxito (o que non compartimos e nos preocupa).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19918
Data envio: 08/11/2017 16:19:44.767

Dende o noso punto de vista sería preferible que o modelo de crecemento dependese máis da expansión do PIB e do emprego; que permitise a restauración do contrato social básico quebrado polos efectos da crise e a política económico-social practicada, e en consecuencia alentase a demanda interna; e que o orzamento para 2018 afianzase un cambio de rumbo ao centrarse con decisión nas políticas sociais e de reforzo dos servizos básicos e na restauración das condicións do crecemento. Cousa que non sucede coa intensidade que demandamos.

Segundo: A recuperación económica non se traslada aos ingresos previstos nos orzamentos da Xunta de Galicia para 2018 coa suficiente decisión.

Os ingresos só medran un 2,9 % en termos nominais cando a economía o está a facer nun 4,1 % en 2017 (e en cifras similares en 2018). O sistema de financiamento autonómico provee de máis recursos (un 5,4 % máis), pese a que non se acometeu tampouco este ano a reforma pendente desde 2014. Xa está situado nos niveis de 2009 en termos correntes. Toda a marxe económica das contas para 2018 procede das transferencias ordinarias da Administración central –ao que se suma a redución dos custes financeiros debido tamén ás favorábeis condicións outorgadas pola mesma ás comunidades autónomas-.

Pero a capacidade para obter os recursos que permitirían financiar unha política ambiciosa está lastrada polo fracaso da política tributaria propia, presa do clientelismo fiscal. As vantaxes fiscais outorgadas polo Goberno de Alberto Núñez Feijóo non se traducen nunha dinámica do PIB e o emprego máis expansiva que a media española nin nunha redución das desigualdades. Non hai un dividendo económico das rebaixas fiscais. Non hai un dividendo social –en termos de redución das desigualdades- das rebaixas fiscais. Estas rebaixas fiscais discrecionais están centradas ademais nos impostos directos (que, como é sabido, gravan a capacidade económica manifesta dos axentes económicos). A imposición indirecta autonómica está protexida pola falla de capacidade normativa da Comunidade Autónoma. Por tanto, a fiscalidade autonómica, ineficaz para incentivar o crecemento, está progresivamente sesgada cara a imposición indirecta. O resultado final

é que só existe un recorte dos ingresos públicos e un superior desequilibrio social na fiscalidade efectiva.

A Xunta de Galicia renuncia a utilizar toda a capacidade de endebedamento, pese a que o custe do crédito é moi baixo e as necesidades de investimento son patentes despois dunha década de vacas fracas. Xa no exercicio 2017 optara por unha senda de consolidación fiscal máis esixente que a obrigada para o conxunto das comunidades autónomas. Reducindo en aproximadamente 60 millóns de euros os ingresos computábeis e trasladando ao futuro (ao teito de gasto de 2018) esa decisión. Agora volve a optar por un exercicio similar, que retira recursos do investimento público.

Terceiro: As contas autonómicas padecen de inercia, con alteracións sobre o ano previo de escasa contía e prioridades non entendibles.

Falta un proxecto para o país, o que resumimos nos seguintes aspectos

- A Xunta de Galicia carece dun plan consistente para a mellora dos servizos públicos básicos. As moderadas subidas de recursos para a sanidade e a educación apenas permitirán atender as subas salariais e, na sanidade, o mantemento do persoal. A reserva de 80 millóns de euros a expensas da decisión das Cortes Xerais sobre os orzamentos da Administración Xeral do Estado para 2018 esteriliza máis dunha cuarta parte da marxe dispoñible, sen que sexa necesario para garantir o cumprimento da norma, de aprobarse e no momento en que sexa preciso. Pola contra, destinar a metade desa cifra a poñer en marcha un plan para o reforzamento dos cadros de persoal en sanidade, educación ou outros servizos permitiría a contratación de 1.000 prazas adicionais á mera reposición.

- A Xunta de Galicia carece dunha reflexión necesaria sobre os déficit na execución do orzamento. As cifras consignadas no documento, as previsións iniciais, son escasamente indicativas do resultado ao final do exercicio, retirándolle valor ao debate e á decisión deste Parlamento. Cando ano tras ano algunhas áreas presentan niveis de execución orzamentaria extremadamente baixos, ¿que valor ten

aumentar as dotacións iniciais do orzamento? Non aparecen no documento orzamentario os cambios que indiquen que a Xunta de Galicia é consciente da existencia dun problema e que desexa poñerlle solución.

- Existe unha recuperación do investimento, desde os valores mínimos do período 2013-2015. Pero neste capítulo de gasto aínda estamos no 60 % dos valores medios do período 2007-2009, logo dun período de seca que afectou á calidade das nosas infraestruturas ou equipamentos básicos. En sanidade, en educación, en servizos sociais, en infraestruturas portuarias ou para uso agrario, en saneamento e depuración,..., existen necesidades acumuladas despois de 8 anos de parálise que merecían unha maior atención.

- Non aparecen consignadas acción de certa envergadura que permitan recoñecer un esforzo no cambio de modelo produtivo ou na creación de vantaxes competitivas. Son tres os campos de acción máis directa da Xunta de Galicia:

    - A promoción de emprego e a formación de desempregados. A Xunta de Galicia reduce os gastos previstos na función 32 (Promoción do Emprego e institucións do mercado de traballo). Esta decisión pode ter unha explicación no feito de que a 30 de setembro de 2017 as obrigas recoñecidas sobre o crédito vixente desta función é tan só do 25.1 %, con porcentaxes menores aínda no programa 322-A (Fomento da empregabilidade) ou mellora da cualificación no emprego (0.8 %).

    - A política de promoción de solo industrial. Tamén se reduce o gasto previsto na función 53 (Promoción do solo para actividades económicas).

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19918
Data envio: 08/11/2017 16:19:44.767

- A política de I+D+I. É unha excepción, pois o crédito inicial aumenta, se ben é certo que partindo dun nivel paupérrimo. Teñamos en conta que no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 establécese un obxectivo de investir un 1.7 % do PIB en I+D+I, e estamos situados aínda moi lonxe desta meta. Mantemos as dúbidas sobre o gasto efectivo destas partidas, pois a función 56 (Investigación, desenvolvemento e innovación) amosaba a 30 de setembro de 2017 un grado de execución do 21.4 %.

Como consecuencia, padece a cidadanía agora e padecerá a nosa capacidade competitiva a medio prazo.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:53:46

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG**), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, doc. núm. **19214 (10/PL-000007)**.

O Proxecto de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2018 caracterízase pola falta de ambición por superar o difícil contexto alimentado pola crise e as políticas restritivas impulsadas polos Gobernos presididos por Alberto Núñez Feijóo desde a súa chegada á Presidencia da Xunta no ano 2009, polo que, a pesares dun marco de crecemento económico e maior dispoñibilidade de recursos, o que define estes orzamentos é a carencia de proxecto para un desenvolvemento económico e de cohesión social así como a fala de vontade para a recuperación dos servizos públicos básicos.

Con respecto ao gasto non financeiro, increméntase en 265 millóns de euros, un 2,9% máis que o orzado para o presente ano. Porén, trátase dun incremento moito menor ao experimentado no 2016, que foi dun 4,4%, isto é, 369 millóns de euros e aínda máis inferior ao experimentado no 2017, cando após a modificación dos orzamentos o resultado foi dun incremento de 465 millóns de euros, isto é, unha porcentaxe do 5,3%. Así mesmo, os orzamentos contemplan un incremento do PIB do 2,5% para o 2018, un incremento menor que o previsto para o presente ano, que se estima que medrará nun 3,1%, polo que estamos nunha fase de crecemento e

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aumento da contía orzada moderados pero cuxa distribución final non se achega ás prioridades previas á crise socioeconómica.

A previsión de crecemento sinala unha evolución positiva de todas as compoñentes do PIB. Porén, é precisamente a compoñente que depende da Xunta de Galiza e do Goberno do Estado, "consumo final das administracións públicas" a que presenta, outro anos máis, unha das menores previsións de crecemento con respecto ás outras compoñentes, cun crecemento do 1,7%, xa que so s previsión do consumo dos fogares é menor, cunha estimación do 1,4%.

Os orzamentos sitúan no 14,2% a taxa de paro para o 2018, porén, é necesaria unha reflexión profunda sobre o emprego e a ocupación. O relevante é que se cree emprego neto, pois de nada vale que diminúa a taxa de desemprego se é provocado pola redución da poboación activa que está en paro, por exemplo a través da emigración. Estímase que o emprego neto medrará un 1,7%, pero o propio Informe Económico Financeiro recoñece, outro ano máis, que diminuirá a poboación activa. Xa que logo, que descenda a poboación activa nun contexto de crecementos consecutivos do PIB indícanos a fraxilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias.

De forma especialmente negativa cabe sinalar como a análise da composición dos recursos que fornecen a capacidade orzamentaria amosa as limitacións dun sistema de financiamento insuficiente, algo que queda non só demostrado ano a ano na incapacidade de nutrir de recursos ámbitos tan importantes como sanidade, senón que mesmo ollando á contía que achega (7.412 millóns de euros) observamos que se sitúa por debaixo aínda do ano 2009. Este feito evidencia o fracaso do Partido Popular á hora de situar Galiza no Estado e á hora de definir a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nosa relación económica co Estado. Unha vez máis, a falta de avance nesta contía e a falta de posición e diálogo arredor do futuro sistema de financiamento repercuten na incapacidade de negociar co goberno central o trato que merece Galiza. Estamos nun momento político excepcional no que haberá cambios históricos e estes orzamentos reflicten a actitude que ten e terá o Partido Popular: a resignación.

No relativo aos ingresos, este proxecto continúa coa política impositiva de carácter regresivo característica dos gobernos do Partido Popular, polo que non atopamos medidas que avancen cara outra concepción da fiscalidade e xa que logo aposten polos principios de progresividade e equidade como eixos principais do sistema fiscal para atender á súa función redistributiva.

Doutra banda, canto á material fiscal concrétanse as medidas anunciadas polo Presidente da Xunta no recente debate de política xeral sobre o estado da Nación, de carácter marcadamente propagandístico e escaso impacto. Porén, non se contempla ningunha medida para, dentro das limitadas competencias galegas, configurar un sistema fiscal máis xusto. Entre estas medidas sería especialmente desexábel o incremento dos tipos para as rendas e patrimonios máis elevados ou a creación de novos tributos, como un imposto que grave o impacto económico, social e ambiental que provocan as grandes superficies comerciais.

Estas modificacións configurarían un sistema fiscal máis xusto e progresivo ao tempo que aportaría maiores recursos para destinar á mellora dos servizos públicos básicos e á dinamización económica. Porén o goberno galego négase a usar as capacidades normativas que temos nestes impostos para avanzar na xustiza e equidade fiscal, e ao tempo, obter maiores recursos para afrontar políticas máis ambiciosas.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Este proxecto de orzamentos nin dá prioridade nin garante o gasto social. A pesares das proclamas propagandísticas do Goberno, os incrementos nas partidas de gasto social son de similar intensidade, cando non menor, que o conxunto de partidas ornamentarias. Deste xeito, observamos como mentres o grupo de funcións do grupo 1, relativa ás actuacións de carácter xeral, increméntase un 5,6%, e os grupos de funcións 5 e 6 –produción de bens públicos de carácter económico e regulación económica de carácter xeral se incrementan ambos un 5,9%, o grupo 3, protección e promoción social, que engloba as funcións e programas de marcado carácter social, medra practicamente a metade, un 3,1%.

Deste xeito, tamén podemos observar como o maior incremento do orzamento en termos porcentuais prodúcese na Consellería de Infraestruturas e Vivenda, cun incremento do 12,5%, en boa parte debido a que asume o transporte escolar, e a continuación son as Consellerías de Presidencia e Vicepresidencia as que maiores incrementos experimentan, con incrementos do 6,6% e 6,9% respectivamente. Trátase dunhas consellerías con escaso impacto no gasto social e practicamente nula incidencia na definición dunha estratexia de recuperación e desenvolvemento económico.

Doutra banda, non observamos neste proxecto ningunha orientación clara de cara a desenvolver os nosos sectores económicos estratéxicos, reorientar o modelo produtivo e xerar emprego. Así, funcións como a promoción do emprego e institucións do mercado de traballo descende en 1,4 millóns, un 0,6%. A función das actuacións e valorización do medio rural descende en 2,8 millóns de euros, o que supón unha redución do 2% do seu orzamento, a pesares de que Núñez Feijóo ten reiterado en numerosas ocasións que esta ía a ser a lexislatura do rural.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No eido da industria, as actuacións económicas xerais descenden en 1,1 millón de euros, isto é, un 3,8% menos que para o 2017, mentres que a industria, enerxía e minería descende en 12,8 millóns de euros, o que significa un recorte do 21,7%.

Mención especial merece a absoluta falta de atención nas políticas que teñen a ver coa prevención dos incendios e as emerxencias. A pesares da catástrofe vivida coa vaga de lumes que tivo a súa máxima intensidade o 15 de outubro, estes orzamentos non teñen en conta ningunha medida que reverta esta dramática situación, Ben ao contrario, nun contexto no cal case todas as partidas dos orzamentos incrementan as súas dotacións, son precisamente as relacionadas coa prevención de incendios, coas emerxencias e coa política para o medio rural as que experimentan recortes. Con respecto ás partidas relativas á prevención de incendios, descende o investimento en prevención de incendios e as transferencias de capital tanto a entidades locais como a empresas privadas permanecen conxeladas, nos 16.685.000 e nos 4.800.000 millóns de euros respectivamente. Na práctica trátase dun recorte, posto que para o 2018 prevese que incremente o IPC. Con respecto á atención ás emerxencias, cómpre sinalar que a Axencia Galega de Emerxencias descende en 834.000 euros, un descenso do 11,2%, mentres que a protección civil e a seguranza cidadá, descende o seu orzamento nun 2,5%, en 634.000 euros.

En definitiva, son uns orzamentos caracterizados polo continuísmo, sen ningunha ambición, sen carácter nin deseño estratéxico para intervir na economía e nos sectores produtivos, para xerar emprego de calidade nin para loitar contra as agudizadas desigualdades sociais, dando as costas aos problemas máis importantes do noso país e renunciando a exercer de goberno galego.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19938
Data envio: 08/11/2017 16:43:29.892

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG) SOLICITA A DEVOLUCIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA 2018.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:42
Nº Rexistro: 19937
Data envio: 08/11/2017 16:42:43.627

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 04**, **Presidencia**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Os orzamentos de Presidencia do presente ano consolidan a dobre estratexia do Goberno do Partido Popular: por unha banda, favorecen a instrumentalización partidista das secretarías; por outra, reforzan ao sector privado en detrimento do público. Dito doutro xeito: os populares aproveitan os cartos da cidadanía para continuar patrimonializando a Administración e vendendo favores ás entidades máis próximas ideoloxicamente.

Fai pouco, a formación de Núñez Feijóo brindounos un exemplo claro disto. A Xunta de Galicia pagou un mínimo de 77.000 euros a través da Secretaría Xeral de Medios, dependente de Presidencia, pola publicación en periódicos de papel de propaganda sobre a vaga de lumes. Así, o Partido Popular empregou unha administración que tería que ser de tódolos galegos e galegas para tentar comprar vontades na prensa.

Este comportamento non nos sorprende. Ano tras ano consígnanse partidas millonarias para favorecer ao sector privado sen que exista una fiscalización do que se fai cos cartos. Ao fin e ao cabo, iso é o de menos para o PP. O que importa é manter contentos aos amigos. Así, atopámonos con numerosas partidas cuxo peso relativo carece dunha xustificación social. A única explicación que teñen é que favorecen as elites económicas da contorna popular.

As máis prexudicadas, coma sempre, son as persoas que pertencen aos colectivos máis vulnerables. Os mozos e mozas galegos, por exemplo, ven un

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:42
Nº Rexistro: 19937
Data envio: 08/11/2017 16:42:43.627

ano máis como non son tidos en conta nos orzamentos. Os poucos que aínda resisten no país, non dispoñen de políticas encamiñadas a que poidan desenvolver os seus proxectos vitais; e aos que xa emigraron no se lles favorece o retorno de ningún xeito. Polo que respecta á poboación do rural, comprobamos como, outra vez, queda sen financiamento para poder dotarse de recursos e compensar factores típicos da nosa terra como a dispersión.

En materia de cultura, o panorama non é moito mellor. A lingua segue sen contar coa protección que precisa nos medios de comunicación, as políticas de turismo seguen sen presentar alternativas á mera masificación e a xestión do Xacobeo estase abandonando en mans privadas.

Por todo isto, rexeitamos os orzamentos da Sección 04, Presidencia, e solicitamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:22:39

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:29
Nº Rexistro: 19984
Data envio: 08/11/2017 17:29:15.377

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, dos orzamentos da corporación **CRTVG , Sección 04, dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

O orzamento de CRTVG para o 2018 non permite garantir que a Compañía exerza o súa tarefa de servizo público básico para a cidadanía Galega, o lamentable espectáculo ofrecido durante a vaga de incendios de Outubro, amosa a necesidade dunha CRTVG ao servizo da Xente, que non escape dos problemas do país e sirva como vehículo de información útil para a cidadanía.
Durante a traxedia dos lumes, a CRTVG non estivo a altura, nin ofreceu información plural, nin servizo público no senso de facilitar información de seguridade e protocolos a cidadanía. Todo o Contrario estivo a expensas do que marcase o gabinete de comunicación do Partido Popular.
É necesario polo tanto un servizo público que permita incrementar a presenza territorial da CRTVG reabrindo sedes pechada e incrementado o persoal dispoñible para atender este tipo de eventualidades.
A falta de pluralidade e a CRTVG entendida como órgano de expresión do Goberno, como é na actualidade non ten sentido, precisamos mudar as formas e o métodos, renovar os órganos de control e a dirección da corporación, de forma que se garanta a pluralidade e a presenza dunha representación a corde coa derradeira decisión electoral dos Galego, hoxe a CRTVG exclúe dos seus órganos a segunda forza do Parlamento Galego.
Este orzamento ademais expresa dúbidas inaceptables sobre o futuro de parte do persoal e determinadas categorías da corporación, xusto canto mais preciso e afondar na programación propia e fuxir a produción allea en calquera das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:29
Nº Rexistro: 19984
Data envio: 08/11/2017 17:29:15.377

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

súas expresión. Sen esquecer o papel que como motor da industria cultural galega debera exercer a CRTVG que hoxe non se produce coa intensidade que necesita este sector.

Por todo o exposto solicitamos a **devolución** dos **orzamentos** da corporación CRTVG , Sección 04, dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:18:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 19983
Data envio: 08/11/2017 17:28:49.064

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos da Fundación Deporte Galego, sección 04, dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

A Fundación Deporte Galego ten a finalidade de promocionar o deporte en tódolos espazos que son da súa competencia, subliñando non só a súa vertente lúdica e recreativa, senón tamén o papel que desempeña na mellora e o mantemento da nosa saúde e na dinamización da economía. Para elo, colabora coa administración e con entidades públicas e privadas, organiza eventos deportivos, fomenta o actividade física entre os máis cativos e realiza accións formativas e divulgativas, entre outras tarefas.

O presente ano, o informe dos orzamentos da Fundación sinala tres liñas de traballo e un cuarta que pretende ser transversal, pero que serve, sobre todo, para remarcar o cinismo do Partido Popular.

A primeira liña de actuación ten por obxecto o deporte de alto nivel, que tan relevante é facendo país, na medida na que proxecta no exterior o compromiso dos galegos e das galegas cos valores propios do deporte, como son o esforzo, a cooperación e o respecto polos demais.

A segunda liña pretende fomentar a práctica da actividade física entre a poboación para combater o sedentarismo e promocionar o coidado da saúde.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 19983
Data envio: 08/11/2017 17:28:49.064

A terceira liña consiste no deseño de programas deportivos nas instalacións xestionadas pola Fundación.

Como liña transversal, a Fundación comprométese a potenciar a inclusión da perspectiva de xénero na práctica deportiva xeral e a de alto nivel en particular.

Se este último compromiso fose certo, estaríamos diante dunha boa noticia, xa que a brecha de xénero no deporte é unha realidade que percibimos día tras día. Non temos máis que ver o escaso eco que ten o deporte feminino na cobertura que fan os noticiarios de tódalas canles. Nun país no que só o 27,45 das mulleres fai 150 minutos de deporte á semana (o que contrasta 40,9% dos homes), esta é unha cuestión que teríamos que emendar de inmediato.

Porén, os datos que presenta o Goberno da Xunta non avalan o seu compromiso co deporte feminino. Ao contrario. A desigualdade é clara. Fronte aos 104 homes deportistas que perciben axudas, atopamos só 51 mulleres, menos da metade. É obvio que se tería que introducir un factor corrector de xénero para corrixir semellante diferenza.

Máis alá disto, é un sen sentido que se presuma de defender aos deportistas galegos de alto nivel e os valores que encarna ao mesmo tempo que se recortan en 173.000 euros os orzamentos dedicados á convocatoria de axudas para os deportistas de alto nivel.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 19983
Data envio: 08/11/2017 17:28:49.064

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Subvencións concedidas pola entidade	Real 2016	Estimado 2017	Previsión 2018
Convocatoria de axudas para os/as deportistas galegos/as de alto nivel	373.650	200.000	200.000
Total	373.650	200.000	200.000

Por todo isto solicitamos **a devolución do proxecto de orzamentos para esta Fundación.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:28
Nº Rexistro: 19983
Data envio: 08/11/2017 17:28:49.064

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:21:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19920
Data envio: 08/11/2017 16:20:27.002

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia, así como das axencias Amtega, Axencia de Turismo de Galicia e Corporación Radio Televisión de Galicia**, e con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 04 – Presidencia, Amtega, Axencia de Turismo de Galicia e Corporación Radio Televisión de Galicia.

Constitúen uns orzamentos caracterizados pola súa opacidade, cun gasto excesivo, sobredimesionado e meramente incrementalista; ao tempo que abrangue competencias que van moito máis alá daquelas que serían propias das necesidades da Presidencia da Xunta de Galicia, cun organigrama inflacionado de cargos e de órganos.

Cun gasto en persoal eventual de confianza excesivo e do cal non aparece o desglose nin a súa categoría nin responsabilidades, cun monto total de 1.576.000 euros, correspondendo os maiores importes á propia Secretaría xeral da Presidencia e á Secretaría Xeral de Medios.

En materia de Medios e Comunicación existen varias partidas que conteñen, ao céntimo, o mesmo importe que para o ano anterior, o que indica que non se estudaron realmente as necesidades deste sector.

En materia de Emigración constatase un importante incremento dos gastos correntes, acadando unha cifra que debera ser explicada máis pormenorizadamente.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19920
Data envio: 08/11/2017 16:20:27.002

Polo que respecta á Secretaría xeral para o Deporte, chama a atención o incremento do gasto en primas de seguro (que xa ascende a 2 millóns de euros) sen que sexa obxecto de explicación. Os investimentos en instalacións deportivas non se concretan, reiterando o incumprimento do establecido na propia Lei do deporte de Galicia, de elaboración dun Plan xeral de instalacións e equipamentos deportivos de Galicia, do que debera informarse oportunamente ao Parlamento de Galicia.

Polo que respecta á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, polo crecente orzamento que está a xestionar, debera ser obxecto dunha información máis completa e específica para dar conta das súas previsións, incluíndo tanto as súas licitacións como as políticas de subvención que desenvolverá. Máis cando se esta a dar unha mala posición de Galicia en parámetros clave en materia tecnolóxica ou en termos de dixitalización dos nosos sectores económicos. Sen que estes orzamentos dean a coñecer as previsións que a Presidencia da Xunta de Galicia ten para que Galicia supere esta fenda tecnolóxica e esta fronteira dixital.

Os orzamentos non recollen medidas efectivas tampouco para as actuacións en materia de coordinación e promoción do turismo, tal como sucedera xa anteriormente coa Estratexia do Turismo de Galicia 2020, e sen que faga fronte a unha serie de debilidades, como a escasa ou nula coordinación con outros departamentos da Administración, cas entidades locais ou cos axentes do sector.

En relación aos orzamentos presentados para Corporación Radio Televisión de Galicia, constitúen orzamentos escasos para facer unha radio televisión ambiciosa, sobre todo en tempos de competencia coma os que vivimos, xa que se a estes orzamentos se lle quitan a parte anual dos investimentos necesarios para levar adiante a imprescindible dixitalización, o seu nivel é semellante ós deste ano. Ao tempo que se pon de manifesto que a dirección xeral e os seus reitores non conseguen controlar o gasto en persoal, máxime tendo en conta que o

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19920
Data envio: 08/11/2017 16:20:27.002

cadro de persoal, nin se incrementou nin se prevé incrementar. Igualmente se constata que a previsión realizada referida á publicidade cuns ingresos de 8,6 millóns de euros, resulta pouco ou nada compatible cos datos de audiencia.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:55:38

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19940
Data envio: 08/11/2017 16:43:57.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04**, **Presidencia da Xunta, Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas razóns que se expoñen a seguir:

Os orzamentos desta sección están ao servizo dunha política rotineira e non teñen en conta prioridades e desafíos da sociedade galega actual. Desde o grupo do BNG consideramos necesario un cambio de rumbo nas liñas de actuación en materia de comunicación social, turismo, deporte, emgración ou novas tecnoloxías.

Entendemos que a estrutura de competencias da sección 4 non é coherente nin funcional senón que é resultado dunha amalgama que non responde a ningún criterio máis alá do control pola presidencia de materias como a comunicación institucional e social ou as novas tecnoloxías que teñen unha forte carga propagandística.

Consideramos que se deben reducir as cantidades destinadas a persoal eventual de gabinete, co obxecto de destinar estes recursos a programas de promoción da actividade deportiva destinados ao conxunto da poboación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19940
Data envio: 08/11/2017 16:43:57.002

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No referente ao capítulo VI, consideramos necesario incrementar as axudas a empresas xornalísticas e de difusión, con un vencellamento claro e directo ao apoio do uso da lingua galega nos medios de comunicación para cumprir a normativa vixente en materia de normalización lingüística.

Por último, o grupo de BNG considera necesario un cambio sustancial nos orzamentos e nos programas destinados á emigración, incrementando os créditos destinados á promoción do retorno da mocidade e da integración sociolaboral das persoas retornadas.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 04.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19939
Data envio: 08/11/2017 16:43:44.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos Orzamentos do Ente Público "CRTVG" (Sección 04) no Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos para 2018 en relación á Corporación da Radio e Televisión Públicas de Galiza (CRTVG) prevén o mantemento da mesma xestión que nos anos anteriores malia o flagrante incumprimento que desde hai seis anos se está a producir da Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza.

Incumprimento referido ao desenvolvemento da propia lei na elección parlamentar da Dirección Xeral (artigo 23), en materia laboral coa elaboración do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos (artigo 36), en relación aos principios que deben rexer a Corporación (artigo 4) e que foron recollidos no seu Mandato Marco, así como en materia de xestión coa sinatura do Contrato Programa (artigo 33).

Unha Corporación que se mantén, de facto, á marxe da lexislación que a regula non pode ser debidamente xestionada, nin sequera cun orzamento

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:43
Nº Rexistro: 19939
Data envio: 08/11/2017 16:43:44.111

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ampliado a respecto das contas de 2017, como tampouco cumprir coa súa función de servizo público.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos do Ente Público CRTVG (Sección 04).

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19941
Data envio: 08/11/2017 16:44:34.049

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 05**, **Vicepresidencia e Administración Pública**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Os motivos que xustifican a devolución dos orzamentos explícanse en razón do argumentado para cada un dos departamentos relacionados.

VICEPRESIDENCIA.

SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE.

A falta de dotación orzamentaria para formación en igualdade de xeito transversal e a insuficiencia de fondos destinados a esta secretaría, á vista dos indicadores estatísticos das desigualdades de carácter laboral e social da posición das mulleres respecto dos homes na sociedade galega, así como os datos de violencia contra as mulleres determinan a insuficiencia dunhas políticas que aquí se amosa que carecen de respaldo orzamentario para se faceren efectivas.

ASESORÍA XURÍDICA XERAL

Non se garante que co orzamento consignado a Asesoría poda cumprir coa súa función de participación na elaboración dos plans de prevención de riscos de corrupción que se elaboren polo sector público autonómico, nin se especifica de que xeito e con que medios a Asesoría vai resultar funcional a este obxectivo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19941
Data envio: 08/11/2017 16:44:34.049

GRUPO PARLAMENTAR en marea

PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

SECRETARIA XERAL TÉCNICA

Tal como sucedía en anos anteriores, sen que fose resolto durante 2017, o control de infraestruturas administrativas non permite actualmente combater o cambio climático de xeito eficaz, porque a súa programación centralizada impide desconectalo localmente en caso de alta temperatura, e provoca situacións absurdas de funcionamento de sistemas de calefacción ao tempo que o persoal debe ter as xanelas abertas. Tamén se impide desconectalo na fin de semana. Esta situación determina unha dotación de fondos que non se atopa xustificada cunha xestión eficiente dos recursos.

DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

Con esta planificación orzamentaria non se cumpre cos obxectivos de implantación da Nova Oficina Xudicial, que por outra banda veñen xa de 2003.

Non se acredita o destino de fondos suficientes para a dixitalización do expediente xudicial electrónico, nin a modernización dos soportes informáticos para acadalo, malia as caídas dos servidores rexistradas no verán de 2017.

Non se consigna nin un só euro para asegurar que o programa informático da Administración de Xustiza vaia estar dispoñible en 2017 en lingua galega, malia a existencia dunha posición unánime da Cámara, por medio da súa Comisión 1ª, acada durante o 1º período de sesións de 2017.

Carece de consignación orzamentaria específica a potenciación das medidas alternativas á prisión, co que non se acredita a posibilidade do seu cumprimento.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19941
Data envio: 08/11/2017 16:44:34.049

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL

Non existe planificación de recursos para a fusión ordenada de concellos, e experiencias de anos anteriores revelan unha errática asignación de recursos que mantivo en situación de incerteza os que aprobaron a súa converxencia.

Malia os avances producidos no último ano nas áreas de Vigo e a Coruña, non existen referencias ás comarcas nin á área metropolitana da Coruña nas liñas de actuación –malia que xa está anunciada a súa creación-, e tampouco hai referencia ás áreas urbanas, o que revela a falta de compromiso cos espazos interurbanos en Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Ferrol.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

A actividade da dirección xeral non xustifica as partidas nin de propaganda nin de traballos técnicos non especificados.

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS EXTERIORES E COA UNIÓN EUROPEA

Non se fai avaliación do impacto do TTIP na economía galega e no emprego nin se consignan fondos para o estudo nin para paliar os seus efectos económicos e sociais, malia que a Cámara instou ao goberno a facelo no 1º período de sesións de 2017.

Non se dotan orzamentariamente programas de Cooperación para o Desenvolvemento nin se dá cabo do cumprimento dos compromisos de solidariedade establecidos con organizacións non gubernamentais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19941
Data envio: 08/11/2017 16:44:34.049

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

DIRECCIÓN XERAL DE REFORMA E AVALIACIÓN ADMINISTRATIVA.

As previsións orzamentarias non permiten garantir o desenvolvemento da Lei 1/2015 no relativo ás garantías cidadáns usuarias de servizos públicos, nin se dotan as ferramentas que permitan coñecer os recursos dispoñibles fronte actuacións ilícitas da administración.

Os programas orzamentados de medición de calidade obvian o uso da lingua galega como indicador.

Non existe avaliación e seguimento programados do cumprimento dos obxectivos de modernización, cando os investimentos da materia están sendo moi elevados, o que imposibilita os xuízos de eficiencia na asignación de gasto.

DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR.

Non aparecen consignadas partidas orzamentarias en relación ás medidas propostas polo Presidente da Xunta na sesión plenaria do Parlamento de Galicia do día 7/11/2017, en relación aos seguintes apartados:

- Implementación do mando único
- Equipos Forestais de Investigación para apoiar a Policía e a Garda Civil nas pescudas sobre a orixe dos lumes
- Equipos de Vixilancia de Incumprimento para supervisar que se leven a cabo as medidas de prevención
- Rexistro de investigación de incendios, con información á disposición dos equipos

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19941
Data envio: 08/11/2017 16:44:34.049

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

No ámbito de unidade de policía adscrita non aparece consignación orzamentaria para reforzar a investigación de incendios.

- Nin un euro consignado para a mellora de equipos das unidades;
- nin unha mención para a redimensión dos departamentos de investigación

CONSORCIOS AUTONÓMICOS.

A elección de formas indirectas de xestión e a súa dotación orzamentaria determinan que servizos esenciais como de extinción de incendios sufran unha precarización laboral inasumible polo Grupo Parlamentar de En Marea,

Por iso, En Marea solicita a súa devolución na súa totalidade da sección 05.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:23:12

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 19979
Data envio: 08/11/2017 17:26:41.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a **seguinte emenda á totalidade, de devolución, ao ente público Fundación Galicia Europa, Sección 05, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

A Fundación Galicia Europa leva 25 anos dedicando os seus esforzos á defensa dos intereses de Galicia en Europa, a informar sobre a UE en Galicia, a promover a participación das entidades galegas en proxectos europeos e a formar e sensibilizar sobre a Unión Europea na nosa terra. Todas estas acción terían que ser apoiadas polo Goberno da Xunta, pero Feijóo ben sabe que, tendo en conta o traballo que está a facer, benefícialle moito máis pasar desapercibido.

Ao Partido Popular non lle interesa tender pontes co exterior e, moito menos, proxectar Galicia no mundo. Como moito, a Feijóo convenlle manter a relación de submisión con Madrid na que se atopa dende os seus comezos e que segue a fortalecer con xestos irresponsables como a renuncia á AP-9. Para o Presidente, Madrid é hoxe un interlocutor e mañá, un destino.

Polo demais, o PP quere que Galicia permaneza nun discreto segundo plano. É normal, tendo en conta o que lle están a facer. Menosprezan a súa cultura e o seu idioma, e día tras día demostran que carecen dun proxecto de país. Como poderían, entón, defendela no exterior, cando non mostran o máis mínimo interese en defendela ante os galegos e galegas?

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 19979
Data envio: 08/11/2017 17:26:41.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Así, enténdense os orzamentos que o Goberno da Xunta pensa conceder á Fundación Galicia Europa. Este ano aumentan lixeiramente os cartos dedicados a fortalecer a acción exterior de Galicia, pero prevese xa que no futuro inmediato esa liña de acción vai ver diminuídos os seus fondos. É comprensible e coherente coa estratexia do Partido Popular. Mellor permanecer recollidos para que o mundo non coñeza as miserias das súas políticas.

Porque nós si apostamos pola defensa dos intereses de Galicia no exterior, **solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Fundación Galicia Europa**.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:22:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:25
Nº Rexistro: 19977
Data envio: 08/11/2017 17:25:51.016

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Escola Galega de Administración Pública , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O Partido Popular é unha formación antisistema. Non cree no Estado nin nos traballadores públicos. Proba disto é a esforzada labor que acometeu desmantelando a sanidade e a ensinanza públicas, así como patrimonializando as institucións para poñelas ao servizo dunha minoría privilexiada. Por isto, non é de estrañar que conxele os orzamento da Escola Galega de Administración Pública. Para que vai formar ao corpo de traballadores públicos cando nin tan sequera cre nel?

A Escola Galega de Administración Pública dedícase a formar e especializar ao persoal ao servizo da Administración pública de Galicia. A súas labores se centran na investigación e na divulgación coa finalidade de profesionalizar e formar de xeito continuado as persoas que traballan na Administración. Na medida na que un país saudable precisa traballadores que estean ao día e sexan capaces de adaptarse aos novos retos que van xurdindo, a Escola encargase dunha labor de gran importancia.

Non obstante, a súa contribución a mellora dos servizos públicos a través da formación non se ve recoñecida nos orzamentos, que se ven afectados polo estancamento. A mensaxe que o Partido Popular manda con isto aos traballadores da Administración é claro: non contamos con vós.

Porque apostamos pola formación continúa dos traballadores da Administración, **solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Escola Galega de Administración Pública.**

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:25
Nº Rexistro: 19977
Data envio: 08/11/2017 17:25:51.016

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:05:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19992
Data envio: 08/11/2017 17:32:59.752

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Axencia Galega de Emerxencias (sección 05), A1**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Non se consigna dotación orzamentaria para as reformas anunciadas en materia de atención telefónica aos Concellos en caso de emerxencias, malia que tal carencia foi denunciada por E Marea durante a comparecencia do Vicepresidente da Xunta.

Tampouco se consignan orzamentariamente as medidas relativas ás novas funcionalidades ou maior coñecemento que se pretende do 085 anunciado polo Presidente da Xunta na sesión plenaria do Parlamento de Galicia do día 7/11/2017.

Igual que sucedeu en 2017, a meirande parte dos investimentos reais da Axencia van destinados a contratar a atención telefónica, en mans privadas, nunha estratexia política e orzamentaria que non podemos admitir por impoñer unhas condicións laborais precarias para as persoas prestadoras do servizo e unha merma dos recursos que poderían estar a disposición do cumprimento doutras funcións esenciais da Axencia e non o están porque deben satisfacer o beneficio empresarial da adxudicataria.

Estas razóns obrígannos solicitar a devolución do orzamento da Axencia para que podan atender máis eficazmente os problemas detectados.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19992
Data envio: 08/11/2017 17:32:59.752

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:12:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19921
Data envio: 08/11/2017 16:20:43.955

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 05, Vicepresidencia, e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza E Axencia Galega de Emerxencia,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 05 – Vicepresidencia e consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza e Axencia Galega de Emerxencias.

Aínda que o orzamento de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza crece ata os 281 millóns de euros, o 60 % do gasto corresponde a gastos correntes de bens e servizos e de persoal, polo que de feito se da unha escasa capacidade de acción política nos departamentos que engloba esta sección, e onde algúns deles incluso diminúen.

Tal e o caso da Axencia Galega de Emerxencias que vai soportar unha redución orzamentaria para 2018 do 11,2 %. Chama a atención a falta dunha comparecencia específica cando se presentara de forma grandilocuente nos orzamentos de 2017 e cando si se realizara para os orzamentos do ano anterior e pese a que sería nesta ocasión máis xustificado para dar conta das súas actuacións e previsións concretas.

Tamén a función orzamentaria 21 de Protección civil e seguridade, cae dos 25,4 millóns de euros de crédito inicial de 2017 as 24,9 millóns de euros en 2018.

Polo que respecta á Secretaría xeral de Igualdade, o Grupo Parlamentario Socialista vén solicitando reiteradamente un aumento das partidas de igualdade para pasar a representar, cando menos, o 0,5 % do

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

orzamento total, pero quédase nun exiguo 0,13 %, o que constitúe un desprezo absoluto a unha das cuestións nas que o Goberno galego manifesta que é unha das súas prioridades.

As accións para o desenvolvemento da Lei integral contra a violencia de xénero contan cunha contía ridícula de 54.000 €, cun abandono xeral do papel da prevención, ao tempo que se elimina a partida de plataformas tecnolóxicas para apoio a loita contra a violencia de xénero, fundamentais para achegar ás mulleres máis illadas.

En materia de xustiza, aínda que a Memoria do orzamento indica unha suba das súas consignacións, se deben maioritariamente aos gastos de persoal. Pero se continúa sen a promoción nin o desenvolvemento do Dereito Civil Especial de Galicia; a promoción do galego na xustiza resulta totalmente insuficiente, sen que exista partida orzamentaria, cuestión que acontece igualmente para establecer algún tipo de medidas alternativas ao cumprimento das penas de prisión ou para a plena implantación do expediente xudicial electrónico.

O sistema de asistencia xurídica gratuíta agarda a modificación que nunca chega, cunha mínima suba de 100.000 euros e a reorganización da Administración de Xustiza mediante as novas oficinas Xudicial e Fiscal ten asignada unha partida insuficiente. E a racionalización dos espazos dedicados a arquivo xudicial, mediante a súa organización e o proceso de expurgo, ten unha partida moi exigua de 95.000 euros.

En relación ás novas infraestruturas xudiciais non existe en moitos casos correspondencia entre as contías presupostadas e o seu grado real de execución, ademais de darse retrasos evidentes.

No referente á Administración Local, e a pesar de que de forma recurrente se avoga por garantir a suficiente capacidade organizativa e financeira das entidades locais, se reflicte novamente a sistemática de subvencións e convenios (loxicamente finalistas), pero que deberían mudar en boa medida por novas fórmulas de financiamento local incondicionado. Cunha aposta nula a favor da suficiencia das entidades locais que practicamente manteñen a mesma contía que o ano anterior.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19921
Data envio: 08/11/2017 16:20:43.955

En materia de Interior, o número de efectivos da Unidade de Policía Adscrita é actualmente inferior ao de anos anteriores , sen que, como sucedeu neste ano 2017, se prevea efectivamente o seu aumento.

En materia de xogo se presenta como obxectivo para 2018 "*un marco de regulación mais flexible, que facilite a normalización do xogo e acade a conciliación dos intereses do sector e da Administración e a sociedade en xeral",* o que resulta preocupante e negativo socialmente, en termos de saúde pública, de loita contra as ludopatías, ou de políticas de xuventude.

Polo que respecta a Relacións Exteriores e coa UE, resulta inaceptable que non escriban unha liña sobre refuxiados, cando o certo é que tan so chegaron a Galicia 159 persoas, unha moi escasa porcentaxe do total previsto.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:58:37

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19942
Data envio: 08/11/2017 16:44:41.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05**, **Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, así como os Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Vicepresidencia e da consellaría da Presidencia son continuistas a respecto de exercicios anteriores e polo tanto non dan resposta a necesidades urxentes que ten a nosa sociedade en materias sensíbeis como a igualdade ou a atención ás emerxencias.

En materia de igualdade, se ben se producen incrementos en partidas destinadas a loitar contra a violencia machista, consideramos que son claramente insuficientes xa que a xuízo do BNG a dotación deste capítulo debería situarse no 1% do do orzamento total da Xunta de Galiza. Este compromiso permitiría desenvolver as actuacións contempladas no acordo parlamentario nesta materia.

Neste proxecto de orzamentos mantense a opción política deste goberno por un sistema de atención ás emerxencias de xestión privada, fragmentado, sen operativos eficaces de mando e coordinación, e con fortes desequilibrios territoriais. Este modelo demostrou a súa ineficacia na crise dos lumes da fin de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19942
Data envio: 08/11/2017 16:44:41.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

semana do pasado 15 de outubro, polo que cómpre desenvolver un conxunto de actuacións para desenvolver un novo sistema de atención ás emerxencias público, con mando único, coordinado e que permita atender todo o territorio e situacións extraordinarias de risco.

No que ten que ver co ámbito da xustiza, consideramos necesario incrementar as actuacións de mellora dos edificios xudiciais que sofren problemas de espazo, así como atender o proceso de dixitalización da administración da xustiza. Por último, consideramos imprescindíbel iniciar un plan de galeguización deste ámbito da administración.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 05.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19942
Data envio: 08/11/2017 16:44:41.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19944
Data envio: 08/11/2017 16:44:57.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 06**, **Consellería de Facenda**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Os Orzamentos Xerais terían que servir para concretar cal é o proxecto de país da Xunta de Galicia. Non obstante, os orzamentos do Partido Popular limítanse a subliñar que o Goberno fai política de costas á cidadanía e a realidade galega. Un ano máis, a súa proposta non satisfai ningún dos obxectivos esperables: non supón ningunha mellora para a función pública, nin para a nosa cultura económica e salarial, nin para á Administración no seu conxunto. Non se trata, en definitiva, de orzamentos pensados para Galicia. Son unicamente o resultado da aplicación mecánica da doutrina neoliberal dos populares; a mesma doutrina neoliberal que primeiro provocou a crise e que logo a alongou para beneficios duns poucos. Acaso pretende o Partido Popular levantar a economía galega aplicando as mesmas receitas que a afundiron na sima máis profunda das últimas décadas? Sería unha loucura, pero que esperar dun Goberno que de xeito sistemático confunde a solvencia coa asfixia económica da súa cidadanía e das súas administracións?

Un Goberno responsable empregaría os orzamentos da Consellería de Facenda para afianzar os piares da Administración que manteñen en pé o Estado de Benestar e garanten un gasto social acorde as necesidades dos galegos e das galegas, máis nun momento como este, no que gran parte da cidadanía continúa sen ver a luz ao final da crise. Porén, de novo nos atopamos cuns orzamentos antisociais que antepoñen os intereses duns poucos ás necesidades da maioría. O Partido Popular pretende converter a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19944
Data envio: 08/11/2017 16:44:57.814

presunta recuperación económica nunha oportunidade de negocio para as elites económicas, como xa fixo coa propia crise.

Pero quizais o máis grave é o feito de que o Goberno deseña os seus orzamentos sen atender ás especificidades da realidade galega, como demostra o desleixo cara entidades dependente das Consellería, como son o Consello Económico e Social de Galicia, a Axencia Tributaria de Galicia e o CIXTEC. Con este novo xesto, o Partido Popular ratifica que non ten o máis mínimo interese no autogoberno. A formación de Núñez Feijóo ten unha profunda vocación submisa.

Por todo isto, rexeitamos os orzamentos da Sección 06, Consellería de Facenda, do Proxecto de Orzamentos para o ano 2018 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados na súa totalidade.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:38:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:29
Nº Rexistro: 19985
Data envio: 08/11/2017 17:29:44.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, dos orzamentos do **servizo B1, Consello Económico e Social de Galicia da Sección 06, dos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

O Consello Económico e Social (CES) é un órgano consultivos das políticas públicas da Xunta de Galicia que cumpre un papel fundamental, no marco dunha sociedade que debe afondar no seu carácter democrático, sendo un foro permanente de diálogo e deliberación entre a sociedade civil organizada e a Xunta de Galicia para facilitar a participación dos axentes socioeconómicos e representantes da sociedade civil no proceso de toma de decisións, tendo o cometido tanto de analizar a actividade normativa gobernamental como de elaborar, por iniciativa propia, estudos e informes que dean lugar a propostas de acción política en calquera ámbito directamente vinculado ao desenvolvemento económico e social do País.

No Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da C. A. de Galicia para o ano 2018, os fondos previstos para o CES non acadan o mínimo necesario para reforzar o seu papel consultivo e de análise sociopolítica, quedando en 922.898 €, o que supón un aumento dun 12,6% dende o ano 2017, pero ficando aínda un 30% por debaixo do orzamentado en 2008. Ademais, o Capítulo II, que representaba case o 60% dos Orzamentos do organismo en 2009, redúcese en 2018 á metade do orzamentado en 2017, representando só o 14% do total dos fondos do CES, o que significa que o organismo consultivo terá moitos menos medios para a realización de informes e estudos, aumentando así a porcentaxe sobre o total que representa o mantemento de persoal e estrutura. A maiores,

introdúcese un capítulo para estudos e investigacións, pero moi lonxe dos fondos que se precisarían.

Os Orzamentos de 2018 consolidarían así o baleirado de contido que o Goberno da Xunta leva anos aplicando ao CES, ben a través de reducir os seus recursos para a elaboración de informes e a realización de xornadas e cursos, ben non sometendo a ditame do CES proxectos de lei.

No momento actual de precariedade laboral en Galicia, malia o aumento do PIB – tal e como recoñece a Memoria sobre a situación económica e social de Galicia de 2016 – é fundamental reforzar a labor de análise do CES e a súa capacidade de proposta para que a sociedade civil galega se implique en dar solucións aos problemas estruturais do País como a propia precariedade laboral ou o devalo demográfico.

Por outra parte, nun escenario parlamentar de maioría absoluta, a labor consultiva do CES sobre a labor lexislativa do Goberno é fundamental para complementar a tarefa dos grupos parlamentarios, implicando a sociedade na participación nas políticas da Xunta.

Polo exposto con anterioridade, rexeitamos os orzamentos da Sección 6 da Consellería de Facenda (Consello Económico e Social) do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución para seren reformados tendo en conta a necesidade de reforzar o papel do CES como organismo consultivo e de análise socioeconómica, tendo en conta a participación de distintas entidades e organismos da sociedade civil.
Por todo o exposto solicitamos a **devolución** dos **orzamentos** do Servizo B1, **consello Económico e Social** de Galicia da Sección 06, dos orzamentos da Xunta para o 2018.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:29
Nº Rexistro: 19985
Data envio: 08/11/2017 17:29:44.267

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:17:32

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19922
Data envio: 08/11/2017 16:20:59.908

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no art. 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 06, Consellería de Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cistec**, con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 06 – Facenda, Axencia Tributaria de Galicia e Cixtec.

O Proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2018 diminúe nun 2,35 %, mentres que o gasto non financeiro apenas se incrementa nun 2,88 %, porcentaxe inferior en todo caso ao medre esperado da economía. Datos que amosa a falta de confianza así como a falla dunha firme aposta polo restablecemento dos servizos públicos e o emprego a niveis anteriores á crise económica. Polo tanto, as dotacións nos servizos públicos non garanten a recuperación da súa calidade e non se ten en conta que a situación socioeconómica actual das familias galegas ten empeorado considerablemente.

Se continúa sen ofrecer un plan real de dinamización demográfica, que debería prever cuestións como a creación de emprego estable e de calidade, facilidades para o acceso á vivenda, servizos públicos de calidade, medidas para conciliar a vida laboral e familiar e incremento de medidas que aposten claramente polo I+D+i.

Igualmente os últimos datos públicos nos indican que tanto as familias sen ingresos como as que teñen todos os seus membros no paro diminúen a un ritmo moi lento, sen que atopemos nestes orzamentos ningún plan de choque que atalle esta situación, máis aló da dotación para a Risga que, sendo absolutamente necesaria, evidencia o fracaso social e económico na xestión dos recursos da Xunta de Galicia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19922
Data envio: 08/11/2017 16:20:59.908

Pola contra, vemos como a previsión de ingresos, fundamentalmente no que se refire a impostos directos (IRPF, Imposto sobre o Patrimonio, e Imposto sobre Sucesión e Doazóns) reflicten unha baixada, o que non parece corresponderse cunha mellora da situación económica. Polo que dedúcese que a Consellería de Facenda renuncia de novo a exercer unha política fiscal progresiva, na que as rendas máis altas contribúan máis, na procura dunha mellor e máis equitativa redistribución da riqueza.

Incluso a propia Axencia Tributaria Galega diminúe o seu orzamento respecto ao 2018, o que, novamente, amosa a falta de esforzo para combater a fraude fiscal, sen que o Goberno galego teña previsto un plan con obxectivos e indicadores contrastables e controlables.

A igualdade, como elemento vertebrador, non foi tido en conta neste documento, a pesar de que o informe sobre o impacto de xénero forma parte del, o que implica examinar o xeito en que a distribución de recursos orzamentarios afecta ás oportunidades económicas, sociais e persoais de mulleres e homes, e medir o impacto do gasto público en relación cos obxectivos de igualdade de xénero.

En definitiva, non son uns orzamentos que respondan ás necesidades da poboación galega actual nin ás necesidades do noso territorio; non se teñen en conta as novas situacións socioeconómicas xurdidas nos últimos anos e non se arbitran medidas que eviten a exclusión social e a exclusión económica.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:58:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Facenda e todas as entidades públicas, instrumentais dependentes, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de lei de Orzamentos da Consellería de Facenda para 2017 consolidan un modelo de crecemento fráxil, que non afonda nos cambios fondos e estruturais que precisa Galiza para fortalecer e anovar os seus sectores produtivos e apostar por un modelo social de superación da desigualdade e a precariedade que aumentaron como consecuencia da crise socioeconómica e do neoliberalismo. Estes orzamentos non supoñen un cambio substancial a respecto das prioridades políticas e o seu incremento é insuficiente para recuperar os servizos esenciais de máis de dúas lexislaturas de recortes.

De seguido sintetizamos a xustificación que nos leva á presentación desta emenda.

1. **Certificación da perda de posicións de Galiza na relación económica co Estado e do fracaso do Partido Popular na súa defensa.**

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O proxecto de orzamentos para o ano 2018 incrementa a súa contía a respecto do ano 2017 en 265 millóns de euros, un 2,9%. Ademais, desta volta si esgota o teito de gasto aprobado. Porén, malia a autocomplacente análise do goberno galego, que un ano máis refire o carácter expansivo do proxecto, a realidade é que se trata dun aumento moi limitado e insuficiente para recuperar servizos e investimentos eliminados nos anos de maior impacto da crise económica. Por exemplo, trátase dun incremento moito menor ao experimentado do 2015 ao 2016, que foi de 369 millóns de euros un 4,4%, e aínda máis inferior ao experimentado do 2016 ao 2017, que foi de 465 millóns de euros, un incremento do 5,3%. Polo tanto, aumenta e achéganos a niveis previos da crise nas contías (non así nas prioridades, como analizaremos nas demais seccións) pero fano de forma moderada, aínda lonxe de 2009 e de forma insuficiente para compensar máis dúas lexislaturas de recortes.

Este aumento limitado certifica o impacto negativo do noso país do punto de partida sobre o que se asentan estes orzamentos: o marco político centralista que nos impón un teito de gasto que limita a capacidade de actuación real do goberno galego e un sistema de financiamento insuficiente para exercer o noso autogoberno e garantir os servizos esenciais dos que somos responsábeis, como sanidade ou o ensino.

É o goberno central do Estado, co absoluto silencio do PP de Galiza, quen impón unilateralmente a repartición da capacidade de gasto e déficit, privilexiando a administración central e facendo que o noso país cumpra a función de descentralización administrativa en lugar de exercer un autogoberno real que decida sobre as nosas prioridades. Ademais, cómpre sinalar tamén como

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a análise dos ingresos evidencia unha vez máis as limitacións dun modelo de financiamento insuficiente xa que a contía que achega (7.412 millóns de euros) retrocede a niveis de 2008 (7.335 millóns de euros) por debaixo aínda do ano 2009. O feito de que Galiza conte con cantidades similares unha década despois evidencia o fracaso do goberno de Núñez Feijoo e equivale a unha década na que Galiza non só non mellorou as súas posicións, senón que viviu desde o 2010 fortes rebaixas na contía achegada, o que impactou de forma negativa na nosa cohesión social e na nosa capacidade para enfrontar a crise.

Neste momento histórico, o asentimento cómplice do goberno galego diante das restricións financeiras do Estado así como o inmobilismo e falta de iniciativa diante das negociacións para o novo sistema de financiamento repercuten de forma negativa no presente orzamento e hipotecan as nosas posicións de cara ao futuro.

2. Crecemento fráxil e a costa das maiorías sociais.

Malia a mellora das magnitudes globais, as decisións orzamentarias van na dirección contraria ao que precisa este país, conformándose un crecemento de cristal que é fráxil e que deixa moitos sectores e moitos galegos e galegas atrás, estabelecendo prioridades que nos apartan dos obxectivos de xustiza social.

Un ano máis, os orzamentos prevén o incremento do Produto Interior Bruto, que se estima chegará no 2018 até o 2,5%. Dunha banda, trátase dun incremento menor que o previsto para o presente ano, que se estima que medrará nun 3,1%, o que incide na desaceleración desa suposta expansividade. Doutra

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

banda, prevese un crecemento fiado á perda de poboación, nomeadamente da activa. Se ben os orzamentos sitúan no 14,2% a taxa de paro para o 2018, non se prevé un esforzo orzamentario e político destinado á creación de emprego neto. Pola contra, estímase que o emprego neto medrará un 1,7%, pero o propio Informe Económico Financeiro recoñece, outro ano máis, que será un descenso da poboación activa o que conducirá ao cumprimento desa taxa estimada. Xa que logo, que descenda a poboación activa nun contexto de crecementos consecutivos do PIB indícanos a fraxilidade deste crecemento e a profundidade da crise e as súas consecuencias así como a renuncia do goberno galego a intervir en elementos preocupantes como a terciarización e a fragmentación do mercado laboral ou a perda de poboación. Polo tanto, estes orzamentos consolidan a desigualdade e a precariedade da crise e carecen dunha apostas estratéxica para outro modelo social.

3. **Renuncia a transformar a política de ingresos e facer realidade o mandato de progresividade e redistribución da riqueza.**

O goberno perde a oportunidade novamente de levar a cabo cambios significativos conducentes a dotar de maior progresividade ao IRPF e baixar o mínimo exento, así como introducir maior progresividade no imposto de patrimonio ou apostar de forma decidida pola creación de novos impostos que permitan incrementar os recursos destinados a igualar a sociedade galega e a dinamizar a economía, para alén de contribuír a garantir a dotación dos servizos básicos.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nunha Galiza cada vez máis desigual, o goberno galego renuncia á súa capacidade de intervención e non ofrece cambios significativos contribuíndo ao agravamento das fendas sociais. Dende que goberna Alberto Núñez Feijóo a taxa de risco da pobreza incrementouse ata tres veces máis rápido do que no conxunto do Estado español e malia os Orzamentos teoricamente expansivos dos últimos anos, a súa política tense amosado absolutamente incapaz de reverter a situación. Así, nos anos 2015 e 2016 da Enquisa sobre condicións de vida do Instituto Nacional de Estatística observamos como se no 2009 a taxa de risco de pobreza, avaliada sobre o ano anterior á entrevista, era na Galiza do 14,3% e no Estado do 20,4%, xa no 2016 vemos como a galega chega ao 19% e a do Estado ao 22,3% supoñendo a variación a respecto do 2009 nun 32,9% para o ámbito galego, moi por riba do 9,3% da media estatal. Outros indicadores, como o sétimo informe *O estado da pobreza en Galicia*, feito público pola Rede Galega de Loita contra a Pobreza (EAPN-Galixa), amosan unha diagnose da difícil situación na que se atopan moitos galegos e galegas aos que a mellora do cadro macroeconómico non supón un cambio significativo das súas condicións materiais de vida, como que preto de 700.000 persoas se atopaban no ano 2016 en risco de pobreza e/ou exclusión social, o que supón unha cuarta parte da poboación galega e a invalidez dun modelo económico e social que se sostén nas desigualdades das maiorías sociais.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Consellería de Facenda (Sección 06).

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:44
Nº Rexistro: 19943
Data envio: 08/11/2017 16:44:51.783

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19948
Data envio: 08/11/2017 16:45:19.392

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 07**, **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Logo da dramática vaga de lumes que sufriu o país no pasado mes de outubro, compre que dende a consellería de Medio Ambiente, se articulen as políticas necesarias para prever e atallar na medida do posible as consecuencias do cambio climático, pero tamén para actuar sobre as súas orixes.
En Galicia fronte a isto insistimos nun modelo depredador, como coa nova lei de iniciativas empresarias que camiña no senso contrario, provocando que o país sexa contemplado como un mero fornecedor de recursos para o expolio das multinacionais estranxeiras.

O proxecto de Orzamento da Consellería de Medio Ambiente, e Ordenación do Territorio é continuísta e nel non se albiscan os cambios profundos que permitan afrontar a loita contra o cambio climático, conservación dos espazos naturais e da biodiversidade, a xestión sostible do lixo, ou o saneamento integral das rías e ríos.
A día de hoxe apenas podemos coñecer mais que un anuncio do que debe ser a estratexia Galega contra o cambio climático, nesta consellería atopamonos cunha conselleira ausente mais preocupada da súa campaña electoral municipal que de afrontar os retos do seu departamento.
Non podemos compartir un orzamento que insiste no modelo da incineración fronte a redución, reutilización e reciclaxe, é que non contempla ningún plan para a recuperación ambiental logo da traxedia dos lumes.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19948
Data envio: 08/11/2017 16:45:19.392

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo o exposto, e porque as políticas que pretenden desenvolver estes orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e científica, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro,**SOLICITAMOS a devolución do Orzamento desta sección.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:24:55

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19982
Data envio: 08/11/2017 17:27:58.392

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, dos orzamentos de Augas de Galica, da sección 07, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Augas de Galicia, como ente público con competencias no eido da auga, encargase de levar a cabo tarefas tan importantes como garantir a utilización sustentable e racional da auga; garantir a eficacia na prestación de servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración; ou reducir a contaminación causada polas verteduras; entre outras.

Nun período como o actual, no que vimos de padecer a peor seca da historia recente de Galicia, é claro que a xestión da auga ten que poder efectuarse nas mellores condicións. Recortar no coidado dos nosos recursos hídricos supón poñer en risco tanto o noso medio ambiente como a nosa propia saúde.

Non obstante, a xestión que está a facer o Goberno da Xunta da auga é, no mellor dos casos, neglixente. Non temos máis que deternos nalgunha das medidas peregrinas que se tomaron os últimos meses para comprobalo. Para combater a seca, permitiuse aos gandeiros e gandeiras abastecerse coa auga dos depósitos destinados a loita contra incendios, en vez de garantir un subministro independente. Deste xeito, combateuse a seca favorecendo o lume.

Nos orzamentos de este ano, observamos que o Partido Popular segue sen tomarse suficientemente en serio a importancia da auga. Vémolo moi claro nos recortes que leva a cabo na protección e mantemento do Dominio Público Hidráulico da demarcación hidrográfica Galicia Costa (que pasa de 7.152.986 de euros a 6.769.877), nas actuacións previstas de soporte e apoio (que pasa de 18.181.999 de euros a 17.818.021) e no número de actuacións de abastecemento, saneamento e depuración (que pasa de 129 a 105).

Porque non podemos aceptar recortes no coidado do noso medio natural, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para Augas de Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19982
Data envio: 08/11/2017 17:27:58.392

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:11:35

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19923
Data envio: 08/11/2017 16:21:13.221

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3.ª,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 07 –Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia e Sogama, S.A.,** con expresa petición de **devolución**, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 07 – Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Augas de Galicia e Sogama S.A.

O documento de orzamentos presentado, incluso antes da súa tramitación, xa non están adaptados á evolución medioambiental do país, e de feito, a vaga de lumes deste mes de outubro, con máis de 35.000 hectáreas queimadas, é a proba máis evidente. Polo tanto, volven ser unha oportunidade perdida para Galicia. Novamente é vulnerado o artigo 45 da Constitución Española de 1978.

Pese ao lixeiro aumento con respecto ao ano anterior de gasto en actuacións ambientais, en realidade, cerca dun 8 % vaise en gastos de persoal. Pero continúa a ser moi inferior ao de fai nove anos, xa que daquela a macroconsellería de 2009 (MATI) tiña un orzamento de 878 millóns de euros. Para 2018, a Consellería de Infraestruturas ten un orzamento de 406 millóns de euros e Medio Ambiente de 117 millóns de euros, polo que o total (de 523 millóns de euros) resulta ser un 40 % inferior.

Se segue coa elaboración da Estratexia Galega de Cambio Climático 2050, pero non sabemos ata cando debese agardar. Con Galicia nunha seca profunda e sen plan de adaptación ao cambio climático.

Manifestase na Memoria orzamentaria que se ten prevista unha nova lei do patrimonio natural de Galicia porque é necesaria para acadar unha

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

protección máis eficaz do patrimonio natural e da biodiversidade. Pero non se establece prazo algún e tampouco non existes dotacións para poder dar cumprimento a tal finalidade.

En ordenación do territorio, a partida para o desenvolvemento e seguimento dos instrumentos das directrices de ordenación do territorio nin sequera cubre a que se tiña prevista para 2017, xa que dos 350.000 euros previstos para o actual exercicio pásase a 55.000 euros.

Pola súa banda, o Instituto de Estudos do Territorio destina o 70 % do seu orzamento ao pago do persoal e só o 30 % a accións e investimentos reais. E na Axencia de Protección da Legalidade Urbanística os 5,38 millóns de euros orzamentados é unha contía menor que a que figura nos orzamentos de 2017, destinándose a salarios 3,09 millóns de euros. O que imposibilita poñer en práctica medidas de corrección da legalidade.

No investimento dedicado ao saneamento e depuración das rías existen importantes carencias, pois non existe consignación algunha a cuestións fundamentais, como actuacións neste eido na ría de Arousa, en Noia, a EDAR de Os Praceres ou a de Poio. Ademais os antecedentes sobre a súa execución real son moi negativos, como evidencia, por exemplo, que no ano 2016, do volume de transferencias previsto para Augas de Galicia con destino a investimentos, levouse a efecto menos do 2 % (de 31,5 millóns de euros só 0,6 millóns de euros). Con estas cifras de execución é imposible que se manteña o ritmo de investimentos nas obras hidráulicas necesario para obter o recoñecemento de bo estado ecolóxico das augas en 2018, tal e como esixe a Directiva Marco da Auga do ano 2000. O que significa enfrontarse a sancións (xa reiterativas) por parte da UE.

En relación a Sogama, na memoria orzamentaria se manifesta expresamente que se fixo tendo en conta as premisas e condicionantes principais previstos na revisión do Plan de Viabilidade da Sociedade para os anos 2015 a 2025, planificación xa totalmente superada. Tal e como acontece igualmente co desfase do propio Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aínda que recoñecese que para o ano

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19923
Data envio: 08/11/2017 16:21:13.221

2018 será precisa a súa actualización, para cumprir cas directrices europeas de maior reciclaxe e vertido cero.

Os ingresos continúan a conter o abusivo incremento do canon dun 23,50 % da anterior Lexislatura, e na orixe dos fondos para financiar os investimentos está calculada sobre a base dun índice irreal de cobro anual do 100 %, o que non será certo.

Como anos anteriores, séguese a manter unha política salarial de persoal aberrante para o seu presidente, cunha retribución excesiva para unha empresa de carácter público.

O apartado de servizos exteriores -cun orzamento de máis de 87 millóns de euros - non está suficientemente explicado e o razoamento que se da sobre o incremento do prezo dos combustibles (e polo tanto do contrato de transporte de residuos), non é correcto, pois a maior parte dos residuos é auga, que podería non ser transportada se a súa xestión estivese feita de acordo á normativa comunitaria.

Por último, o proxecto estrela deste exercicio de Sogama parece ser a continuación das obras das dúas novas plantas: unha relativa á recuperación de materias valorizables presentes na fracción resto; e a outra de compostaxe, cunha capacidade de 15.000 toneladas (é de supoñer que nos propios terreos de Sogama), cuestión que xa estaba prevista dende 2016, pero que aínda non existe.

Pazo do Parlamento, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:58:58

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19945
Data envio: 08/11/2017 16:45:00.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, **da Sección 07, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e aos organismos dependentes da mesma, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e organismos dependentes da mesma non responden as necesidades da sociedade galega cuestións centrais como o ciclo da auga ou o tratamento de residuos.

En relación co ciclo da auga, non deseñan unha estratexia para facer fronte aos problemas de abastecemento de auga para o consumo doméstico, un reto acuciante pola situación de alerta por seca que sofre o país. A falta de compromisos orzamentarios nesta materia vese agravada pola baixa execución orzamentaria de exercicios anteriores.

Botamos de menos tamén unha estratexia integral para o saneamento e rexeneración das rías galegas, que sofren importantes niveis de contaminación e merma da súa capacidade produtiva.

En materia de conservación do medio natural e da biodiversidade, non se atenden convenientemente as recomendacións da EU sobre a rede de espazos naturais protexidos e a súa ampliación.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19945
Data envio: 08/11/2017 16:45:00.017

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tampouco se apreza un esforzo de investimento para abordar unha estratexia galega contra o cambio climático, que debería ser unha prioridade na actuación do goberno para os vindeiros anos.

O orzamento prevé unha importante dotación económica para consolidar o modelo SOGAMA e a incineración. Un sistema fracasado, con elevados custos económicos e ambientais e que non cumpre as determinacións da lexislación vixente en materia de redución, reciclaxe e recuperación sustentábel e saudábel dos residuos sólidos. O proxecto de orzamentos exclúe a posibilidade de apoiar un modelo descentralizado que aposte pola compostaxe como sistema de tratamento da fracción orgánica, que representa máis do 40% dos residuos sólidos urbanos.

Por todas estas razóns solicitase a devolución dos orzamentos da Sección 07.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:58:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19951
Data envio: 08/11/2017 16:45:38.377

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 08**, **Consellería de Vivenda e Infraestruturas**, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Segundo datos do CXPX os desafiuzamentos increméntanse en Galiza no primeiro semestre de 2017 con respecto ao mesmo periodo do 2016 e seguen a ser un problema de enorme magnitude xa que representan unha cifra duns 6 desafiuzamentos diarios.

Os resultados demostran que a política de vivenda da Xunta de Galicia, é puramente cosmética e superficial e non ten vontade de atacar as bases dun modelo que focaliza a vivenda como negocio e non como un dereito.
Non está garantido o dereito constitucional a unha vivenda digna para todos os galegos e galegas, a pesar de que consta como obxetivo prioritario na memoria do IGVS.

Tanto a lexislación coma os orzamentos son insuficientes para afrontar con éxito a solución a éste drama que viven centos de familias ano tras ano.
O balance dos programas de prevención e de realoxo de persoas desafiuzadas é desolador e non se fai unha avaliación crítica nin cambios nas políticas e orzamentos que permitan mudar o rumbo.

Aínda que se incrementan levemente os programas de acceso á vivenda 451A, e de Rehabilitación da vivenda 451B, non se recuperan os niveis previos á crise, nin se achegan aos orzamentos de paises europeos onde hai verdadeiras políticas públicas de vivenda e poden servir de exemplo, e ano tras ano quedan sin executar importantes cantidades orzamentadas.

Os datos de execución destes programas e o descenso da actividade de rehabilitación nestes anos son moi evidentes.

As políticas da Consellería de Vivenda e Infraestruturas seguen a apostar pola creación de infraestruturas destinadas á utilización do transporte privado e individual, sen ter unha estratexia coherente cos retos da loita contra o cambio climático, ao que hai que sumar a desastrosa política sobre transporte público desenvoltas polo goberno galego.

A implantación da primeira fase do Plan de Transporte Público de Galiza foi un sonoro fracaso e un desastre en canto a planificación e previsión.
As innumerables queixas de usuarios e concellos son a mostra, provocándose unha situación na que no mellor dos casos voltouse á situación anterior, deixando arranxar as cousas a concellos e eempresas ante a incapacidade da Consellería.

Segue ausente dos orzamentos a vontade de ter unha política propia de promoción do tren, que debería de comezar pola reclamación da trasferencia das competencias das políticas ferroviarias, e por iniciar proxectos de adecuación de vías ou construcción de novas infraestructuras que conecten as principais cidades e vilas do país que aínda non o están ou non o están en condicións mínimas para un medio de transporte propio do século XXI.

Galicia é unha das CCAA que carecen de servizo de cercanías, a pesar de que se trata dunha reclamación histórica e a pesar de contar coa infraestructura ferroviaria precisa para crear un tren de proximidade. A aposta por esta infraestructura debería ser unha das prioridades desta Consellería pero pasan os anos e segue sen aparecer nos orzamentos a plasmación de liñas políticas neste senso.

En Infraestructuras repítense promesas dos últimos anos que falan dos moitos incumplimentos da Xunta de Galicia como a VAC Tui-A Guarda, a continuidade

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19951
Data envio: 08/11/2017 16:45:38.377

da autocía Santiago-A Estrada, o eixo Begonte-Palas-Friol, a conexión co Polígono de San Cibrao, etc

Por todo o exposto, as políticas que pretenden desenvolver estes orzamento son contrarios á lóxica ambiental, económica e social, e non debuxan un cambio de orientación necesario para o futuro, e por elo **SOLICITAMOS** a **devolución dos orzamentos da Consellería de Vivenda e Infraestruturas para o** ano 2018.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:37:16

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:25
Nº Rexistro: 19976
Data envio: 08/11/2017 17:25:27.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 80, Instituto Galego de Vivenda e Solo, sección 08, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O Instituto Galego de Vivenda e Solo leva tempo sen cumprir cunha parte fundamental do seu cometido: buscar solución ao drama inmenso dos desafiuzamentos.

No segundo trimestre deste ano, os desafiuzamentos acadaron un máximo histórico en Galicia. 732 familias foron desafiuzadas, un 6% máis que no mesmo período de 2016. A gravidade do asunto increméntase aínda máis se temos en conta que no conxunto do Estado a redución foi do 8,4%. A isto hai que sumar os desafiuzamentos diarios que se produciron por non poder facer fronte ao aluguer.

Isto é un síntoma claro de que a precariedade continúa instalada na nosa terra e de que as institucións non están sendo capaces de poñer as súas ferramentas ao servizo da cidadanía. Están demasiado ocupadas sendo patrimonializadas polo Partido Popular.

Que non existe unha vontade nítida de darlle a volta a situación é algo que vemos reflexado nos orzamentos do IGVS deste ano. Estancáronse como se non pasara nada, a pesar de que, como dicimos, a situación é dunha gravidade extraordinaria.

Para que tódolos galegos e galegas podan acceder a un fogar e a unha vida digna, temos que mudar isto dotando ás políticas de vivenda do respaldo económico que merecen.

Por todo isto, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos do IGVS.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:25
Nº Rexistro: 19976
Data envio: 08/11/2017 17:25:27.235

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:05:03

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19924
Data envio: 08/11/2017 16:21:29.236

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3.ª,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 08 – Consellería de Infraestruturas e Vivenda**, **Axencia Galega de Infraestruturas, Xestur S.A. e Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.**, con expresa petición de **devolución,** en virtude das seguintes consideracións:

Sección 08 – Infraestruturas e Vivenda, Axencia Galega de Infraestruturas, Xestur S.A. e Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.

A consellería non contribuirá na medida necesaria á creación de emprego nin servirá para reactivar a economía, posto que continúan coa liña de parálise dos últimos exercicios e dado que os investimentos da consellería representan un esforzo notoriamente insuficiente para corrixir os desequilibrios en infraestruturas e dotacións.

Outro ano máis os incumprimentos de actuacións acumula déficits e xeran unha desconfianza real e fundada sobre o reflectido no proxecto de orzamentos de 2018 en canto os seus compromisos de execución. Os incumprimentos na execución dos diversos plans presentados pola consellería, como pode ser o relativo ás estradas, son xa clamorosos, especialmente nas de alta capacidade ou de altas prestacións, posto que ningunha delas está prevista a súa finalización para antes do ano 2019, tendo a maioría das obras un horizonte que nos leva a próxima lexislatura. Esta demora e falla de materialización fan que as partidas orzamentarias sexan insuficientes, máis aínda cando se deixan de investir contías importantes dos orzamentos xa aprobados.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19924
Data envio: 08/11/2017 16:21:29.236

En relación á Sociedade Pública de Investimentos**,** nos seus orzamentos non están nin definidos os mandatos para o vindeiro ano, nin se precisan as fontes de financiamento nin os seus efectos, volvendo dita empresa pública a utilizar vellas costumes de incorporar obras de mantemento, cuestión que deberían ser asumidas polos orzamentos das consellerías. O orzamento da SPI parece pois o caixón onde todo cabe, dende actuacións de conservación e mantemento ata obras novas, sen criterio de asignación e priorización e sen especificar as fórmulas de financiamento, debuxando partidas xenéricas que impiden coñecer os seus compromisos efectivos.

Se afrontarán obras de mellora dos tramos de concentración de accidentes (TCAS), pero non se concreta a cifra con destino a tal fin, cuestión que debe ser de máxima prioridade para acabar cos máis de cincuenta puntos negros da nosa comunidade que a DGT ten descrito como altamente perigosos. A seguridade viaria e o risco de perder vidas humanas debería ser da máxima urxencia e de máximo compromiso por parte deste orzamentos e desta consellería.

Con respecto á política de vivenda, se constata a falta de prioridade que arroxan os diferentes niveis de execución orzamentaria, respecto á promoción de vivenda pública. Cabe recordar que entre os anos 2014 e 2016, un 70 % do total previsto quedou se executar. Tampouco o suposto fomento e maior apoio as políticas de rehabilitación se detecta, máis cando existen uns antecedentes dunha execución insuficiente das partidas presupostadas nos pasados anos, cunha baixa adxudicación das axudas e cunha repercusión ínfima na sociedade.

Ca ausencia de medidas que atendan ao problema do desafiuzamento para o realoxamento ou axudas ao alugueiro, e que adoecen da mesma desconfianza ante o reflectido nos orzamentos, polo alto incumprimento de gasto en pasados exercicios. Existe un traslado case mimético das medidas anteriores, que incluso teñen menor

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19924
Data envio: 08/11/2017 16:21:29.236

investimento directo para este ano por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Así mesmo se reflicte igualmente a práctica desaparición de investimento no solo industrial, xa que existe un descenso do 60% das inversións directas en solo industrial. Un solo industrial que por outro lado ten a difícil tarefa de competir co país veciño de Portugal, e a vía do desleixo non parece a mellor das opcións.

En transporte, a posta en marcha do Plan de Transporte deixou en evidencia a distancia e falta de participación que amosou a consellería con todos os colectivos implicados, e que levou a unha situación de caos e desconcerto. Os orzamentos terán que ir acompañados dunha mellora na xestión das seguintes fases de posta en marcha.

As estacións intermodais , anunciado xa o comezo o pasado ano de tres delas, seguen sen comezarse. Un ano que a consellería denomina de impulso, pero que con estes orzamentos agocha outro ano de retraso dos que xa se levan.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:59:11

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19946
Data envio: 08/11/2017 16:45:08.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, **da Sección 08, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e aos organismos dependentes da mesma, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Desde o BNG consideramos que os orzamentos desta sección responden a unha aposta política clara por políticas de vivenda ou de mobilidade con unha clara compoñente social, equitativa e integradora.

Os orzamentos non atenden de maneira prioritaria facer fronte ao problema de acceso a unha vivenda digna. As principais eivas das políticas derivadas deste documento teñen que ver co insuficiente investimento en vivendas de promoción pública, vivendas sociais en réxime de alugueiro. Malia aos repetidos anuncios propagandísticos, tampouco se aborda unha política decidida en materia de rehabilitación e rexeneración urbana.

Estes orzamentos tampouco dan solución aos problemas de mobilidade dos galegos e galegas. Non existe investimento de ningún tipo nas comunicacións para apostar pola posta en marcha das cercanías na Galiza, non se dota de fondos a Compañía Ferroviaria galega, nin se aposta pola creación e mantemento de liñas de proximidade.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19946
Data envio: 08/11/2017 16:45:08.814

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia o incremento da sinistralidade viaria, non se contemplan investimentos imprescindíbeis para mellorar a seguranza viaria e a accesibilidade, e por promover un modelo de mobilidade sustentábel, saudábel e seguro na rede de estradas de titularidade autonómica, nomeadamente nas zonas urbanas e periurbanas e nos treitos que teñen maiores índices de sinistralidade.

Por todas estas razóns solicitase a devolución dos orzamentos da Sección 08.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:57:01

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19954
Data envio: 08/11/2017 16:45:58.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 09**, **Consellería de Economía, Emprego e Industria dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Emenda a totalidade dos orzamentos da Consellería de Economía, Industria e Enerxía

Analizando os orzamentos da Consellería observamos que estes no van na liña do que Galicia necesita para desenvolver un sector industrial competitivo. O importante, o que lle interesa a cidadanía son os resultados concretos deses mais de 500 M€ que as galegas e galegos puxeron nas mans do Goberno para que mellorara a súa vida e a da súas familias.

E cales son os resultados no que respecta as políticas industriais:

En canto a producción industrial. Dende 2008 perdimos en Galicia 6.000 M€ en valor de producción industrial en euros nominais, se consideramos a inflacción a perda en euros de 2017 sería de 6.800 M€.

Pero o máis preocupante é a evolución do emprego na industria:

O ano pasado expoñíamos con motivo dos orzamentos para 2017 que dende 2008 a industria perdeu en Galicia 34.501 traballadoras e traballadores afiliados a Seguridade Social.

Este ano 2017 a 30 de setembro, un ano despois do dato anterior e cun PIB xa similar ao de 2008, a perda de postos de traballo no sector industrial con respecto a 2008 é de 29.812 persoas.

É dicir xestionáronse uns 500 M€, en moitas partidas, pero que case todas teñen un obxetivo final, a creación de emprego na industria.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19954
Data envio: 08/11/2017 16:45:58.455

O resultado é a creación de 4.689 postos de traballo, un 3,4% mais que en 2016, a maioría temporal e con salarios moito mais baixos que os que había tradicionalmente no sector industrial. No que a esta Consellería corresponde cada posto de traballo creado costounos 106.000 €. Non parecen uns resultados moi satisfactorios.

Un caso paradigmático é o misterio do polígono de drons de Rozas onde se levan investidos mais de 100 M€ e as empresas adxudicatarias crearon pouco mais de 20 empregos directos. Algún día o Goberno terá que explicalo.

Non se fai Planificación estratéxica, faise un mero exercicio contable.

O traballo que se fai é **"se aquí gastabamos ou investiamos X imos poñerlle un pouco máis ou un pouco menos"**, sen analizar os resultados das políticas anteriores e o impacto real na economía e no emprego de calidade. Non imos entrar nesa dinámica e imos a falar do que consideramos que habería que facer para desenvolver unha verdadeira política industrial que dera outros resultados moito mais ambiciosos.

Hai boas ideas no Proxecto RIS 3 una folla de ruta para renovarse e crecer, pero hai que desenvolvelas orzamentariamente. Débense concentrar os esforzos de investimento nas áreas de actividade nas que xa destacamos ou nas que podemos chegar a destacar sendo innovadores.

Para mellorar a competitividade dos nosos produtos industriais, para diversificar e completar as súas cadeas de valor, para facer que o noso saldo comercial co resto de España non nos sexa tan desfavorable e para mellorar aínda máis o desempeño comercial fora de España é preciso investir na definición de novos produtos e novos procesos que nos permitan entrar en novos mercados.

A ferramenta para ter éxito nesta andaina non é outra que o esforzo en actividades de investigación, desenvolvemento e innovación. O esforzo público en Galicia é claramente menor que o das economías do noso entorno. Tampouco está claro que a súa xestión sexa eficiente (polos resultados acadados) e que os obxectivos estratéxicos sexan os axeitados.

O Goberno da Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario do Partido Popular que a sostén non paran de falar da súa aposta decidida polo I+D+i como eixo vertebrador do desenvolvemento industrial de Galicia.

A realidade é que Galicia está no furgón de cola en España xunto con Murcia, A Rioxa ou Extremadura cun investimento En I+D+i do 0,87 % en relación ao seu PIB. Estamos a anos luz do Pais Vasco que inviste un 2,12%, da media da Europa 28, que inclúe os países do Leste, cun 2,03% e xa non digamos dos países con industrias de maior valor engadido como Suecia, Finlandia, Dinamarca, Alemaña ou Austria que superan o 3%. Unha industria claramente envorcada cara á competitividade e a exportación como pode e debe de ser a galega ten que dar pasos decididos para chegar canto antes ao limiar do 2%. Vainos niso o futuro do noso País e das novas xeracións de galegas e galegos cun alto nivel de formación.

Increméntase nestes orzamentos de maneira importante o Plan Galego de I+D+i hasta os 79 M€, pero ainda non alcanza o investido en Galicia no ano 2009, e non o comparemos cos mais de 200 M€ que orzamento o Goberno Vasco cun PIB lixeiramente superior o galego. Ademais hai gato encerrado, porque ano tras ano non se executa en porcentaxes moi importantes sempre maiores do 20%. Estimamos que nestes 9 anos de goberno do PP deixáronse de executar neste programa máis de 230 M€.

Nos derradeiros anos (2007-2014) Galicia perdeu máis de mil cincocentas empresas innovadoras. Sendo isto grave non o é menos que as innovacións concéntranse na innovación non tecnolóxica. O que en relación á Industria 4.0, podería levarnos a automatizar procesos organizativamente ineficientes.

En xeral as nosas empresas tenden a centrarse nas innovacións, fundamentalmente de proceso, dedicando actualmente menos atención a

aquelas que son quen de rexuvenecer a organización ou desenvolver novos modelos de negocio ou novos produtos. As políticas da Consellería de Industria teñen que intervir para cambiar este rumbo.

E as políticas de incentivos da Consellería de Industria deberían incidir fundamentalmente nos proxectos que multipliquen o número de ideas, o seu atractivo ou a súa novidade.

O apoio a internacionalización empresarial e captación de investimentos internacionais é realmente ridículo de pouco mais de 1 M€, cando o ano pasado tiña mais de 4 M€, xa unha cantidade verdadeiramente anecdótica para un gravísimo problema da economía de Galicia. Parece que a Consellería de Industria fuxe de orzamentar tarefas complexas aínda que sexan decisivas para o noso futuro.

O atractivo de Galicia como destino dos fluxos de capital corporativo afluentes a España son extremadamente modestos en termos relativos. Nos doce anos transcorridos entre 2004 e setembro de 2015, Galicia só conseguiu captar o 1,06% do capital que chegou a España. Se comparamos iso co peso económico relativo de Galicia en España (5,25% do PIB español) a capacidade atractiva da nosa economía sitúase na quinta parte da media española.

É imprescindible establecer como meta duplicar ao 2% do total de España o actual porcentaxe de captación de inversións estranxeiras e iso precisa ideas e orzamentos.

É urxente analizar, en detalle e en colaboración con quen adoptan esas decisións, os factores que poderían aumentar a probabilidade de que Galicia sexa destino final, e deseñar unha estratexia de medio e longo prazo coherente con ese diagnóstico e dotala dun orzamento ambicioso. 1 M€ non parece moi ambicioso, é mais ben ridículo.

Todo elo implica reforzar de maneira extraordinaria o orzamento para potenciar as nosas fortalezas como a xeoposición atlántica da importante eurorexión Galicia-Norte de Portugal, así como as boas condicións de calidade de vida e de capital humano. Para elo as actuais dotacións de solo industrial han de contar con loxística intermodal (nomeadamente ferroportuaria, autoestradas do

mar, PLISAN, porto seco de Monforte, etc.). Estando dentro da eurozona, non debéramos vela como unha ameaza senón como unha oportunidade nas complementariedades da Eurorexión. De todos estes asuntos nin rastro nos orzamentos ou cantidades verdadeiramente ridículas.

Hai que centrar os investimentos nos sectores estratéxicos da industria galega como:

- Agroalimentación e prouctos do mar.
- Automoción .
- Enerxías Renovables .
- Madeira, Forestal sustentable e industria do moble.
- Naval e Industria marítima .
- Pedra Natural .
- Téxtil e Moda.

Todos estes asuntos refléxanse nos documentos da RIS3, pero despois non se ven reflectidos nos orzamentos de maneira importante.

Compróbase que as de actividades relacionadas cos recursos naturais (enerxéticos, agrarios ou forestais) non teñen Orzamentos suficientes para ser quen de ser transformados en VEB nas actividades manufactureiras. De xeito que, sen unha base tan sólida como Galicia en recursos materiais, outras economías rexionais españolas (como o País Vasco ou Cataluña) son quen de contar cun vector manufactureiro con un peso maior, entre tres e dez puntos, no seu PIB. Sucede así que Galicia cun VEB primario do 5.1% do total xera un VEB manu-factureiro alimentario do 2,9%, mentres que Cataluña acada o mesmo nivel pero a partires dun VEB primario do 1% cinco veces inferior. É dicir con 5 veces menos produción primaria agroalimentaria, producen produtos desenvolvidos polo mesmo valor proporcional que Galicia.

Tampouco se observa que sendo Galicia unha potencia determinante do sector forestal español sexa quen de transformar ese potencial no circuíto industrial das manufacturas derivadas. Onde están os orzamentos para que a industria do moble de Galicia poda ser por exemplo, subministrador preferente de

compañías como IKEA que está a relocalizar en proximidade aos mercados a sua produción, cousa que masivamente están a aproveitar os fabricantes italianos con custos laborais superiores aos galegos.

En moitos destes casos esa falta de orzamentos dirixidos estaría a indicarnos que a ruptura da cadea de valor desas manufacturas galegas (como exportacións de escaso VEB) se aproveita polas industrias manufactureiras doutras partes de España.
O noso moi satisfactorio desempeño exportador depende en demasía das realizadas por Inditex e Citroen. Aínda que tamén teñen especial peso exportador as actividades de pedra, pasta de papel e aluminio, prodúcese unha ruptura da cadea de valor que non é desenvolta en Galicia.

É preciso investir na definición de novos produtos e novos procesos que nos permitan entrar en novos mercados.

Por contra a todo o exposto, vólvese a apostar polas fontes primarias depredadoras do medio ambiente de Galicia e de baixo VEB como evidencia a Lei de Fomento da Implantación Empresarial. En vez de mais canteiras hai que desenvolver mais compañías que desenvolvan producos derivados de esa pedra e que non se faga en outros lugares de España ou Italia e así no resto de sectores derivados das actividades primarias. Esas compañías xeran moito mais emprego e de moita mais calidade

Tamén hai que salientar os erros nas políticas de axudas a innovación ao centrarse nas innovacións incrementais, fundamentalmente de proceso, dedicando actualmnte menos atención a aquelas que son quen de rexuvenecer a organización ou desenvolver novos modelos de negocio ou producto. Débese priorizar a innovación transversal nas empresas que ofrecen bens de capital a diferentes cadeas de subministro.

Chama a atención tamén os anecdóticos orzamentos dedicados a produción artesanal de todo tipo tanto na industria agroalimentaria como na artesanía en xeral, cando o crecemento do seu VEB e impacto no emprego e importantísimo en todos os países da UE.

A nosa potencialidade nas enerxías limpas tanto en produción descentralizada como en tecnoloxía debería ser tamén un obxectivo prioritario de desenvolvemento industrial e de loita contra o oligopolio enerxético que axudarían a mellorar a nosa competitividade industrial. Pero disto tampouco nin rastro nos orzamentos. Enerxía Eólica ou fotovoltaica, estes orzamentos as descoñecen.

O Instituto Enerxético de Galicia ve reducido o seu orzamento nada menos que nun 39% para quedar nuns ridículos 18 M€.

As inversións en eficiencia enerxética ven reducidos os seus orzamentos nun 57% nun rumbo contrario ao de todas as economías mais desenvoltas e sustentables e só conta con 5 M€.

Pero iso si, segue a obsesión por apoiar a Biomasa cun orzamento de 8 M€ o 44% do orzamento do Instituto Enerxético de Galicia, a sombra de ENCE é moi longa. Ten sentido a Biomasa para aproveitar os descartes forestais e os cortes de monte baixo, pero plantar eucaliptos para ser queimados é unha verdadeira barbaridade ecolóxica e medioambiental.

Corresponden tamén ao Instituto Enerxético de Galicia as axudas para paliar a pobreza enerxética. No orzamento de 2017 se reduxo o orzamento dispoñible nun 56%. Non atopamos este ano no programa 733A de eficiencia enerxética no seu capítulo 4 ningunha partida específica para este fin, o único que vemos é unha nova redución do importe total do capítulo do 66%. As mais de 170.000 familias en pobreza enerxética que hai en Galicia xa non existen para o PP.

En resumo un orzamento cativo que se incrementa lixeiramente en térmos nominais , pero que se temos en conta a inflación e o incremento do PIB de Galicia prácticamente non ten incremento real nun momento decisivo para a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19954
Data envio: 08/11/2017 16:45:58.455

competitividade de Galicia a nivel industrial tanto no mercado español como no internacional.

Pero o mais preocupante un orzamento falto de innovación e creatividade, como dixemos ao principio, un mero exercicio contable de burócratas que non confían no futuro de Galicia.

Pop todo isto **SOLICITAMOS** a **devolución dos orzamentos para o** ano 2018 da sección 09.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:36:51

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 19978
Data envio: 08/11/2017 17:26:14.516

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Servizo 81, Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) ten por obxecto executar políticas de prevención de riscos laborais. Leva a cabo accións informativas, divulgativas e formativas en materia preventiva; asesora e controla accións técnico-preventivas; e fomenta a prevención de riscos laborais a través do seu tratamento como materia horizontal na ensinanza; entre outras labores. Non se trata de responsabilidades menores, e moito menos en Galicia.

No ano 2016, 62 profesionais foron vítimas mortais de accidentes no traballo, unha media que supera as cinco mortes ao mes. Isto supón 7,27 mortes por cada 100.000 traballadores, un índice que duplica a media española de 3,27, e que sitúa a Galicia á cabeza do Estado en mortalidade laboral. Nese mesmo ano, producíronse un total de 27.797 sinistros con baixa, 563 dos cales foron graves.

Por que sufrimos semellante sinistralidade? A causa da precarización das condicións laborais, que pon sobre as cosas dos traballadores a obriga de asumir riscos elevados a cambio dunha remuneración infame.

Para darlle a volta a situación, é preciso que actuemos seguindo diferentes liñas. É preciso levar a cabo políticas preventivas cunha dotación orzamentaria suficiente, pero é tamén necesario elevar as multas ás empresas que poñen en risco aos traballadores e favorecer a actividade da Inspección de Traballo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:26
Nº Rexistro: 19978
Data envio: 08/11/2017 17:26:14.516

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por desgraza, os orzamentos do ISSGA van nunha dirección completamente distinta. Lonxe de apostar polo reforzo económico das medidas que permitirían dotar de maior seguridade aos traballadores, conxela os orzamentos, como se non pasara nada o bastante grave para tomar medidas contundentes ao respecto.

Porque entendemos que a mellora das condicións laborais dos traballadores non pode agardar un ano máis, **solicitamos a devolución inmediata do proxecto de orzamentos para o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:06:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19925
Data envio: 08/11/2017 16:21:43.955

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3.ª,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativo a **Sección 09 – Consellería de Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia**, con expresa petición devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 09 – Economía, Emprego e Industria, Axencia Galega de Innovación, Instituto Galego de Promoción Económica e Instituto Enerxético de Galicia

Ante as incertezas actuais (sancións a Rusia polo conflito de Ucraína, deriva autoritaria do Goberno de Turquía, *Brexit*, Goberno de Donald Trump, problemas bancarios en Italia, conflito territorial en Cataluña, etc...), as previsión son contundentes na diminución do ritmo de crecemento económico para o ano 2018, polo que o papel económico do sector público debería de ser reforzado, cunha vertente fundamental no que respecta as políticas para a reactivación económica e dirixidas á creación de emprego de calidade. Sen embargo, este orzamento da consellería reflicte unha clara falla de estratexia para abordar os problemas referidos e máis cando só dúas consellerías do Goberno galego medran menos que esta nas súas previsións para 2018.

O proxecto de orzamentos en absoluto recuperan os fortes recortes que sufriron nos anos de crise entre 2010 e 2015, pois o certo é que dende o orzamento de 2010, esta consellería (Economía, Emprego e Industria) e as súas entidades instrumentais, viu reducidos os seus orzamentos a dous terzos do que tiña naquel momento.

Uns orzamentos que mostran serias debilidades, resultan demasiado conformistas e carecen dunha coherencia interna e dispersión, incapaces de dar unha resposta axeitada ás necesidades dos sectores

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

industriais: dende a industria naval, a auxiliar da automoción, a metal-mecánica, as enerxías renovables, o granito, a lousa, o téxtil, etc.

No caso da enerxía, outro ano máis, o sector eólico galego continuará paralizado. Nin novos parques, nin plans industriais asociados, nin creación de emprego, nin se presta a debida atención a outras fontes renovables de enerxía. Así, hai escasas previsións para o impulso da biomasa, nada para o desenvolvemento da enerxía miniéolica e moi pouco para a xeotermia. Neste contexto tan negativo, os orzamentos do INEGA continúan a súa redución e para o ano 2018 caerá case un 40 % en relación ao ano anterior, baixando máis de 13 millóns de euros.

Mención significativa merecen os orzamentos do Instituto Galego de Promoción Económica, que mostran unha falla de iniciativa e de proactividade do Goberno galego á hora utilizar ferramentas anti-cíclicas fronte a crise. Convén recordar que o orzamento deste organismo vénse reducindo con moita intensidade dende 2009, xa que nese ano era de algo máis de 300 millóns euros, é dicir unha redución en torno ao 66 %. O IGAPE, ten iniciado, despois que os socialistas o reclamáramos dende fai cinco anos, unha renegociación das liñas de crédito do Banco Europeo de Inversións (BEI). Unha eiva estratéxica que se prolongou demasiado tempo nun momento en que a billa do crédito continúa a estar practicamente pechada, sobre todo para as PEMES.

O orzamento da Axencia Galega de Innovación medra este ano, pero resulta un crecemento que non pode ocultar o feito de que dende 2009 a Xunta tiña reducido case nun terzo os fondos dedicados a I+D+i e que teñen contribuído a que o gasto de I+D+i medido como porcentaxe do PIB, diminúa, situándonos nos niveis de Ucraína ou Turquía, un 0,89 % do PIB.

Lamentablemente as políticas que están a desenvolver os gobernos de Galicia e España seguen camiñando cara un proceso de devaluación interna que está levando a unha caída dos salarios, a un descenso da participación das rendas salariais no PIB e a unha perda de calidade no emprego e nos dereitos dos traballadores que xa ninguén pode negar,

recoñecido tanto por organismos nacionais independentes, como internacionais.

En Galicia segue a producirse unha crecente atonía do mercado laboral, sistematicamente a ocupación medra moito menos do que baixa o desemprego; o que mostra, mais alá de peculiaridades demográficas, que ou ben aumenta o desánimo de poboación e idade de traballar ou aumenta e emigración. A propia Xunta de Galicia o recoñece na súa presentación dos orzamentos esta disfunción, pero as medidas propostas nos orzamentos son escasas, nada novidosas e pouco sistemáticas.

Ademais Galicia mantén unha taxa de protección por desemprego moi baixa, difícil de explicar nun contexto de crecemento do PIB ao redor do 3 %. Esta situación trae consigo unha cronificación da pobreza extremadamente preocupante, e a proba é que non último ano, mentres que os fogares con tódolos seus membros en paro diminuíron un 14,4 %, os fogares sen ningún ingreso, fixérono nun 3,4 %.

Neste contexto laboral tan negativo, algúns programas estratéxicos como o dedicado ao fomento da empregabilidade ou a formación profesional desempregados, constituídos polas medidas de políticas activas de emprego que teñen por obxecto mellorar as posibilidades de acceso ao emprego as persoas desempregadas, por conta allea ou propia, diminúen nos orzamentos do ano 2018 en case 10 millóns de euros con respecto ao ano 2017.

Neste marco cuantitativo desfavorable, o Goberno presenta unhas contas nas que o orzamento en materia de emprego tan só alcanza os 245 millóns de euros; contía que confrontada cos 420 millóns de euros do orzamento do 2009 (un descenso de case un 45 %), indican que, con máis parados e menos ocupados, se destina menos orzamento á loita contra o desemprego (2.500 euros por parado no 2009, fronte a en torno aos 900 euros por parado no 2018).

Hoxe en día ter traballo xa non significa vivir dignamente. A pobreza laboral xa se instaurou neste país, e entre un 10 % e un 15m% dos traballadores poden considerarse *"traballadores pobres"*. As

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19925
Data envio: 08/11/2017 16:21:43.955

estatísticas e a realidade do día a día así o corroboran. Máis do 40 % dos traballadores con contrato a tempo parcial están nesta situación de xeito involuntario; máis de 300.000 ocupados (un 30 %) teñen salarios por debaixo do salario mínimo interprofesional e ao redor dos 180.000 cobran só a metade do SMI. En suma, nove orzamentos dos gobernos Feijóo perdidos para que as políticas de emprego en Galicia teñan cooperado nunha saída da crise digna para o conxunto da poboación.

Polo que respecta ao sector do comercio, os seus orzamentos se sitúan nun 48 % menos que fai nove anos, sen que se dean respostas a súa diversa problemática, tal como a caída da demanda interna, a falta de crédito, ou o elevado e prolongado desemprego, que teñen situado ao sector comercial, especialmente ao pequeno comercio, nunha vía sen saída, cos efectos sociais, demográficos e territoriais negativos.

Seguen sen contemplarse créditos nunha cobertura suficiente para adecuar a estrutura comercial ás características territoriais e sociais de Galicia, resultando contraditorios coa evolución económica, e insuficientes para abordar os obxectivos expresados na memoria dos mesmos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. do Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:59:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19947
Data envio: 08/11/2017 16:45:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09**, **Consellería de Economía, Emprego e Industria e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Renuncia a enfrontar as necesidades de cambio de modelo produtivo desde a intervención pública e a confianza nas capacidades do país.

A Consellaría de Economía, emprego e industria, malia ter aumentado as súas competencias no último ano coa adscrición e creación da Axencia Forestal Galega, é na práctica a consellaría que menos aumenta o seu orzamento. Polo tanto, observamos como unha vez máis a teoría e as notas de prensa do goberno van nunha dirección e a realidade que amosan os orzamentos noutra. Nun contexto de medre dos orzamentos é claramente insuficiente o aumento desta consellería, dun 3,2% atendendo á distribución orgánica, só por riba da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que sofre o traslado do transporte escolar, e da de Facenda, que ten un carácter marcadamente técnico e non inversor.

Máis aínda, a lectura profunda dos orzamentos amosan un goberno carente de máis proxecto para o desenvolvemento económico, industrial e dos sectores

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19947
Data envio: 08/11/2017 16:45:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtivos que o da absoluta desregulación. Renuncia, polo tanto, á participación pública tanto no investimento como no deseño do proxecto de país e renuncia a reorientar os obxectivos e prioridades de cara a situar Galiza en posicións vantaxosas nun contexto de globalización e agudización do neoliberalismo no que non é posíbel nin desexábel competir en abaratamento dos custes de produción nin en cantidade.

Malia toda a propaganda que acompañou á Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galiza estes orzamentos descansan o deseño industrial e económico do país, como advertiamos, na mera desregulación e vontade das empresas privadas. Desta forma, despois de meses de retórica sobre a *Promoción do solo para actividades económicas*, esa partida específica sofre unha baixada do 32,3%, máis de sete millóns menos. Así mesmo, outras áreas tan importantes como a englobada en ***Industria, enerxía e minaría***, volve descender e faino en máis do dobre que o exercicio 2017, até un 21,7%. Así mesmo, salienta de forma negativa o tremendo recorte que é aplicado ao INEGA e observamos como outras entidades depentendes da consellaría, como o Instituto Galego de Consumo ou o IGAPE non teñen un incremento correspondente coa importancia que están chamados a ter. Ademais, até nove millóns do programa de Desenvolvento empresarial van destinados a fornecer a Axencia Forestal Galega un ano despois da aprobación, sen consenso, da súa constitución, amosando a incapacidade do goberno galego para cumprir e organizar a súa estruturación en tempo e forma.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19947
Data envio: 08/11/2017 16:45:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esforzo investigador insuficiente para compensar unha década de desinvestimento.

Por primeira vez os orzamentos específicos de investigación e innovación acadan os niveis do ano 2009. Porén, este incremento a respecto dos recortes do Partido Popular non serven para compensar máis de dúas lexislaturas de desinvestimento. Foi a propia Xunta de Galiza quen tiña fixado acadar o obxectivo do esforzo do 2% do PIB no ano 2015, fixado no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011–2015, sistematicamente incumprido polo goberno galego. Anos despois, cos datos máis recentes disponíbeis constátase que Galiza inviste en I+D+i un escaso 0,89% do PIB (ano 2015), porcentaxe menor que o rexistrado antes do Goberno de Feijóo, xa que no 2008 a porcentaxe chegaba ata o 1%. Un investimento, ademais, moito menor que o do conxunto do Estado, que para o 2015 foi do 1,22%.

Máis aínda, é precisa unha mudanza nas liñas estratéxicas de investigación e innovación orientada a consolidar a carreira investigadora galega, retornar a fuga de coñecemento e os esforzos naqueles campos que máis directamente contribúen a reforzar as nosas capacidades produtivas de cara a espremer o noso potencial de competitividade.

Conformismo coa precariedade e a temporalidade como modelos de emprego.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19947
Data envio: 08/11/2017 16:45:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal e como se desenvolveu na introdución desta emenda de devolución global e nos contidos da devolución á sección 06 estes orzamentos, un ano máis, fían a baixada do desemprego á baixada da poboación activa, o que alicerza un crecemento fráxil se temos en conta que nos atopamos nun momento de medre das magnitudes macroeconómicas. Máis aínda, a consellaría responsábel do emprego non ofrece contías destinadas a intervir desde o marco de competencias galego na calidade e estabilidade do emprego, sen ofrecer medidas novas para axudar aos sectores con maiores dificultades.

Dende o 2010 ate o 2015 o 40% de persoas con salarios máis baixos viron reducidos os seus salarios, mentres que os salarios so se incrementaron para o 60 dos perceptores que reciben os salarios máis altos, xa que logo, un claro exemplo de como está a incrementar a desigualdade ao tempo que o goberno galego pregoa unha recuperación que non chega en dereitos nin en niveis de ocupación. Ademais, aínda nun contexto de medre da contía da consellaría, non introduce aumentos nas axudas para a conciliación familiar. Non ofrece incrementos tampouco de cara á inspección laboral nin para aliviar o aumento da importancia do sector servizos e da temporalidade do mercado laboral.

En síntese, estamos ante un proxecto de orzamentos irresponsábel que abala unha liña de absoluta desregulación e desvinculación da administración dos motores da economía, renunciando a intervir no modelo de desenvolvemento e renunciando a intervir a prol da superación da precariedade como baluarte dun

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19947
Data envio: 08/11/2017 16:45:18.392

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

crecemento que nin é tan expansivo nin tan estábel como indican na memoria que acompaña o proxecto.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 09.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:59:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19956
Data envio: 08/11/2017 16:46:17.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 10**, **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

En primeiro lugar porque consideramos que a proposta de orzamentos para o 2018 é, máis que nada, propaganda. O goberno fala de orzamentos expansivos pero a realidade é que as galegas e os galegos temos hoxe, en termos reais, é dicir, descontando o IPC, 436 millóns de euros menos para o ensino que cando o PP chegou ao goberno. Case 91 millóns de euros menos para a cultura e 17 millóns menos para a normalización lingüística. En total son case 545 millóns de euros menos nas materias que nos ocupan soamente comparando os orzamentos de 2009 coa proposta para o 2018. Porque se descendemos un chanzo máis na análise deberíamos ter en conta todo o que perdemos dende que vostedes chegaron ao goberno. É dicir, canto deixamos de ingresar en educación, cultura e normalización lingüística nestes anos. De ter mantido o nivel orzamentario de 2009 nestas dúas lexislaturas o ensino galego tería ingresado, en termos reais, é dicir, tendo en conta as variacións do IPC, 272 millóns de euros máis ao ano, o que durante todo o período implicaría 2.421 millóns de euros máis. Ou o que é o mesmo, nestes nove anos a base de recortes constantes perdeuse o orzamento de todo un ano. Panorama aínda máis desolador no caso da cultura que deixou de ingresar 660 millóns e medio de euros que equivalen a nove veces e media o orzamento deste ano. Máis de 3000 millóns de euros que se furtaron á cidadanía e que se pretende dar por perdidos para sempre.

En segundo lugar porque, ao noso entender, son insuficientes.

Dende a chegada do PP ao goberno o peso porcentual do ensino sobre o PIB non fixo máis que descender. De feito, de cumprirse as previsións macroeconómicas do goberno atoparémonos con que co nivel de PIB de Galicia mais alto da súa historia, o investimento porcentual en ensino vai ser o máis baixo da década. Así, se en 2009 o investimento no ensino supoñía un 4,62% do PIB, as previsións para o 2018 deixan esa cifra nun penoso 3,59%? Cinco puntos por debaixo da media estatal, malia que o estado español é o quinto pola cola de toda Europa.

En terceiro lugar porque estes orzamentos insisten no desprestixio e desmantelamento do ensino público, ao tempo que favorecen a súa privatización. Mentres se pechan aulas públicas o diñeiro para os concertos aumenta en todos os niveis educativos. E faino especialmente na educación especial e na formación profesional. O que se traduce en 9 millóns 179 euros máis para o ensino concertado.

E, por último, porque son anticulturais. A tímida subida que ofrecen nesta materia é totalmente ridícula se a comparamos coa perda, en termos reais, de case 91 millóns de euros nas partidas culturais de 2018 respecto ás de 2009. Unha perda de case un 57% que foi aínda máis intensa en partidas como as do funcionamento do CGAC, cun 60,4% menos, un 85,46% menos para a edición de libros en galego, un 82,3% menos para a protección do patrimonio cultural local, case un 40% menos para protección e promoción do patrimonio histórico, artístico e cultural, un 41% menos para promoción das actividades culturais ou case un 70% menos para as actividades culturais de asociacións e fundacións sen ánimo de lucro. Uns tesoirazos brutais que se traducen en perdas enormes para o tecido cultural deste país obrigado a pelexar constantemente pola supervivencia ao tempo que un de cada tres euros do programa de fomento das actividades culturais vai parar á cidade da cultura.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19956
Data envio: 08/11/2017 16:46:17.814

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

En definitiva, dende En Marea rexeitamos estes orzamentos porque non van mellorar a vida das galegas e dos galegos, insisten nunha política culturicida, e porque consagran unha política que entendemos inxusta, insolidaria e ineficaz.

Por iso rexeitamos o orzamento da sección 10 do proxecto de Orzamentos para o 2018 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:34:49

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:33
Nº Rexistro: 19994
Data envio: 08/11/2017 17:33:45.236

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC). A1. Sección 10 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O orzamento en cultura foi un dos grandes damnificados polas políticas do Partido Popular. En oito anos, retraeron 90.801,264 millóns de euros das arcas públicas adicadas a esta materia, que supuxeron, tendo en conta a variación dos prezos, unha baixada en termos reais do 56,76 %. Neste ano, mantéñense as mesmas achegas que no 2017 para o Gaiás.

Sen embargo, os recortes orzamentarios non foron aplicados a todos os ámbitos da cultura por igual, sendo, a Cidade da Cultura, o exemplo paradigmático dunha nefasta política cultural que apostou por colectores grandiosos a costa de contidos culturalmente sostibles e interesantes.

Desde que o PP goberna en 2009 o dispendio do Gaiás continuou estrangulando o desenvolvemento da actividade cultural de toda Galicia. Incrementou os gastos adicados á Cidade da Cultura, con moi altos gastos de mantemento da faraónica estrutura, sen protexer un ecosistema “moito máis complexo” e cunha distribución “interesada” dos gastos públicos.

Á inxente obra hai que sumar unha factura de gastos diarios desorbitada, que consume máis da metade do orzamento anual que recibe. Neste ano falamos de 9.092.989, cantidade exactamente igual ca do ano pasado. Unha cifra que supón o 14,2% de todo o orzamento cultural e un de cada tres euros que se dedican ó fomento das actividades culturais.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:33
Nº Rexistro: 19994
Data envio: 08/11/2017 17:33:45.236

Deste xeito, o orzamento da Cidade da Cultura condiciona enormemente o orzamento total da Consellería, supoñendo un enorme custo de oportunidade para o sector cultural de Galicia, toda vez que cada euro que se gasta da Cidade da Cultura supón un euro menos investido no ecosistema cultural galego.

En Marea consideramos que este diñeiro debera ser investido na totalidade do ecosistema cultural galego, buscando a descentralización que espalle a cultura polo conxunto do noso territorio de xeito que se garanta este dereito fundamental ao acceso.

Asemade valoramos o que achega á riqueza de Galicia todo o armazón da cultura e os seus diferentes subsectores. Cómpre ter estas cifras en conta para non banalizar os recursos que se invisten en cultura por parte do sector público. É de moita importancia o que pode representar o investimento público a efectos, non só de garantir un dereito constitucional, senón tamén para producir un papel tractor na actividade económica: á súa vez xera un retorno ao conxunto da sociedade.

Por todo iso, rexeitamos os orzamentos da Fundación Cidade da Cultura (sección 10) do Proxecto de Orzamentos para o 2018 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:33
Nº Rexistro: 19994
Data envio: 08/11/2017 17:33:45.236

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:16:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 10:03
Nº Rexistro: 20004
Data envio: 09/11/2017 10:03:52.257

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario de En Marea**, a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira,** solicita a esa Mesa se proceda a realizar a seguinte **corrección de erros** no documento con número de rexistro de entrada **19994,** de data 8 de novembro de 2017**.**

Onde di: "...emenda á totalidade de devolución á **Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC). A1.** Sección 10 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

Debe dicir: "...emenda á totalidade de devolución da **Fundación Pública Cidade da Cultura.** Sección 10 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/11/2017 10:03
Nº Rexistro: 20004
Data envio: 09/11/2017 10:03:52.257

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Luis Villares Naveira na data 09/11/2017 10:03:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19980
Data envio: 08/11/2017 17:27:13.423

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, a Fundación Camilo José Cela , Sección 10, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

A Fundación Pública Galega Camilo José Cela dedícase á promoción do estudo da obra de Camilo José Cela, así como á conservación do seu patrimonio, a mellorar a consideración social dos escritores e a difundir a obra de autores que escriban nas linguas españolas. Conta ademais cunha aula de poesía José García Nieto cuxa finalidade é dar a coñecer a obra do mesmo.

Que a Xunta de Galicia apoie unha fundación cuns obxectivos tan loables é unha boa nova e mesmo unha sorpresa tendo en conta a súa nefasta política en materia de cultura. Ao Goberno de Núñez Feijóo non lle preocupa a cultura, só a foto. Iso explica que, por exemplo, dilapide centos de millóns nunha estrutura faraónica sen sentido á maior gloria do fraguismo, como é o Gaiás, ao mesmo tempo que recorta sistematicamente os orzamentos dedicados aos creadores e creadoras da nosa terra. Explica tamén que preste tan pouca atención ao noso rico patrimonio inmaterial e, en concreto, á nosa lingua, que leva demasiado tempo soportando agravios continuados e véndose comprometida a causa da desidia popular.

Por desgraza, e pouco, moi pouco, o que se fai para que a Fundación Camilo José Cela contribúa a reverter esta situación. Os orzamentos dedicados a aumentar a oferta e consumo da cultura dende a Fundación permanece

practicamente conxelado dende o ano pasado. Experimenta unha subida raquítica que tan so serve para dicir nas entrevistas que subiu, pero pouco máis se pode facer con el.

A proba de que a Xunta de Galicia non está sabendo brindar a axuda que precisa a Fundación para converterse nun centro cultural de referencia vémolo reflexado nas previsións de visitas. No ano 2017 eran as seguintes:

2017	**2018**	**2019**
5.500	6.000	6.500

No ano 2018 son as seguintes:

2018	**2019**	**2020**
5.000	5.500	6.000

O descenso na previsión é o modo que ten a Xunta de recoñecer que non é quen de contribuír a correcta xestión da Fundación.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19980
Data envio: 08/11/2017 17:27:13.423

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo isto, solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para a Fundación Pública Galega Camilo José Cela.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:19:50

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 19995
Data envio: 08/11/2017 17:34:06.095

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC). A1. Sección10 da Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

De acordo coa Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, ten por obxecto o impulso e a consolidación do tecido empresarial no sector cultural galego. Os estatutos da axencia foron aprobados polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo. Figura adscrita á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

As súas competencias esténdense á totalidade das actividades culturais e artísticas desenvolvidas por creadores individuais e empresas, na procura dunhas industrias culturais dinámicas, competitivas e innovadoras e, en particular:

Impulsar a creación e o desenvolvemento de empresas que produzan bens e servizos culturais.

Favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia como elemento singularizador no mercado.

Promover a distribución e comercialización dos produtos culturais dentro e fóra do noso país.

Contribuír á mellora na preparación e cualificación artística, técnica e empresarial dos recursos humanos.

Estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 19995
Data envio: 08/11/2017 17:34:06.095

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A Axencia Galega de Industrias Cultura AGADIC (AGADIC) naceu coas funcións, entre outras, de consolidar as estruturas que os propios axentes sociais e entidades xeran, co desenvolvemento de accións que afirmen o traballo dos creadores e o establecemento de canles de cooperación. A súa importancia en canto ao potenciamento das artes escénicas, do audiovisual galego e da danza é máxima.

Nos orzamentos para o ano 2018 inclúense 17 axencias públicas autonómicas, unha máis que nos orzamentos de 2017, trala aprobación do Decreto 81/2017, do 3 de agosto, polo que se crea a Axencia Galega da Industria Forestal e se aproban os seus estatutos.

Consideramos que a AGADIC, levando só o 1,45% do orzamento total das Axencias, a número 13, ou dito doutra maneira a quinta que menos recibe das 17 Axencias Galegas. Non pode cumprir os seus obxectivos porque o orzamento é totalmente insuficiente para desenvolver as súas competencias.

A AGADIC está financiada polas transferencias que reciben dos orzamentos da Consellería á que está adscrita: Educación, Cultura e Ordenación Universitaria, un total de 11.502.000 M de euros , destacan os importes dos recursos propios cos que contarán para 2018: 1, 29%, é dicir 150.000 euros

As súas unidades de produción están moi limitadas nas posibilidades de xestión e contratación (elencos limitados e xestión de espazos como o Salón Teatro, reducida ao mínimo). A danza non pode acadar os seus obxectivos e vemos como o apoio á creación artística, investigación e formación das artes do movemento están cada vez máis minguadas.

Os circuitos teñen cada vez menor programación e máis limitada. As Redes de Teatros e Auditorios, de salas e de Música ao vivo non teñen o apoio que merecen.

As Compañías sobreviven con escasísimas axudas á produción e reducindo cada vez máis os seus formatos.

A proxección exterior é moito máis cativa da necesaria.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:34
Nº Rexistro: 19995
Data envio: 08/11/2017 17:34:06.095

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Os orzamentos da AGADIC para o 2018 (11.502.000 €) manteñen a liña do 2017 (10.532.088 €), unha liña orzamentaria que non serve para compensar a diferenza con 969.912 € respecto ao ano 2012, onde se contaba con 15.144.786 €, isto é, hoxe existe un recorte de 3.642.786 €.

Estes recortes contribúen a empeorar as deficitarias condicións do sector cultural galego e non permiten desenvolver con eficacia, eficiencia e efectividade as funcións que se lle encomendan á AGADIC. Unha suba do 10,5 % non abonda para “estimular a creación, avivar o talento e a capacitación e incitar ao recoñecemento social e económico de artistas e autoras e autores no proceso de produción".

Por iso rexeitamos o orzamento da sección 10 do Proxecto de lei Orzamentos para o 2018 na súa totalidade e reclamamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:10:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19926
Data envio: 08/11/2017 16:21:57.408

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a **seguinte emenda á totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 10, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 10 – Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O proxecto non contempla aumento algún de docentes, reflectindo idéntica cantidade en todos os corpos educativos que os do ano 2017, o que significa que non se prevé:

- A aplicación de criterios distintos aos empregados ata este momento en asuntos de relevancia crucial como son a atención ao medio rural e, en concreto, as zonas con pouco alumnado.
- A recuperación (ou o inicio cando menos desa recuperación) das condicións de traballo dos docentes.
- A implantación de novas ensinanzas en ningunha das etapas, niveis, graos e especialidades.

Seguen a consignarse cantidades ínfimas a cuestións que son cruciais, como a Formación Profesional Dual e aos programas de emprendemento, consignando unhas exiguas contías de 400.000 € e de 200.000 € respectivamente. Feitos que resultan incompatible coa declaración de intencións que figura na memoria do proxecto cando se di que "*procede avanzar decididamente nunha formación profesional na que a empresa e o centro de formación profesional incrementen os seus vínculos*" ou cando se manifesta "*Continuar cos programas que fomenten o espírito emprendedor e o acompañamento para a creación de empresas, así como o desenvolvemento de accións para o cooperativismo e autoemprego*".

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19926
Data envio: 08/11/2017 16:21:57.408

A atención á diversidade do alumnado considérase que ten un nivel óptimo e isto é así posto que non se prevé, como se indicou anteriormente, incremento de docentes en xeral e, en particular, nas especialidades de pedagoxía terapéutica e audición e linguaxe, e o número de coidadores é o mesmo que nos orzamentos de 2017.

O programa de axudas complementarias da ensinanza consolida, de novo, un modelo baseado nas axudas en lugar dos dereitos, posto que prevé tres millóns de euros para o chamado programa de gratuidade solidaria de libros de texto, pero case o dobre (cinco millóns e medio de euros) para xudas á adquisición de libros (aínda que posteriormente se incorporen ao fondo solidario) e material escolar.

A cantidade consignada para reparacións, ampliacións e melloras (RAM) para a totalidade dos centros públicos é de 7.150.000 €, que unicamente representa o 0,8 % do total do investimento a realizar pola Xunta de Galicia no 2018, o que resulta manifestamente insuficiente considerando o elevado número de edificios existentes e a súa antigüidade.

Con respecto aos orzamentos destinados ao Sistema Universitario de Galicia, seguen a moverse dentro dos marcos moi restritivos do novo Plan de Financiamento que non garante a suficiencia económica das universidades. Os fondos destinados as universidades practicamente se conxelan e polo tanto non ofrece ningunha solución aos seus problemas, entre eles un dos máis graves, a perda de profesorado e de persoal de administración e de servizos. De novo se incumpre a promesa de facer chegar o orzamento das universidades ao 1,5 % do PIB de Galicia.

No relativo aos fondos con destino a I+D nas universidades galegas, o aumento é moi cativo, sobre todo tendo en conta que as universidades

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

son os maiores axentes de investigación, representando como mínimo o 80 % do total da investigación en Galicia.

Polo que respecta á cultura e a lingua, seguen a ser, nestes orzamentos, as grandes esquecidas e marxinadas da acción política da Xunta de Galicia, cando constitúen a base da nosa identidade e da nosa Autonomía e consideración como Comunidade Autónoma.

Cabe recordar que os orzamentos para cultura descenderon un 50 % dende 2010 e para lingua baixaron un 70 %. Polo que o pequeno incremento deste ano (4,4 millón de euros para cultura e 586.000 euros para normalización lingüística) non resolverán ningún problema; e máis cando os capítulos de investimento real practicamente se conxelan.

Continúa o mantemento das importantes consignacións para a Cidade da Cultura, que significan case 10 veces máis que as dedicadas á rehabilitación do noso patrimonio e que segue a ser unha rémora para a nosa cultura. Fondos insuficientes para a protección do noso patrimonio, conxelación das aportacións a museos como o do Pobo Galego, conxelación das axudas aos concellos...

Fondamente continuistas ata nos seus erros, e así reflicten o nulo apoio as bibliotecas e a edición do libro galego, como o destinado a lotes fundacionais e adquisición de fondos bibliográficos, que manteñen conxelados os seus importes; e outras incluso descenden como as destinadas a actividades culturais e de animación a lectura e o mesmo pasa cos fondos dedicados a edición galega.

Igualmente se produce un abandono dos centros de produción de cultura: O centro Dramático Galego, O centro Coreográfico que seguen tendo uns orzamentos conxelados.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19926
Data envio: 08/11/2017 16:21:57.408

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

O orzamento de lingua segue a ser inaceptable, cunhas cifras que están moi por debaixo das de 2004, polo que a nosa lingua seguirá a estar igual de desatendida nun momento en que o seu uso está decaendo sen que a Xunta faga nada. Aínda se está á espera dese plan de fomento de uso do galego entre a mocidade que se leva prometendo dende fai anos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:59:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19949
Data envio: 08/11/2017 16:45:28.096

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10**, **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, **do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os Orzamentos de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, malia incrementarse a respecto das contas de 2017, afondan na mesma liña política seguida desde o ano 2009 non revertendo os recortes acumulados e a perda de postos de traballo destruídos durante a crise económica.

Neste senso, os Orzamentos para 2018 continúan blindando o ensino privado-concertado para o que a Xunta comprometeu máis de 1.500 millóns de euros nos próximos 6 anos mentres que a escola pública continúa padecendo as consecuencias da escaseza de persoal (nomeadamente na atención ao estudantado con NEEs) e de recursos públicos para facer fronte ás necesidades do alumnado e dos centros.

Así as cousas, a Consellaría abrangue moito máis que o ensino público e as grandes prexudicadas na actual estrutura son as áreas de Cultura e Normalización Lingüística que fican no proxecto de Orzamentos para 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19949
Data envio: 08/11/2017 16:45:28.096

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

absolutamente relegadas e sen un proxecto claro que as impulse e promova nun horizonte estratéxico.

Así pois, alén de non recuperar o orzamento perdido desde 2009, os seus programas evidencian que o Goberno galego non fixa entre as súas prioridades políticas pular pola cultura como un sector que podería, e debería, contribuír ao desenvolvemento económico do país. Tomando como exemplo o sector editorial e malia a perda de peso da edición en lingua galega que reflicten os estudos elaborados polo Consello da Cultura Galega e o Ministerio español de Educación, Cultura e Deporte, os Orzamentos para 2018 manteñen a mesma contía dirixida á promoción do libro en galego (432A) que no ano anterior e recortan outras como a dirixida ás corporacións locais para a adquisición de novidades editoriais en galego (-200 mil euros) ou as axudas a entidades sen ánimo de lucro para a promoción do libro e a lectura.

Unha decisión que contravén absolutamente a Lei 17/2006, do 27 de decembro, do libro e da lectura en Galiza que obriga o Goberno galego a adoptar as medidas correspondentes para mellorar, modernizar e pular polo sector editorial do país, nomeadamente en lingua galega, e naqueles ámbitos nos que a presenza do noso idioma é testemuñal ou residual.

Un obxectivo que fía co mandato legal e estatutario de promover e normalizar o uso da lingua propia de Galiza en todos os ámbitos. Obriga que tampouco recollen de maneira acaída os Orzamentos para 2018.

Neste senso, os programas dirixidos ao fomento da lingua galega, alén de insuficientes en termos orzamentarios, afondan na errática estratexia

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19949
Data envio: 08/11/2017 16:45:28.096

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desenvolvida nos últimos anos e que, ao abeiro dos estudos e datos oficiais publicados, non está a contribuír ao aumento do número de falantes habituais en galego nin á desaparición dos prexuízos e estereotipos que se manteñen sobre o galego, senón todo o contrario. Unha realidade que responde á falta dunha planificación estratéxica por parte do Goberno galego.

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:59:11

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19957
Data envio: 08/11/2017 16:46:32.986

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **sección 11**, **Consellería de Sanidade**, atendendo ás seguintes razóns:

A esquerda real denunciou dende o inicio a estafa en termos económicos e sociais que supuña a crise económica iniciada pola debacle dos poderes financeiros. Unha estafa, porque mentres a banca era rescatada con fondos públicos, mentres se nos esixía o recorte no investimento, o groso da poboación, a clase traballadora, sufría a progresiva eliminación dos dereitos laborais e dos dereitos sociais, pola vía dos recortes nos servizos públicos.

A Sanidade non escapou ás tesoiras liberais. Mais cando dende a dereita gobernante se preconiza unha exigua recuperación económica, esta non se traduce na recuperación do nivel de gastos en termos reais previos á crise, consolidando a perda de peso do gasto público e a persistencia na eliminación dos dereitos da clase traballadora.

Esta situación é evidente no orzamento sanitario. Respecto ao ano 2009, último previo ás grandes retalladas, o orzamento sanitario global perde 146 millóns en termos reais. Retalladas que sobre todo teñen afectado ao máis importante do sistema en termos organizativos, isto é a prevención e promoción da saúde e a atención primaria.

A focalización do groso da diminución dos orzamentos nestes dous aspectos é chave para entender o cambio de modelo sanitario, que transita dun modelo baseado na prevención, na promoción da saúde a un baseado no negocio en torno á atención especializada e os servizos relacionados coa mesma.

Ademais, tal e como ben denunciando o propio Consello de Contas, as partidas orzamentarias de diñeiro público destinadas a concertos coa privada, non só seguen a subir, este ano dous millóns máis, se non que adoptan un carácter estrutural no propio orzamento.

Escenifícase a perda dos dereitos sanitarios *per se* en canto á universalidade, equidade, etc nas contas económicas. E non recuperamos orzamento para aumentar persoal sanitario, nin mellorar as infraestruturas, nin tan sequera para recuperar programas básicos a nivel preventivo.

Neste senso, o estrangulamento da prevención e tratamento das drogodependencias segue patente, cunha partida insuficiente sen integración na rede pública e sendo cada vez máis opaco nos propios orzamentos ao non poder saber nin a que entidades se destinan as partidas orzamentadas neste concepto.

Non hai orzamento extraordinario para poñer en marcha o plan de saúde mental ou o plan galego do suicidio, quedando en pura propaganda do Goberno que non se vai a materializar na calidade do servizo para a cidadanía. Sucede o mesmo coa saúde sexual e reprodutiva e a saúde da muller, que fican sen novas partidas para repor os servizos recortados e levar a cabo melloras na atención, por exemplo a respecto da endometriose.

Tampouco figura partida algunha un ano máis que permita o desenrolo real da Lei 5/2015 de dereitos e garantías das persoas enfermas terminais. Así poderíamos seguir citando necesidades sanitarias que ficarán un ano máis desatendidas.

En resumo, estas contas non evidencian recuperación algunha. Todo o contrario. Consolidan os recortes e privatizacións de anos anteriores, consolidando polo tanto á súa vez a perda de dereitos da cidadanía en canto á

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19957
Data envio: 08/11/2017 16:46:32.986

protección e promoción da súa saúde individual e comunitaria. Por iso, En Marea solicita a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:35:49

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:31
Nº Rexistro: 19989
Data envio: 08/11/2017 17:31:46.330

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao "Servizo Galego de Saúde" coma organismo autónomo, Sección 11, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

Comprobamos nestes orzamentos, que a suposta recuperación económica á que tanto alude o Goberno, non ten reflexo real nas contas para o ano 2018. Os recortes en materia sanitaria acumulados dende o ano 2.009 non son recuperados, consolidando unha política de perda do gasto público no servizos sanitarios e polo tanto, unha perda de calidade nos mesmos.

Existen graves desordes no gasto farmacéutico, coma o incremento do gasto da farmacia de primaria a pesar dos recortes que teñen suposto os repagos ao abeiro do RD 16/2012 e da exclusión de fármacos de uso común da carteira farmacéutica. Desorde que se evidencia tamén nunha farmacia hospitalaria que se incrementa ano tras ano, sen que o Goberno aclare que parte de ese incremento é debida a novos fármacos.

Ao mesmo tempo e a pesares das denuncias feitas polo Consello de Contas, o SERGAS segue mantendo a mesma política orzamentaria que produce un desaxuste nas contas con partidas insuficientes nos capítulos de persoal ou o abuso de utilización do fondo de continxencia para contratacións temporais. Sen embargo, nin a elevada temporalidade, nin a amortización de prazas acometida en anos anteriores e que eliminou case 1.800 prazas de profesionais sanitarias e sanitarios vai acompañada de orzamento para poder ofertar novas prazas públicas. Asúmese con estas contas na man, que o Goberno non pensa mudar a súa política de persoal que ten suposto unha

perda da calidade asistencial e un empeoramento das condicións laborais no SERGAS.

A política en materia de infraestruturas tampouco mellora. A ausencia de partidas de fondos europeos deixa como resultante uns escasos 7 millóns de fondos propios a repartir entre os mesmos centros de saúde que xa foron incluídos na memoria dos orzamentos de 2017. Neste sentido, deixa novamente sen partida orzamentaria suficiente a outros centros comprometidos dende fai anos e mesmo con terreos á disposición da Xunta, coma é o caso do centro de saúde de Aldán- O Hío, o centro de saúde de Bouzas en Vigo e moitos outros que seguen agardando por partidas que non chegan.

Estas circunstancias evidencian, claramente, o desleixo na atención primaria. Nun país onde grande parte dos centros tamén precisan actuacións con urxencia e sen embargo, a partida para reparacións de 500.000 euros dificilmente chegaría para reparar as decenas de centros onde hai que actuar. Este desinterese fai pensar que este ano o Goberno galego tampouco fai facer nada para asumir, en acordo coa FEGAMP, a titularidade dun número aceptable de centros de saúde.

Tamén as partidas adicadas aos plans directores dos hospitais son escasas. En Pontevedra, tiveron que sufrir dúas lexislaturas de inacción, nas que o PP defendía un novo hospital PFI sen facer absolutamente nada, para que, finalmente, gracias á presión de profesionais e veciñanza se opte pola ampliación de Montecelo. Máis a partida volta a ser un ano máis insuficiente, xa que o concepto da partida atópase incluído no concepto de investimento en terreos e bens naturais, o que indica que no caso de ser executada, iría destinada a expropiación e elaboración dun novo proxecto.

Ademais, por terceiro ano consecutivo as partidas adicadas a pagar os canones do Novo Hospital de Vigo, supoñen unha merma orzamentaria importante e evidencian un modelo que aposta pola privatización, ben mediante xestión indirecta dos servizos, colaboracións público-privadas ou ben mediante

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:31
Nº Rexistro: 19989
Data envio: 08/11/2017 17:31:46.330

as derivacións directas a clínicas concertadas das que o Consello de Contas advirte novamente o seu carácter estrutural. En canto ás partidas que supoñen unha derivación directa de fondos públicos ou clínicas privadas, continúa a tendencia alcista e aumenta en dous millóns de euros máis respecto ao orzamento anterior. Unha obscenidade cando o Goberno e o propio Presidente trasladaron no propio Parlamento que estaban a diminuír dita partida, o que supón unha falta a verdade e a todas as galegas e galegos. Todo isto, amosa un contexto de lucro a costa do público que no caso do Novo Hospital de Vigo, vemos como a empresa concesionaria ten amortizado en catro anos un terzo da débeda da construción do hospital.

A modo de resumo, os orzamentos para 2018 non suplen os recortes efectuados en persoal, non supoñen novas infraestruturas sanitarias nin serven para mellorar a atención primaria. Pola contra, afondan no mesmo modelo de privatización, cun deterioro da calidade asistencial na pública, co incremento das partidas adicadas a concertos privados, co mantemento da colaboración PFI do NHV e con graves deficiencias en canto á planificación económica e organizativa do SERGAS. **Todos estes feitos fan que solicitemos a súa devolución.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:31
Nº Rexistro: 19989
Data envio: 08/11/2017 17:31:46.330

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:24:47

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:31
Nº Rexistro: 19988
Data envio: 08/11/2017 17:31:22.955

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sociedade Mercantil Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A., nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

Galaria SA é a actual herdeira do antigo MedTec (Instituto Galego de Medicina Técnica SA). A empresa, naceu para asesorar e traballar en torno ás innovacións e tecnoloxías sanitarias, pero perdeu cedo este exclusivo cometido, iniciando a provisión directa de servizos sanitarios que podería proporcionar o Servizo Galego de Saúde. É público que tanto MedTec coma Galaria foron foco de denuncia pública por opacidade e mesmo exceso no uso de certas probas de imaxe. A pesar disto a empresa e as súas competencias nunca foi traspasada ao Servizo Galego de Saúde.

Resulta incomprensible que, sendo unha das motivacións da existencia da empresa a innovación en alta tecnoloxía estea subcontratada polo SERGAS ao traverso dunha colaboración público-privada, o diálogo competitivo asinado con Philips e Varian para a radioloxía e radioterapia. Cabe preguntarse cal é a utilidade de manter Galaria como tal.

Tampouco hai motivos que avalen o seu mantemento para o resto de actividades, que poderían estar a prestarse dentro do sistema público, como a central de chamadas, o asesoramento, etc. Todo isto, tendo en conta que ademais a vía recadatoria nútrese con orzamento público.

Por todos estes motivos, entendendo que debera procederse á súa absorción polo Sistema Público de Saúde, solicitamos a devolución de estes orzamentos que a seguen mantendo coma Sociedade Anónima.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:31
Nº Rexistro: 19988
Data envio: 08/11/2017 17:31:22.955

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:08:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:30
Nº Rexistro: 19987
Data envio: 08/11/2017 17:30:54.923

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á "Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde" coma organismo autónomo, Sección 11, A1 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

Os entes paralelos, fundacións, empresas... téñense amosado opacos no económico e no organizativo. Motivo abondo de por si para facilitar a absorción dos mesmos dentro do Sistema Público, mediante unha xestión directa e transparente.

Sendo ademais os recursos públicos e traballando en teoría para o Sistema Público, non ten xustificación algunha manter organizacións paralelas para facer un traballo que se debería poder facer dende a mesma Consellería e Servizo Galego de Saúde.

A constitución da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento á raíz da aprobación da Lei 14/2013 viu a substituír á Fundación pública escola galega de Administración sanitaria. É dicir, non so se malogrou a posibilidade de integrar formación e investigación no sistema público, se non que se afondou máis nunha estrutura empresarial.

En Marea entende que os servizos sanitarios deben ser públicos e o máis transparentes posibles e atendendo a estas razóns, solicitamos a devolución de este orzamento.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:30
Nº Rexistro: 19987
Data envio: 08/11/2017 17:30:54.923

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:14:18

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19990
Data envio: 08/11/2017 17:32:16.408

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, á "Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos" coma organismo autónomo, Sección 11, A2 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

Os entes paralelos, fundacións, empresas... téñense amosado opacos no económico e no organizativo. Motivo abondo de por si para facilitar a absorción dos mesmos dentro do Sistema Público, mediante unha xestión directa e transparente.

Sendo ademáis os recursos públicos e traballando en teoría para o Sistema Público, non ten xustificación algunha manter organizacións paralelas para facer un traballo que se debería poder facer dende a mesma Consellería e Servizo Galego de Saúde.

En troques de ir modificando esta situación coa asunción progresiva de estes entes polo sistema público, a Xunta de Galicia continúa creando novos entes con estruturas empresariais.

A constitución da Axencia galega de sangue, órganos e tecidos da aprobación da Lei 14/2013 viu a substituír á Fundación pública Centro de Transfusión de Galicia, con diferentes atribucións.

Entendendo que a creación de novos entes resultan perniciosas e as súas tarefas deberan ser asumidas mediante xestión directa pública, **solicitamos a devolución de este orzamentos.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19990
Data envio: 08/11/2017 17:32:16.408

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:15:24

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19927
Data envio: 08/11/2017 16:22:11.221

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3.ª,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 11 – Sanidade e Sergas,** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 11 – Sanidade e Sergas.

O aumento global do orzamento da consellería na súa totalidade, se debe ao incremento das partidas que son estruturais e non alterables (subas salariais naturais do persoal, gastos ordinarios, …), pero no que corresponde ás partidas variables, que realmente dependen das decisións políticas e orientadas da propia consellería, as reducións evidencian uns orzamentos sen ambición. Así por exemplo decrecen os investimentos reais un 5,4 %, baixada que vén a engadirse á producida tamén nos orzamentos do ano anterior, cunha redución de máis dun 7 %.

Os orzamentos non reflicten ningunha variación significativa en termos de persoal, pois o aumento unicamente responde a cuestións de melloras salariais dos profesionais existentes, pero non á vontade de modificar a política de persoal ou da previsión dun plan de incorporación de profesionais. Pese a que é en termos de persoal onde se atopa o principal problema do sistema sanitario na actualidade. Pois o emprego existente é, en moitos casos, inestable e precario con contratacións de horas ou días, concatenadas de maneira eventual para desenvolver funcións estruturais, existindo xa sentencias xudiciais que condenan ao Sergas por esta cuestión. Ademais da precariedade existe un problema de falta de contratación, porque o sistema necesita máis

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

persoal para combater as listas de espera e poder dar a calidade asistencial necesaria.

No que corresponde ás infraestruturas, se repiten promesas e compromisos ano tras ano os que non se dan cumprimento. En moitos casos as memorias orzamentarias repiten literalmente cuestións comprometidas dun exercicio para outro (centros de saúde de Salceda de Caselas, A Estrada, Paderne de Allariz...por poñer exemplos; inicio das obras da Facultade de Medicina en Santiago...), pero que nunca se chegan a iniciar.

Hai un déficit nas infraestruturas fundamentalmente na Atención Primaria, sendo necesario un investimento profundo en centros de saúde e de atención asistencial que os orzamentos non prevén, pois apenas 8 millóns de euros para toda Galicia son insuficientes para todo o necesario neste ámbito.

Hai ademais uns compromisos a través dos orzamentos que non se comparte, como son os máis de 200 millóns de euros en atención sanitaria a través de medios privados, fundamentalmente para pagar os concertos cos hospitais privados para que asuman intervencións que na pública, pola saturación debida aos recortes, non se poden asumir nos tempos adecuados. Debera haber proxectos presupostados para mellorar a atención e a eficiencia que permitira reducir esas partidas progresivamente, mais pola contra, cada ano van en aumento estes fondos públicos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19927
Data envio: 08/11/2017 16:22:11.221

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:59:44

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19950
Data envio: 08/11/2017 16:45:36.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Sanidade e de todas as entidades públicas, instrumentais dependentes, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos son a plasmación do proxecto político do goberno que os presenta. Deberían servir para solucionar os problemas que ten a xente, deberían reflectir que o goberno toma nota de cales son os grandes problemas que ten a xente e actúa a través dos orzamentos para solucionalos.

Os problemas da sanidade pública en Galiza son o desmantelamento, listas de espera, privatización, insuficiencia de persoal, precariedade laboral, o anteproxecto de modificación da lei de saúde do 2008,

Os orzamentos de sanidade para 2018 son unha total continuidade é nada novo para a sanidade pública, é absoluto continuísmo.

Neste orzamento non se introduce ningún elemento para combater os graves problemas que ten a sanidade pública deste país.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19950
Data envio: 08/11/2017 16:45:36.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non se contemplan medidas destinadas a baixar as listas de espera, para solucionar o escándalo de persoas durante meses e anos agardando por unha cita para consulta ou proba diagnóstica e por unha intervención.

Sen un plan de choque na sanidade pública galega, coa situación actual, é imposíbel cumprir os prazos de 60 días para intervención cirúrxica e 45 días para consultas e probas diagnósticas, establecidos no decreto que aprobou recentemente o Consello da Xunta para cumprir coa Lei de Garantías e tempos máximos de espera.

Resulta evidente que o obxectivo e seguir derivando millóns de euros da sanidade pública á privada.

A saúde mental segue sendo a gran ausente nos orzamentos, partidas para entidades e asociacións, mais nada para dotar de recursos dentro da sanidade pública.

A pesares de ter presentado no Parlamento galego o 26 de setembro o Plan de Prevención do Suicidio en Galicia, non se contempla ningunha partida neste orzamento para poñer en marcha o mesmo.

Seguen destinándose grande cantidade de recursos para pagar prestacións sanitarias con recursos alleos, máis de 200 millóns, e máis de 65 millóns de euros, seguen indo a parar ás arcas do grupo empresarial que construíu o novo Hospital Álvaro Cunqueiro.

O persoal sigue a ser un dos damnificados, estes orzamentos non contemplan a recuperación dos centos de postos de traballo perdidos pola

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19950
Data envio: 08/11/2017 16:45:36.424

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

aplicación da taxa de reposición, nin recursos para atender as demandas de recuperación dos acordos asinados no 2008 e paralizados pola Xunta.

Atención Primaria segue sendo a esquecida, o orzamento medra a metade que especializada, sen aumento de persoal, cunha partida francamente raquítica para infraestruturas...

Non se contempla partida para o aumento de prazas Mir e Eir, para poder cubrir as prazas vacantes.

Por todas estas razóns solicitase a devolución dos orzamentos da Sección 11.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:59:27

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19958
Data envio: 08/11/2017 16:46:49.424

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 12**, **Consellería de Política Social dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

O ámbito das políticas que competen á Consellería de Política Social son fundamentais para facer fronte dende o sector público ao aumento dos problemas sociais tras anos de crise que non fixeron máis que aumentar a desigualdade social no noso País: en 2017 persiste unha situación dun 20% da poboación en risco de exclusión social e un 4% da poboación en pobreza severa. Ademais, persisten uns niveis de precariedade que alcanzan á metade da clase traballadora galega, unido á baixa contía das pensións galegas. Esta realidade social é máis negativa para as mulleres galegas que, ademais, son quen, de xeito maioritario, se ocupan dos coidados e de atender as necesidades sociais onde a Administración non chega.

O nivel de risco de pobreza e desigualdade sigue sendo inaceptable e, nese contexto, a Consellería de Política Social só ofrece “coidados paliativos” ante unha realidade que precisa políticas públicas moi potentes para o desenvolvemento dos sectores produtivos. Isto é así a pesares de que os Orzamentos da Consellería de Política social para 2018 aumentan a respecto de 2017 – a única Consellería que medra en termos reais dende 2009 (uns exiguos 83 millóns de euros) – pois prodúcese nun contexto de mantemento dos orzamentos da Xunta por debaixo do crecemento do PIB. Ademais, os programas de dinamización económica e promoción de emprego caen dende 2009, cando o emprego é o factor fundamental para rematar coa pobreza.

En canto á necesaria relación entre as políticas de emprego e a inclusión social, os Orzamentos van no sentido contrario de reforzar esta necesaria imbricación. Deste xeito, conxélanse as partidas para mercados laborais inclusivos e non se garante a financiamento dos tramos de transición ao emprego da RISGA.

Son uns Orzamentos continuístas que persisten nunha Renda de Inclusión Social (RISGA) que non garante a subsistencia material digna e que non vai permitir elevar as súa contía nin desenvolver axeitadamente os tramos de transición ao emprego que deben derivarse do Decreto que desenvolva a Lei de Inclusión Social, decreto que non se ten publicado antes da presentación dos Orzamentos precisamente para evitar unha translación orzamentaria do mesmo. Así, o orzamento para a RISGA só medra nuns 5 millóns de euros máis a respecto de 2017, pero queda por debaixo do orzamento final que a RISGA tivo en 2017 (62,9 millóns de euros) logo das modificacións orzamentarias que que experimentou a partida por ter que aumentar os seus fondos para atender a todas as solicitudes de axuda.

A dotación orzamentaria para novas prazas públicas en residencias e centros de día sigue a ser insuficiente, tendo en conta que en Galicia a rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de 65 ou máis anos é só de 3,06 prazas, sendo a quinta Comunidade Autónoma do Estado cunha rateo máis baixa. Precísase, asemade, aumentar as prazas en centros de día, fronte a aposta polos concertos con entidades privadas. Neste sentido, o plan “Coma na Casa”, das residencias de maiores nas sete cidades, está insuficientemente dotado e apenas chega para comezar a construción destes centros.

A dotación orzamentaria para novas prazas de Escolas Infantís da rede autonómica é notoriamente insuficiente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19958
Data envio: 08/11/2017 16:46:49.424

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

A situación social de Galiza fai preciso un sistema de protección social amplo e público, colaborando coas entidades sociais sen que esta colaboración leve aparellada a inhibición das políticas públicas de atención, para posibilitar o despregamento da atención social por todo o territorio galego, evitando a desigualdade de recursos sociais segundo a localidade de residencia. Neste sentido, son insuficientes os fondos para Educación Temperá, para prazas públicas residenciais en centros de atención á diversidade funcional (os fondos para o CAPD de Ourense son insuficientes), para un verdadeiro sistema galego de asistencia persoal e para programas de acollemento de menores.

Os Orzamentos de 2018 tampouco dan resposta ás necesidades de persoal que se precisaría para reducir as listas de agarda na valoración da discapacidade e dependencia, así como nos centros de Política Social, que é a Consellería que ten un maior volume de accidentabilidade laboral, practicamente a metade debida ao sobreesforzo de traballadores e traballadoras.
En canto aos Servizos Sociais Comunitarios hai unha conxelación das partidas, malia que son o piar fundamental para a atención e a educación social.

Polo exposto con anterioridade, **rexeitamos os orzamentos da sección 12 (Consellería de Política Social)** do Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018 e **solicitamos a súa expresa devolución** para seren reformados tendo en conta a necesidade de aumento dos seus recursos para atender as crecentes necesidades sociais do pobo galego, incluíndo a posta en marcha dunha verdadeira renda galega de cidadanía, no marco dun urxente plan de rescate cidadán.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19958
Data envio: 08/11/2017 16:46:49.424

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:39:19

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:30
Nº Rexistro: 19986
Data envio: 08/11/2017 17:30:06.658

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**,dos orzamentos do **Consorcio Galego de Servicios de Igualdade e Benestar dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

A Xunta de Galiza mantivo durante anos – até 2016 - ao persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar sen adscribir ao Vº Convenio Colectivo da Xunta de Galiza.

En 2014, a Xunta crea a Axencia Galega de Servizos de Igualdade e Benestar, coa finalidade inicial de asumir a xestión coordinada do Consorcio Galego, o que, finalmente, se desbotou, co cal o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar non se liquidou.

Deste xeito, en lugar de simplificar a Administración, continúa a duplicidade de entes coas mesmas finalidades.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ten como misión primordial “a participación na dirección, avaliación e control da xestión integral dos servizos sociais de ámbito local (centros de prestación de servizos sociais de atención primaria e especializados de ámbito local), con especial atención na xestión integral das escolas infantís e na atención educativa e asistencial aos nenos e nenas menores de tres anos na forma de recursos, equipamentos, proxectos, programas e prestacións, e no ámbito territorial dos municipios que o compoñen.”

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:30
Nº Rexistro: 19986
Data envio: 08/11/2017 17:30:06.658

Para 2018, o Orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar é de aproximadamente 76,5 millóns de euros, dos cales o 57,5% corresponden a gastos de persoal (44 millóns de euros aproximadamente) e o 4,7% a investimentos reais.

O lixeiro aumento en gastos de persoal a respecto de 2017 non garante a cobertura das necesidades de persoal que teñen os centros do Consorcio Galego de Igualdade e Benestar. De feito, prevese para 2018 un total de 2.056 empregados/as: só 90 máis aínda tendo en conta a previsión de apertura de novos centros.

Este aumento de persoal é insuficiente tendo en conta que falta persoal en centros de día, escolas infantís, vivendas comunitarias e oficinas, que a temporalidade e a accidentabilidade é moi elevada. O que cómpre é unha oferta de emprego pública adecuada ás necesidades. Ademais, o persoal de enfermeiría que traballa no Consorcio non pode facer as labores propias da profesión

Entre as inversións previstas, as escolas infantís de Mos, A Estrada e Paderne de Allariz, así como a reforma da escola de Pontedeume, xa figuraban como “o máis destacado no referente a inversión” no ano 2017, e só se prevé unha construción dunha residencia en Cerdedo-Cotobade, insuficiente tendo en conta que Galiza é a quinta comunidade autónoma do Estado con menor rateo de prazas residenciais por cada 100 persoas de máis de 65 anos (3,06 prazas).

Entre os obxectivos do Consorcio, o destinado a “reducir a violencia de xénero articulando unha resposta global e coordinada fronte a esta lacra” só ocupa un 0,5% do Orzamento total, que corresponde ao Centro de Emerxencia para Mulleres Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) de Vigo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:30
Nº Rexistro: 19986
Data envio: 08/11/2017 17:30:06.658

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Consorcio tamén xestiona os centros Quérote+, que para En Marea son insuficientes na súa extensión e concepción, pois precísanse centros específicos de formación e orientación afectivo sexual para a mocidade.

Por todo o esposto **solicitamos a devolución** deste apartado do proxecto de orzamentos da Xunta de Galicia .

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:18:02

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19928
Data envio: 08/11/2017 16:22:24.221

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3.ª,

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade** ao **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa a **Sección 12–Consellería de Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 12 – Política Social, Axencia Galega de Servizos Sociais e Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

O orzamento da Consellería de Política Social é insuficiente para combater un contexto de desigualdade que se consolida pola precariedade laboral, así coma un problema demográfico que lonxe de corrixirse se incrementa a pasos axigantados.

Con respecto á natalidade existe unha dramática fenda entre desexos e decisións que cómpre encher, debendo actuar sobre diversos factores (condicións laborais, conciliación, reparto das tarefas domésticas, dispoñibilidade de servizos, axuda á infancia) que non son considerados nestes orzamentos. Mentres as escolas infantís públicas seguen a ter importantes eivas de recursos humanos e materiais, e co anuncio da creación de novas escolas infantís que xa se recollían na memoria de orzamentos do exercicio orzamentario anterior.

En materia de xuventude, se reflicten unhas dotacións de catro millóns de euros por debaixo dos do ano 2009 e ademais, a través da chamada Lei de acompañamento, fanse reformas lexislativas neste ámbito que nada teñen que ver cos orzamentos, imposibilitando a posibilidade de debater nesta Cámara unha reforma da Lei de xuventude e sen ter en conta ás entidades que representan a mocidade, sen consulta previa, sen transparencia, sen cumprir os desexos de xeracións que reclaman dende

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

hai tempo máis participación na vida política e social deste país.

O conselleiro de Política Social repite constantemente que quere facer deste un país mellor para os nosos maiores, máis a análise das partidas orzamentarias son unha chamada á desesperanza. Todo elo cando segundo os datos da Rede Contra a Pobreza coñecidos recentemente, o 63 % das pensións que se distribúen en Galicia teñen un importe inferior ao limiar da pobreza, existe ademais unha brecha de xénero onde as mulleres saen claramente prexudicadas (de cada tres pensións que non chegan ao SMI, dúas cóbranas elas), ao que tamén se lle engade que as persoas xubiladas verán minguada a súa capacidade de compra polo maior aumento do IPC en relación aos seus ingresos. A pesares desta situación, os complementos para as pensións non contributivas consolidan o retallo de 1,3 millóns de euros do ano pasado, resultando a cantidade orzamentada para este fin totalmente insuficiente. Ademais, as axudas para gastos farmacéuticos, motivadas pola introdución por parte do PP do copago aos pensionistas, unha barreira económica pesada para moitas familias e imposible para algunhas, son un 23 % menos que no exercicio orzamentario anterior. Segue ademais sen recibirse a aportación do 50 % do Goberno de España para a dependencia, e sen devolverse os 150 millóns de euros de retallos introducidos no ano 2012 polo Goberno de Rajoy.

A suba do orzamento dedicado á RISGA, é unha mostra máis do fracaso das políticas sociais e económicas do PP, que ten un custe para a calidade de vida de milleiros de persoas, e ademais non cobren as necesidades de moitos galegos e galegas que lonxe de saír da situación de pobreza á que os levou a crise económica, consolidan esa situación incrementándose a desigualdade social. O desenvolvemento desta lei, imprescindible para adaptar a percepción das axudas a realidade laboral deste país, segue ademais estancada.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19928
Data envio: 08/11/2017 16:22:24.221

Dicir que este é un Goberno insolidario non é unha frase feita, xa que iso é precisamente o que nos indican os orzamentos: 8,4 millóns de euros que en 2009 para programas de solidariedade, así como para inclusión de minorías étnicas, que baixa de 2 millóns de euros a 65.920 euros.

En materia de discapacidade, continúan as vergoñentas listas de agarda para as valoracións, porque levase oito anos sen convocarse prazas de estes equipos, unha situación que non vai mudar no vindeiro ano posto que non hai orzamento en materia de persoal dedicado a incrementar o número de prazas de empregados públicos. Ratifícase o incumprimento da *Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade*, xa que a finais deste ano tiña que estar feito o plan de accesibilidade, e segue sen existir unha partida orzamentaria coa contía suficiente para que suprimir as barreiras arquitectónicas. Ademais segue pechado o CEGADI en Santiago de Compostela, cuxa apertura estaba prevista fai cinco anos, e consolídase o retraso nas obras do centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense para maiores de 21 anos, a única provincia que non conta cun centro destas características, xa que o orzamento de 300.000 euros, é totalmente insuficiente para cumprir cos prazos comprometidos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 11:59:56

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19952
Data envio: 08/11/2017 16:45:45.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, **da Sección 12, da Consellería de Política Social e de todos os seus organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Estes orzamentos preséntanse nun contexto onde a sociedade galega é agora máis pobre e desigual e a calidade de vida da maioría da poboación reduciuse. Os datos que que a saída da crise non está chegando a todos por igual, a fenda entre os ingresos dunha persoa pobre e o limiar da pobreza medrou e o emprego segue sen chegar aos fogares con baixa intensidade de traballo.

É esta é a situación na que teñen que actuar os orzamentos desta sección, para solucionar os problemas das miles de persoas en situación de vulnerabilidade ou exclusión.

Na actual situación de empobrecemento e desigualdade da sociedade galega a Consellaría de Política Social debería ser un verdadeiro piar para paliar as consecuencias que sofren as familias e as persoas. Nembargantes, non contempla actuacións que garantan realmente un camiño que mude a situación.

A aplicación da Lei de Dependencia en Galiza é claramente insatisfactoria, tanto para as persoas usuarias como para as que agardan unha

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19952
Data envio: 08/11/2017 16:45:45.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avaliación, que significa o recoñecemento á prestación, e para as que tras serlle recoñecido o dereito, agardan meses e anos a recibir as prestacións económicas ou os recursos aos que teñen dereito.

Mesmo sendo Galiza unha das comunidades máis envellecidas do estado, o gasto do sistema de dependencia por habitante é inferior á media Estado.

É preciso aumentar os recursos para rematar as listas de espera, para rematar co limbo da dependencia e incrementar o gasto público en dependencia ata chegar como mínimo ao gasto medio por persoa do Estado.

Estes orzamentos seguen a ser insuficientes para dar cobertura a todas as persoas que teñen recoñecido o dereito e non desfrutan da prestación nin para rematar coas listas de espera para as avaliacións. Non inclúe aumento do cadro de persoal, ni para este fin nin para rematar coas listas de espera da valoración da dependencia.

A protección e promoción social aumenta, máis non por un xiro social do Goberno galego, senón porque seguen a ser moitas as persoas en risco de exclusión social e por tanto con necesidade de solicitar a RISGA.

En Galiza o 62,7% das pensións que se perciben, é dicir unhas 474.000, teñen un importe inferior ao limiar da pobreza e delas, unhas 123.000, que supoñen o 16,3% do total de pensións teñen un importe por debaixo do limiar de pobreza severa. A isto hai que engadir que as de viudedade, percibidas maioritariamente por mulleres, as porcentaxes son do 80,7% as que teñen un importe inferior ao limiar da pobreza e 30,2% as que están por debaixo do limiar da pobreza severa. A pesares desta realidade non hai ningún aumento das

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19952
Data envio: 08/11/2017 16:45:45.267

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

partidas para o fondo extraordinario de perceptores de subsidios e pensións non contributivas,

Por todas estas razóns solicitase a devolución dos orzamentos da Sección 12.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 09:59:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19959
Data envio: 08/11/2017 16:47:09.033

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 13**, **Consellería de Medio Rural dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

As políticas da Xunta de Galicia para o noso Pais están contribuíndo ao despoboamento progresivo dunha parte moi importante do noso territorio.

Cada vez atopámonos cun acceso máis desigual das persoas aos servizos públicos en función da zona onde residan. Ademais, o modelo que se está pondo en práctica está con levando ao peche progresivo de explotacións agrogandeiras, e en moitas ocasións, as que permanecen abertas fano con moitas dificultades económicas para quenes as sosteñen.

A precarización e o aumento da siniestraliedade do traballo no sector primario é unha cosntante.

Estes orzamentos continúan na mesma liña que se demostra errada, que se leva pondo en práctica nos últimos anos, e resultan totalmente insuficientes e van ser incapaces de respostar a realidade na que nos atopamos.

Precisamos políticas que vaian na liña contraria as actuais, modificar o modelo por completo, pondo en marcha unha serie de medidas encamiñadas a reducir as desigualdades que se están fomentando nestes momentos, entre as persoas e as diferentes partes do territorio.

O fundamental para este obxectivo é ordenar axeitadamente o conxunto do territorio, e apostar activamente por non deixar aumentar o despoboamento das zonas rurais.

Hai sectores estratéxicos para o noso rural esquecidos nestes orzamentos. O sector lácteo precisa máis e mellores investimentos para poder afrontar as reformas estruturais que precisamos, para non verse afectado recurrentemente polas variables que marca o mercado. A cifra adicada este ano a dinamizar o séctor resulta claramente insuficiente.

Neste orzamentos diminúense partidas como a adicada a Dinamización económica do medio rural, cuestión que debería ser central para camiñar cara ese novo modelo, máis xusto e equitativo.

En canto a política forestal, a Xunta continúa sesgue apostando por favorecer o monocultivo de especies de rápido crecemento e de baixo valor engadido. Moi vencellado con esta cuestión, atópase a política en materia de prevención e extinción de incendios. Temos de novo, uns orzamentos que non procuran un único servizo totalmente público. Séguese elixindo ter un dispositivo moi fragmentando, coas consecuencias negativas derivadas desta elección, manifestadas de maneira moi explícita recentemente,

Pero o principal cando falamos de prevención e extinción de incendios, é a incapacidade da Xunta de Galicia por entender a transversalidade que debe ter a prevención. Esta, non pode ser entendida á marxe da necesaria dinamización do rural e da ordenación do noso territorio, senón que estes deben ser os piares básicos para miminizar os riscos e limitar as consecuencias dos lumes.

Outro dos problemas detectados no noso País, é a necesidade de aumentar a Superficie Agraria Util das explotacións agrogandeiras, para este obxectivo sería importante por en valor o Banco de Terras. Esta, podería ser unha das

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19959
Data envio: 08/11/2017 16:47:09.033

ferramentas máis útiles para este obxectivo, pero, de novo, a cifra adicada a esta partida é totalmente ridícula.

Por iso, sería fundamental por en valor de xeito real o Banco de Terras, que podía ser unha das ferramentas máis útiles para aumentar a Superficie Agraria Útil de moitas explotacións

Estes orzamentos non modifican a liña seguida nos últimos anos, e non van resolver os problemas que afronta o noso rural.

Por todo o exposto, solicitamos a devolución dos orzamentos da Consellería de Medio Rural para o ano 2018.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:39:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19981
Data envio: 08/11/2017 17:27:37.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Instituto Galego da Calidade Alimentario, Sección 13, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL) encárgase da promoción e da defensa da calidade alimentaria galega, unha labor de enorme relevancia para Galicia, un dos territorios do estado que desfruta dunha gastronomías máis variada. Entre as súas tarefas cóntanse a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico no sector alimentario. O INGACAL ten a obriga de desenvolver a investigación agrícola, gandeira e alimentaria; impulsar a innovación no rural e a transferencia tecnolóxica; e promocionar a calidade dos nosos produtos alimentarios.

Polas súas propias características, o INGACAL precisa dunha aposta decidida e constante pola investigación e pola posta ao día das súas ferramentas, algo que non se atopa nos orzamentos de 2018.

O presente ano, conxélanse partidas fundamentais como a de proxectos de investigación (193.760 euros), a de reforma de infraestruturas de centros de I+D+I (100.900 euros) e a de mellora de instalacións, maquinaria e utensilios de centros I+D+I (100.000 euros). Como espera o Goberno da Xunta que a industria alimentaria galega sexa competitiva cano nin sequera pula por mellorar o seu I+D+I? Unha actitude semellante só conduce ao estancamento e ao atraso.

Porque nós si que cremos na nosa gastronomía e nos produtos da nosa terra, **solicitamos a devolución do proxecto de orzamentos para o INGACAL.**

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:27
Nº Rexistro: 19981
Data envio: 08/11/2017 17:27:37.298

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:07:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:33
Nº Rexistro: 19993
Data envio: 08/11/2017 17:33:22.611

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da "**AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER)" da Sección 13 , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é un ente público da Xunta de Galicia que promove e coordina o desenvolvemento rural en Galicia.

Este desenvolvemento ten como finalidade mellorar a calidade e condicións de vida dos habitantes do medio rural ao tempo que contribúe á cohesión do territorio galego.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) foi creada para ser un instrumento para o fomento e coordinación do desenvolvemento no territorio rural galego para mellorar as condicións de vida e evitar o despoboamento dese territorio.

Agader elabora estratexias, planifica actuacións, coordina e xestiona recursos destinados ao desenvolvemento do medio rural. Como ente público xestor do programa Leader en Galicia realiza as tarefas de apoio e de seguimento e control dos programas executados polos Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR) no noso territorio.

Orzamento AGADER:

- Cap. I - Gastos de persoal: 3.294.000€
- Cap. II - Gastos en bens correntes e servizos: 635.000€
- Cap. VI - Investimentos reais: 148.000€
- Cap. VII - Transferencias de capital: 39.544.000€
- Total: 43.619 14,0

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:33
Nº Rexistro: 19993
Data envio: 08/11/2017 17:33:22.611

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Case todo o grosso da cantidade orzamentada (43M€) figura inscrito no capítulo de transferencias de capital. O investimento real proxectado, non chega o millón de € polo que se entende que, así, mal se pode incidir en reactivar a economía do rural galego e moito menos fixar a poboación no rural e evitar o despoboamento do agro galego.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, precisa por en marcha medidas inmediatas que poñan en valor un modelo rural vivo e dinámico, e que revertan o desmantelamento que

vén padecendo nas dúas últimas lexislaturas no marco dun Plan Estratéxico para o Desenvolvemento do Medio Rural Galego.

A aposta debe ser a economía agraria dos pequenos produtores e non proxectos que expolian o territorio galego.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:09:59

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19929
Data envio: 08/11/2017 16:22:40.892

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 13, Consellería do Medio Rural,** así como **o Fondo Galego de Garantía Agraria, e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 13 – Medio Rural, **Fondo Galego de Garantía Agraria e Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.**

A Consellería do Medio Rural presenta uns orzamentos para o ano 2018 que en ningún caso se pode considerar como orzamento expansivo e moito menos a base para lanzar o slogan da "Lexislatura do rural". Co dito orzamento só se poden facer políticas continuistas xa asentadas na consellaría polo tanto, pero sen acometer programas ou proxectos novos que poidan ilusionar ou dar esperanzas de que o eido rural vai experimentar un profundo cambio.

As partidas asinadas ao sector lácteo carecen dunha estratexia propia e diferenciada para uns momentos de grave crise no sector, pois as cifras dedicadas á promoción do sector lácteo son insignificantes e o peche de explotacións segue evolucionando de xeito imparable. Segundo datos do ministerio, no presente ano lévanse pechado 269 ata agosto e moi probablemente remate o ano con case 400 explotacións menos, no que na práctica vén a desmentir a propaganda da consellaría en canto a novas incorporacións -boa parte delas simples cambios de titularidade- apertura de explotacións e expansión do sector.

O volume de orzamento destinado a prevención e extinción de incendios forestais segue incidindo no modelo xa sobradamente demostrado máis caro e menos eficaz que vén desenvolvendo a Xunta de Galicia. Un modelo que segue primando a extinción en detrimento da prevención e que segue apostado polas políticas de extinción que

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19929
Data envio: 08/11/2017 16:22:40.892

amosan incapacidade diante dunha vaga de lumes en vez de apostar seriamente polas políticas de prevención.

Nun dos problemas estruturais como é a mobilidade de terras, paralizado na práctica por este Goberno nos últimos anos, non se percibe tampouco neste orzamento unha aposta clara e contundente. Se ata agora o problema era a lexislación, a entrada en vigor da nova Lei de mellora da estrutura agraria non trouxo consigo o apoio orzamentario previsto, tal e como ser desprende tamén das previsións coñecidas para o ano 2018.

Os orzamentos tampouco contemplan ningún tipo de avaliación, emenda ou corrección sobre erros cometidos en anos anteriores, nin ningunha adaptación a circunstancias excepcionais, non deixando de ser un mero trámite administrativo coa única diferenza da dispoñibilidade dos fondos europeos correspondente ao novo período 2014-2020 do PDR, onde unha cantidade moi importante queda sen executar.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 12:00:03

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19953
Data envio: 08/11/2017 16:45:53.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13**, **Consellería de Medio Rural, Organismos, Consorcios, Entidades, Fundacións e Sociedades Públicas dependentes desta, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos para o 2018 tampouco van ser os do rural. A decepción agardada faise patente. Faise por tanto visible, unha vez máis, o abandono e esquecemento que a administración fai do medio rural, da súa xa escasa poboación e da súa economía.

Con este abandono consolídase a desestruturación do País dos galegos, deixándoo sen soberanía alimentar á mercede da eucaliptización, do monocultivo intensivo do leite e da desertización.

Non é esta a letra da canción dos orzamentos que a propaganda do PP entoa, pero o cumprimento dos pasados en materia de fixación de poboación a súa execución a 30 de setembro era dun 6,26% que posto en números de verdade supón unha execución de 2.436.197 euros de 38.929.546 euros orzamentados para tal acción. A música da canción orzamentaria do PP é ben diferente da letra. A canción non é agradable ó oído e neste caso é lesiva para Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19953
Data envio: 08/11/2017 16:45:53.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Bloque Nacionalista Galego partimos dunha análise da realidade do rural galego que vai en declive. Declive poboacional, declive acusado na actividade económica, declive esaxerado na actividade produtiva e invasión e forestación de terras agrarias e de monte tradicional. Esta situación arrastra ás xentes que quedan no rural a unha desesperación e falta de horizontes de futuro que supón un perigo para a boa saúde colectiva dos galegos.

Desde esta realidade obxectiva, os orzamentos para o rural que o Bloque propón pasan ineludiblemente por elaborar, orzamentar e poñer en práctica un **Plan Integral Plurianual de Desenvolvemento Rural** que active a economía do rural orientándoa a producir, en cantidades cada vez máis significativas, nun proceso progresivo, alimentos de calidade, potenciando o mercado destruído, poñendo terra agraria a disposición dos mozos/as que se queiran incorporar, dinamizando e prestixiando a actividade agrícola e gandeira de produción alimentaria coa meta non só de frea-la caída demográfica, senón mesmamente de inverter o proceso fixando poboación nova.

Incentiva-lo cooperativismo e as microempresas que poñan en valor o minifundismo patente superando as súas carencias e dando valor social e económico ás potencialidades dos nosos microclimas, dos nosos solos agrícolas e á sabedoría ancestral dos nosos campesiños dando así servizo e utilidade á sociedade rural, hoxe en forzado declive demográfico e económico con fondas fracturas culturais de relación e estrutura, recuperando así, este maltreito sector primario, a presenza e o protagonismo perdido a respecto da estrutura social do seu País de referencia: Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19953
Data envio: 08/11/2017 16:45:53.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dentro deste **Plan Integral Plurianual** merecería especial atención o Bantegal, abandonado nestes orzamentos e nos de pasados anos cuns exíguos 87.000 euros. Esta especial atención pasaría por dotalo dun orzamento suficiente que supere a inanición do mesmo e que o converta no instrumento estrela que nun prazo de cinco anos poña a disposición dos gandeiros un mínimos de 150.000Has. de terra para muda-la tendencia á intensificación das explotacións lácteas e cárnicas, dependencia de insumos esóxenos, peche de unidades por escasa ou negativa rendibilidade, e dotar así de base territorial suficiente que abarate costes de produción e dea características de especial calidade ós produtos lácteos galegos reforzando e dando prestixio á súa presenza nos mercados estatal e internacional.

Este Banco de Terras proporcionaría superficie agraria útil a aquelas novas incorporacións á actividade agrogandeira que non conten con terras de labor de seu.

Dentro deste Plan Integral desde o BNG falamos da imperiosa necesidade de ordenación do territorio devolvéndolle ó noso monte a multifuncionalidade perdida e orientando a súa produción forestal á diversidade con madeiras de ciclos medios e longos que garantan a sostibilidade do mesmo e freen e invistan o caos provocado polo *"todo vale"* e a eucaliptización poñendo así freo ás vagas periódicas de lumes catastróficos, a erosión que provocan e o gasto inxente (1/3 do orzamento total aproximadamente da Consellería) no dispositivo de extinción.

Esta reorientación irá incardinada nunha nova política forestal orientada a supera-los atrancos que supón para o desenvolvemento do noso monte a

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19953
Data envio: 08/11/2017 16:45:53.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

atomización da propiedade condonando as mal chamadas débedas históricas, abrindo liñas sinceras de colaboración e incentivación dos Montes Veciñais en Man Común nas súas modalidades de propiedade xermánica e romana de cara a unha explotación multifuncional sustentable.

Así mesmo onde a propiedade privada atomizada impida unha ordenación razoable e unha explotación rendible, o goberno de Galicia desenvolverá as UXFOR como modelo de ordenación e aproveitamento multifuncional do monte acorde ó noso medio e ás características da propiedade nunha boa parte do territorio de Galicia.

Faise absolutamente necesario redefinir o dispositivo de prevención e loita contra os incendios forestais, apostando pola prevención ao longo de todo o ano. Un dispositivo integrado na súa totalidade no sector público autonómico, incrementando o período de contratación das brigadas de persoal fixo-discontinuo que actualmente teñen contratos de 3 meses como mínimo a 9 meses e eliminando as brigadas municipais. Un dispositivo estable, homologado e formado, isto é, profesionalizado e efectivo.

Uns orzamentos que crecen un escaso 3,5 non son os do "*segundo ano do rural"* nin abren horizontes de esperanza , moito menos cando a 30 de setembro o grao de execución dos mesmos era dun exíguo 34,4%.

Son por tanto uns orzamentos que agravan o declive do rural e a súa entrega a unha espoliación crecente e a unha dilapidación das súas potencialidades produtivas e de estabilidade social e económica.

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:45
Nº Rexistro: 19953
Data envio: 08/11/2017 16:45:53.908

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todas estas razóns solicítase a devolución dos orzamentos da Sección 13.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2018

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 08/11/2017 10:18:40

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19961
Data envio: 08/11/2017 16:47:24.924

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución**, da **Sección 14**, **Consellería do Mar dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Estamos ante uns orzamentos que crecen pero sen atender ás necesidades reais do sector, que está afrontando nos últimos anos unha posición de desventaxa.

Aos problemas derivados do saneamento integral das Rías, que segue sendo unha tarefa pendente, súmanse tamén os que supón a aplicación desigual das normas europeas en materia de pesca fronte a outros territorios e mesmo estados.

Neste escenario, bótanse en falta partidas orzamentarias destinadas a indemnizar ás traballadoras e traballadores do sector, por causas alleas ao mesmo, que poñen en perigo a continuidade en moitos casos, do sector. Exemplos hai moitos…

O pasado mes de outubro vivimos o peche da ría de Muros e Noia polos efectos da toxina. Ese peche motivo que 1500 mariscadores á boia e a pé non puidesen levar un mínimo sustento á súa casa.

Esta é unha situación que vén repetindo nas nosas rías, por exemplo na ría do burgo na Coruña; nesta ría debido a súa dramática situación se aprobou a Resolución de 11 de setembro de 2017, da Secretaría de Estado de Medio Ambiente, pola que se formula declaración de impacto ambiental do proxecto

Dragado Ambiental dos Sedimentos da Ría de O Burgo (A Coruña). Esta resolución aproba indemnización para os mariscadores e mariscadoras da ría pola execución da dragaxe porque lles imposibilita ir a traballar.

É algo que vivimos en todas as rías baixas cando o pasado mes de marzo pecháronse 21 polígonos mexilloeiros e prohibiuse a extracción de molusco en seis das doce zonas bateeiras de Vigo, na de Baiona, as oito de Pontevedra e seis de Arousa.

Ou o que vivimos en abril en amplas zonas da costa dá morte onde só salvouse a ría de Corme-Laxe e a contorna de Baldaio, en Carballo. Sen embargo, esas mesmas rías non se salvaron pouco despois e tamén tiveron que pechar ao igual que a de camariñas.

Temos que engadir a iso a lentitude moitas veces da administración, e que os peches se realizan despois das xornadas de traballo o que leva aparexado xa non só a falta de beneficios senón tamén os gastos dos propios mariscadores que na súa gran maioría son autónomos do mar.

O cambio climático converteu en impredecible o marisqueo, e non podemos permitir que esa situación se transforme en angustia para os nosos mariscadores, polo que solicitamos que se cre unha partida destinada a rescatar en caso de peche, e dar seguridade xurídica á xente que traballa e vive do noso mar.

Tamén é escasa ou inexistente, a aposta orzamentaria para a modernización, mellora, potenciación e eficiencia das artes tradicionais que permitan a estas, de acordo coas directrices da UE, dar o paso e gañar o peso necesario dentro do modo de explotación dos nosos recursos mariños.

Son uns orzamentos que non contemplan un escenario que se está dando no referente ao Brexit e o futuro da frota e profesionais afectados polo mesmo.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:47
Nº Rexistro: 19961
Data envio: 08/11/2017 16:47:24.924

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Por todo isto rexeitamos os orzamentos da Consellería do Mar e solicitamos a súa devolución.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 16:40:31

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19991
Data envio: 08/11/2017 17:32:39.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, ente público **Portos De Galicia** sección 14, **dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** atendendo ás seguintes razóns:

Estes orzamentos teñen unha clara aposta pola ampliación de infraestruturas e a atracción de novo tráfico de mercadorías cun incremeto de ata un 21% nas partidas destinadas a tal fin. Cremos que isto é necesario, pero da man da cooperación e creación de sinerxias entre os distintos portos: unha cooperación e ordenación dos servizos lóxica. Consideramos necesaria a creación dun estudo previo a fin de optimizar as infraestruturas e sobre todo o roles que cada porto debe asumir. Entendemos que existe un alto risco de competencia contraproducente entre Portos que deberían colaborar buscando sinerxias e optimización dos recursos.

Botamos en falta a previsión de fondos nestes Orzamentos para obras e mantemento enfocado á prevención de futuros danos a maiores para o exercicio de 2018.

Varias das obras enumeradas no orzamento para executar no 2018, xa estaban nos orzamentos de outros exercícios. Posiblemente o propio clima impida o desenvolvemento de moitas delas, como xa aconteceu no pasado, polo que ese incremento nun 57% na partida destinada a reparación e mellora das instalacións portuarias non poida ser executado na sua totalidade.

Está recoñecida a merma económica que os estragos dos temporais, ou a falta de adecuación dalgunha infraestructura, ven xerando aos traballadores do

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19991
Data envio: 08/11/2017 17:32:39.455

sector. Paliativamente debería contemplarse nos orzamentos este tipo de cuestións a futuro.

A Lei de Portos de Galicia posiblemente ten moito que ver con estes orzamentos, nos que se está a tratar de dotar de facilidades aos diferentes Portos para facelos mais atractivos para os inversores. Creemos na necesidade de mellora, pero poñendo por diante a prestación pública de servizos frente á atracción de empresas privadas.

No referido ás redes de servizos (sumistracion de electricidade) deberíase orzamentar adecuadamente para desenvolver solucións ao "cool ironing", imprescindible para minimizar o impacto da contaminación acústica, ambiental e sonora nos núcleos urbanos de moitos portos do pais. A solución non pasa por crear instalacións e xeradores baseados no GNL para xerar electricidade para os buques nas instalacións portuarias. Debe buscarse o modo de que esto non proveña de enerxías fósiles e contaminantes.
Por último unha vez mais os orzamentos esquecen as inversións necesarias para atender ao sector pesqueiro artesanal do país, fortemente discriminado en canto a atención das necesidades destes profesionais con respecto a outros sectores de frota, sobre todo a deportiva.

Por todo o exposto solicitamos a devolución do orzamentos de Portos de Galicia.

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:32
Nº Rexistro: 19991
Data envio: 08/11/2017 17:32:39.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:23:34

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:44
Nº Rexistro: 19997
Data envio: 08/11/2017 17:44:19.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara**,** presenta a presenta a seguinte **emenda á totalidade**, do ente público **Instituto Tecnolóxico para o control do Medio Mariño INTECMAR (sección 14) , dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2018,** polas seguintes razóns:

O sector do Mar en Galicia é hoxe un elemento fundamental na conformación da riqueza do noso país, por iso a necesidade de dotarse de ferramentas útiles para garantir a calidade dos nosos produtos do mar e analizar e mellorar a situación das nosas Augas debe ser un obxectivo fundamental de calquera goberno responsable.

Dende en Marea botamos en falta, unha aposta polo desenvolvemento deste prestixiado instituto, mediante os incrementos orzamentarios necesarios que permitan investigar mais e mellor sobre a situación das mareas vermellas, coñecer mellor as súas causas e mellorar as predicións anticipandonos mellor as súas consecuencias.

Compre establecer mais liñas de investigación sobre os parásitos que afectan os nosos produtos marisqueiros, e recoñecer as causas e as solucións, mellorar polo tanto a produción científica e a colaboración con institutos similares en calquera parte do mundo, isto hoxe con este orzamento non é posible.

Poro todo isto solicitamos a devolución do orzamento do INTECMAR.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 17:44
Nº Rexistro: 19997
Data envio: 08/11/2017 17:44:19.455

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 08/11/2017 17:42:17

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:30
Nº Rexistro: 19930
Data envio: 08/11/2017 16:22:58.533

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa da Comisión 3ª

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte emenda á totalidade do **Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018**, relativa á **Sección 14, Consellería do Mar e Portos de Galicia** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 14 – Mar e Portos de Galicia.

O proxecto de orzamentos resulta decepciónante e continuísta, sen contar ademais ca mínima transparencia exixible en canto á información dispoñible. Para acadar os obxectivos establecidos na Memoria non se dotan as partidas orzamentarias suficientes, o que pon de manifesto a falta de vontade política do Goberno galego de cara a afrontar os novos retos aos que se enfronta o sector pesqueiro, tanto para adaptarse ás esixencias do contexto internacional como para converter un dos sectores máis importantes da economía galega en estable e competitivo, que xere emprego, mellore a situación e as condicións das xentes do mar. Polo que se bota en falta unha maior implicación política de cara a defender os intereses dun sector con tanto peso económico en España, en Galicia e en Europa.

Igualmente o proxecto de orzamentos constitúen unha invitación por parte da Xunta de Galicia a abandonar o sector da pesca e do marisqueo, reducindo partidas orzamentarias que teñen por obxecto a seguridade, formación, calidade dos produtos e axuda a pescadores mozos e mozas.

En canto a I+D+i, destinan unicamente un 3 % do orzamento para acadar o obxectivo no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, de fomentar o sector primario, baseado na innovación e na calidade do produto galego, para fixar a poboación ao medio rural. Tampouco contempla medidas suficientes para a eficiencia enerxética das

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

embarcacións, nin para a mitigación do cambio climático a pesar dos efectos inminentes que está a ter na pesca.

A formación perde peso respecto aos orzamentos totais un ano máis. Diminuíu en 2017 e volve facelo no ano 2018, resultando contraditorio xa que establécese un número de persoas que se beneficiarán do programa, moi superior ao do ano anterior, pero non obstante, non se dotan máis fondos.

Non dan resposta aos problemas actuais do sector marisqueiro, tales como: a necesidade de rexeneración das rías, a dramática situación propiciada pola caída de capturas nos bancos de libre marisqueo. Nin dragados nin sementeiras, nin actuacións contra os depredadores, nin novos estudos que tiren algunha consecuencia sobre as causas de mortalidade dos bivalvos e como actuar contra deles.

Aos motivos de rexeitamento tamén poden ser aplicados en boa medida ás cuestións relativas aos portos galegos, con referencias a realizar novamente as mesmas obras, que se repiten ano tras ano, pero non se avanza cara a outros investimentos importantes que non están recollidos.

Pazo do Parlamento, 08 de novembro de 2017

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/11/2017 12:00:11

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/11/2017 16:46
Nº Rexistro: 19955
Data envio: 08/11/2017 16:46:02.596

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

